



# Un proxecto de país

Eleccións galegas

18F · 2024

---

**Sumar**  
Galicia



Este documento que tes nas túas mans é un proxecto de país para a próxima década. É a Galicia que queremos construír colectivamente para vivirmos mellor. É un programa de goberno ambicioso para cambiar a historia deste país.

Fronte a 14 anos de desgoberno, mentiras e manipulacións, asumimos a urxente e imperiosa obriga de converter Galicia nun país a favor, nun referente para facer que as vidas non doan, que sexan mellores. Este é un programa enfocado a construírmos colectivamente benestar, certezas e xustiza social. Un documento que recolle o noso compromiso de poñer en marcha políticas valentes que permitan ás galegas e galegos vivirmos sen angustia e sen temor, que melloren as condicións materiais de vida da cidadanía para sermos máis libres e que aporten certezas democráticas para afrontar o futuro con esperanza.

Un proxecto de país feminista e que sitúa os coidados no centro. Que entende que a xustiza social pasa tamén por coidar e coidarnos, por construír condicións de dignidade colectiva que permitan que cada quen poida desenvolver os seus proxectos de vida en liberdade.

En Sumar Galicia queremos gobernar este país. E queremos facelo con ambición, porque construír un país con futuro non é unha tarefa abstracta, senon que pasa por poñer en marcha políticas concretas. Queremos poñer a nosa experiencia de goberno ao servizo das galegas e dos galegos sendo a panca que empurre ao novo goberno da Xunta cara a posta en marcha de políticas públicas útiles e cara a inauguración de novos dereitos de cidadanía que fagan deste un país onde todo o mundo queira vivir, coa tranquilidade de facelo en liberdade.

As galegas e galegos somos brillantes. Galicia é un país brillante. Só precisa dun goberno valente, innovador e comprometido coa transformación política, económica e social que precisamos. Non se trata só de que o goberno do PP nos deixe un país cos servizos públicos privatizados, sen industria, caótico e sen ambición. Tampouco se trata só de pensar o país en grande. Trátase dun compromiso ético e da convicción de que paga a pena construímos ese futuro mellor. Porque queremos ser vangarda. Queremos transformar a realidade poñendo en valor a Galicia urbana, dinámica e diversa que xa somos. E queremos facelo sen deixar a ninguén atrás.

O vindeiro 18 de febreiro, as galegas e galegos temos na nosa man facer posible o que moitos din que é imposible. Xa o fixemos o pasado 23 de xullo, cando derrotamos a barbarie grazas a unha mobilización histórica. E farémolo tamén aquí, no noso país.

Este programa electoral foi realizado de maneira participativa a través dun intenso proceso de escoita coa cidadanía, con sectores profesionais, asociacións, sindicatos, inscritos e inscritas; impulsado politicamente pola comisión promotora de Sumar Galicia e vehiculizado a través de cinco grupos de traballo, coordinados por expertas e expertos nas diferentes áreas. O resultado deste proceso permite agora imaxinarmos un futuro mellor.

Sabemos que en Galicia xa existe unha maioría progresista. Unha maioría que, se vota o vindeiro 18 de febreiro, fará posible que deixemos de imaxinar ese futuro para pasar a construírmolo desde a Xunta de Galicia.

**Marta Lois**

# Índice

<b>Un proxecto de país para todas as persoas</b>	<b>6</b>
Feminismo	7
Dereitos LGBTQ+	10
Políticas sociais	13
Familia e infancia	16
Coidados	18
Migracións	21
Sanidade pública	24
Mocidade	28
<b>Un proxecto de país con futuro propio</b>	<b>29</b>
Cultura	30
Lingua	34
Patrimonio e memoria	37
Educación	39
Universidade	44
Deportes	47
<b>Un proxecto de país laborista</b>	<b>50</b>
Emprego	51
Economía social	55
Industria e empresa	59
Innovación e ciencia	63
Medio rural	66
Economía do mar	70
Comercio e turismo	73
<b>Un proxecto de país vivo</b>	<b>76</b>
Planificación do territorio	77
Axenda urbana	78
Usos do solo	80
Vivenda	82

Mobilidade	85
Transición enerxética	87
Medio natural e biodiversidade	89
Emerxencia climática	92
Benestar animal	93
Sostibilidade	95
<b>Un proxecto de país ambicioso</b>	<b>97</b>
Autogoberno	98
Democracia e participación	99
Financiamento e fiscalidade	101
Acción exterior e cooperación	104
Sociedade da información	107
CRTVG e o audiovisual galego	108
Seguridade pública e emerxencias	110
Municipalismo	113

**Un proxecto de país  
para todas as persoas**

---

**Sumar**  
**Galicia**

# Feminismo

O feminismo ten como obxectivo a plena igualdade e define as políticas que propón Sumar Galicia para mellorar a vida de todas as persoas no noso país. Trátase dunha teoría política e dun movemento social que está a demostrar a súa capacidade tanto para mobilizar como para cambiar as estruturas e representacións sociais. É a revolución máis significativa que a nosa sociedade está a vivir no século XXI, capaz de transformar as bases e fundamentos da sociedade na que vivimos. Cremos nun feminismo interseccional, antirracista e anticapacitista, que reforce a súa alianza histórica coa loita do colectivo LGBTIQ+.

## 1. Galicia Territorio das Mulleres

A perspectiva de xénero que propón o feminismo impregnará toda a nosa acción de goberno, que integrará as cuestións de xénero de maneira transversal. Ampliaremos o orzamento destinado a políticas de igualdade até o 1% das contas públicas galegas e poremos en funcionamento equipos de igualdade en todas as consellerías para incorporar de xeito eficaz a transversalidade en toda a estrutura da administración galega.

## 2. Creación da Consellería de Igualdade

Para alcanzar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, crearemos a Consellería de Igualdade para garantir os dereitos de todas as mulleres con independencia da súa orixe, cor de pel, diversidade funcional ou condicións de saúde mental. Unha consellería que marcará o horizonte dunha Galicia inclusiva e diversa onde se garantan os dereitos das persoas LGBTIQ+ e que corrixa os desequilibrios actuais e fomente unha sociedade máis igualitaria.

## 3. Plan contra as violencias machistas

Desenvolveremos unha planificación integral de políticas para acabar coa violencia machista e, en particular, cos feminicidios e cos delitos sexuais. O obxectivo é acadar unha Galicia libre de violencias machistas. Avaliaremos a eficacia das medidas en vigor e levaremos adiante novas actuacións como o reforzo dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), e da Rede de acollemento, aplicando un novo enfoque empoderador e construíndo novas estruturas baseadas nel.

## 4. Duplicar o orzamento e remodelación dos CIM

En Galicia hai 313 concellos e só 84 Centros de Información á Muller (CIM). Abriremos novos CIM e crearemos unha verdadeira rede que poida chegar a todas as mulleres independentemente de onde residan. Ampliaremos os perfís profesionais que traballan neles de xeito que estén compostos por equipos multidisciplinares que garantan unha atención integral ás mulleres e aos seus fillos e fillas. Ampliaremos o horario de atención para que calquera muller poida recibir axuda no momento que a precise e atender as situacións de emerxencia cando se produzan. Dotarémolos de persoal especializado (xuristas, psicólogas, traballadoras sociais, educadoras sociais e técnicas de igualdade, entre outras) con formación continua en violencia sexual, vicaria

e económica. Para todo isto, duplicaremos o seu orzamento ata atanguer os 9 millóns de euros anuais.

## **5.Reformulación da rede de acollemento**

Reformularemos a rede de acollemento para que sexa un servizo que vaia alén dun espazo para vivir con seguridade mentres transcorre a parte máis dura deste proceso na vida das mulleres e das súas fillas e fillos. Ademais desta atención continuada e dunha rede de equipamentos suficientes, é preciso que existan programas de atención integral e acompañamento socioeducativo para mulleres e para menores residentes que favorezan a súa reincorporación á vida plena, polo que se incorporarán outros perfís profesionais que garantan unha atención integral e a cobertura das necesidades.

## **6.Vivendas de transición para mulleres**

Contaremos, no parque de vivenda público, con vivendas de transición á vida autónoma de mulleres vítimas da violencia machista. Para poderen dispor dunha residencia propia na que iniciar unha nova vida ao tempo que dispoñen de servizos de orientación, acompañamento psicolóxico e inserción laboral especializados. A xestión das vivendas poderá ser transferida aos concellos ou deputacións mantendo o financiamento por parte da Xunta de Galicia.

## **7.Protocolos de actuación contra a violencia machista**

Aplicaremos protocolos de actuación diante de casos de violencia machista en todos os organismos públicos e servizos de emerxencias e seguridade. Nesta liña, cos novos protocolos será obrigatorio, por exemplo, incorporar criterios sociais nos partes de intervención para poder detectar con rapidez situacións de vulnerabilidade social. Estes protocolos serán específicos no caso da protección das vítimas da trata que denuncian.

## **8.Agresións sexuais no ocio nocturno e centros de atención de crise 24 horas**

Acordaremos coas Asociacións de Hostalaría e cos colectivos feministas de todo o país un protocolo contra as agresións sexuais no ocio nocturno, no que incluiremos medidas para tornar máis seguros os campus universitarios, o transporte público e outros espazos das cidades e vilas galegas. Colaboraremos cos concellos para que se instalen “puntos lilas” de atención contra as violencias nas festas. Crearemos ademais centros de crise de atención integral 24 horas contra a violencia sexual nas sete cidades galegas.

## **9.Lei Galega de Saúde Sexual e Reprodutiva**

Degorraremos a Lei 5/2010 e aprobaremos unha nova Lei Galega de Saúde sexual e reprodutiva, que recuperará a rede de COFs e as funcións e profesionais necesarios, tratando a saúde sexual e reprodutiva das mulleres e non só promovendo o asesoramento aos colectivos máis vulnerables na atención sociosanitaria, con servizos integrais relacionados coa sexualidade desde o punto de vista sociosanitario.



## **10. Dereito ao aborto e protocolo contra a violencia obstétrica**

A través desta nova lei, garantiremos o dereito a abortar na sanidade pública e un protocolo específico contra a violencia obstétrica para facer que se cumpran os dereitos ao bo trato no parto e nacemento e se respecten as decisións das mulleres. Unha lei que amplíe a cobertura da reprodución asistida e reduza as actuais listas de agarda.

## **11. Acabar coa fenda salarial**

O feito de que as mulleres galegas cobren, de media, o 20% menos de salario ca os homes por traballos de equivalente valor, colócaas nunha posición de maior precariedade e vulnerabilidade económica. Asumimos o compromiso coa premisa de igual salario por traballo de igual valor polo que, para rematarmos con esta discriminación laboral das mulleres, impulsaremos iniciativas contra a fenda salarial, como o fomento de plans de igualdade nas empresas.

## **12. Paridade nos organismos públicos e privados**

Garantiremos a paridade nas comisións e organismos públicos ou mixtos, tendendo ao mesmo número de mulleres e homes. Ademáis, aprobaremos unha bonificación no imposto de sociedades para aquelas empresas que, co domicilio social en Galicia, funcionen con consellos de administración que sexan paritarios.

## **13. Mulleres con voz propia**

Levaremos a cabo actuacións dirixidas a garantir a igualdade de oportunidades das mulleres migradas, xitanas e racializadas, promovendo a visibilización e recoñecemento así como medidas para o seu desenvolvemento social, persoal e laboral, que sirvan para compensar as desvantaxes e barreiras que sofren e garantir a igualdade real e efectiva en todos os ámbitos da vida

## **14. Escolas de empoderamento feminista**

Implantaremos unha rede pública de espazos de encontro, empoderamento e traballo comunitario de persoas feministas. Contando con recursos para que os colectivos e organizacións feministas podan facer uso, de xeito libre para a súa actividade. Estas escolas serán un recurso de proximidade para abrir procesos democráticos alentando unha maior participación activa das mulleres; a creación de redes; a mellora da incidencia política para a igualdade e a inclusión das diversidades nos diferentes ámbitos da vida social, cultural e política das mulleres galegas e outros colectivos.

## **15. Rede de espazos de igualdade**

Crearemos unha Rede de Espazos de Igualdade onde se integren as Escolas de empoderamento feminista, as Oficinas de dereitos LGTBIQ+ e os Centros de Información á Muller.

## Dereitos LGBTIQ+

O noso compromiso firme coa igualdade en todos os ámbitos só pode entenderse da man dun coidado especial á diversidade identitaria e a disidencia sexual. Consideramos que estas dúas materias non son unicamente compatibles, senón que son indisociables. O informe *Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia*<sup>1</sup> sinala os obstáculos aos que se deben enfrontar as persoas LGBTIQ+ e indica a necesidade de desenvolver políticas públicas con orzamentos e recursos humanos específicos para contrarrestar esta realidade e camiñar cara á plena igualdade. En Sumar Galicia temos a convicción de que cómpren protocolos, servizos especializados e profesionais que traten esta cuestión desde dous eixos básicos: a escoita e a transversalidade. Cremos que unha política pública con perspectiva LGBTIQ+ só pode desenvolverse dando voz ás identidades diverxentes e disidentes e construíndo unha nova realidade desde todos os ámbitos da vida.

### 16. Cumprimento da Lei 2/2014 do 14 de abril

A Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia é a norma reitora do respecto á diversidade sexual e debe ser cumprida e dotada de orzamento para ampliar a súa base e o seu alcance. É un mínimo innegociable e debe servir como punto de partida desde o que analizar e integrar novas realidades.

### 17. Atención á participación pública

Garantiremos a participación das persoas LGBTIQ+ na vida pública de maneira plena. Incrementaremos o financiamento e a cooperación entre organismos para desbordar as áreas de Igualdade e permitir que os dereitos do colectivo sexan respectados de xeito transversal.

### 18. Respecto á diversidade e representatividade igualitaria na cultura

Promoveremos unha cultura de acordo coa realidade social existente. A construción de referentes culturais é crucial para desenvolver unha vida pública respectuosa coa diversidade: fomentaremos manifestacións culturais con representación do colectivo LGBTIQ+, garantiremos unha perspectiva respectuosa coa diversidade sexual e de xénero, daremos voz á cidadanía para configurar programacións e elaboraremos desde a Consellería de Igualdade análises e guías de boas prácticas para apoiar estas medidas.

### 19. Ampliación do coñecemento

Motivaremos, financiaremos e daremos espazo a proxectos de investigación centrados en ensanchar a base teórica e as indicacións prácticas relativas ao respecto pola diversidade sexual e de xénero. Traballaremos en colaboración coas universidades para introducir esta perspectiva de maneira transversal nos plans de estudos.

---

<sup>1</sup> Ferrández, D., Latorre, E., Lois, M., López Rey, B., & Vázquez Añel, M. (2023). *Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia*. *Foro Identidades e Diversidades Sexuais 2022/2023* (C. Adán Villamarín, Ed.; 1.a ed.). Consello de Cultura Galega.

## **20. Salvagarda da memoria**

Impulsaremos un centro de documentación dedicado a investigar, archivar e difundir a historia do colectivo e da súa loita en Galicia, así como experiencias previas de disidencia sexual en todos os ámbitos. Garantiremos seccións específicas sobre temáticas LGBTIQ+ nas bibliotecas públicas de Galicia.

## **21. Escolas seguras**

Crearemos o papel de responsable de diversidade sexual e de xénero en todos os centros educativos, con dedicación e tarefas exclusivas. Garantiremos a elaboración de guías e protocolos que permitan o respecto á diversidade sexual e de xénero nas escolas e que introduzan esta perspectiva nos currículos de todas as etapas educativas. Formaremos o persoal docente para que o respecto ao colectivo LGBTIQ+ sexa un aspecto prioritario para toda a comunidade educativa.

## **22. Deporte seguro**

O ámbito deportivo, así como o do lecer e o da educación, é fundamental para unha formación plena no inicio da vida. Fomentaremos unha oferta deportiva inclusiva e respectuosa cos corpos diversos, traballaremos na adaptación das infraestruturas para respectar todas as realidades e crearemos e promoveremos a aplicación de códigos éticos para neutralizar as violencias en competicións deportivas públicas e privadas. Traballaremos na actualización da Lei 3/2012, do deporte en Galicia, para incluír aspectos LGBTIQ+.

## **23. Compromiso coa diversidade na sanidade e os coidados públicos**

Crearemos e poremos en marcha protocolos sanitarios específicos para o colectivo LGBTIQ+. Colaboraremos na reforma do sistema sanitario público para humanizar os coidados de saúde: maior empatía, menor medicalización, maior perspectiva comunitaria e maior atención á saúde mental. Estes cambios deberán ir da man da concienciación da cidadanía, polo que realizaremos campañas de sensibilización e divulgación da diversidade sexual desde o punto de vista sanitario.

Os coidados públicos non se extinguen no ámbito sanitario: elaboraremos mapas de recursos, guías de actuación e protocolos para que a cidadanía saiba onde acudir cando sexa preciso. Incorporaremos a perspectiva da identidade e a disidencia sexual nos centros de día e nas residencias de maiores. Traballaremos, ademais, en actualizar a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

## **24. Respetto á diversidade no mundo do traballo**

O ámbito laboral é protagonista dunha gran parte do noso tempo de vida adulta. Os lugares, presenciais e telemáticos, do traballo precisan dunha revisión total das situacións de discriminación e de desatención dos dereitos LGBTIQ+ para garantir espazos seguros. Nesta liña promoveremos a colaboración de sindicatos, asociacións e colectivos LGBTIQ+ para favorecer a sensibilización sobre a diversidade sexual e de xénero no traballo. Elaboraremos protocolos que teñan en conta a transfobia no ámbito laboral e as violencias de acoso sexual no traballo e

faremos que se nutran deles os convenios sectoriais e as guías de boas prácticas. Crearemos un apartado de denuncias por discriminacións e acoso LGBTIQ+ na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

## **25. Plan contra a violencia**

Elaboraremos un plan de formación para profesionais que interveñen na detección, denuncia, acompañamento e restauración dunha persoa que sofre violencias relacionadas coa diversidade sexual e de xénero. Construiremos guías, mapas de recursos e protocolos de actuación ante a denuncia dos delitos de odio contra o colectivo LGBTIQ+. Artellaremos un plan galego de prevención e acompañamento contra a violencia e dotaremos de orzamento e recursos os axentes implicados no mesmo.

## Políticas sociais

Galicia merece un novo modelo de políticas sociais que coide e atenda as necesidades reais da súa xente. Os catorce anos de goberno do Partido Popular supuxeron un retroceso nas políticas sociais deste país, sobre todo tendo en conta que sufrimos unha crise que deixou a milleiros de galegas e galegos nunha situación insostible que o modelo de política social non foi capaz de afrontar. Reclamamos o noso dereito como cidadanía a un sistema de protección social galego inclusivo, garantista e que sirva para xerar as estruturas básicas da igualdade social.

### 26. Renda Galega de Garantía

En Galicia case o 25% das persoas están en situación de pobreza ou risco de exclusión social. Esta cifra incrementase cando falamos de mulleres, infancia e mocidade. Precisamos de ferramentas innovadoras e eficaces de loita contra a pobreza e a exclusión social que permitan ter uns ingresos suficientes para facer fronte aos gastos básicos de subsistencia e levar unha vida digna.

Poremos en marcha unha Renda Galega de Garantía (RGG) que substituirá a actual RISGA, incrementando o seu orzamento e a contía das axudas, especialmente o tramo correspondente a fillos e fillas a cargo e o tramo monoparental. Reforzarase o persoal administrativo para evitar atrasos na tramitación de expedientes e simplificarase a tramitación, facéndoa máis accesible a persoas e familias ata agora excluídas da RISGA. Esta RGG establecerase como un novo dereito que supere as lóxicas das prestacións e servizos existentes baseadas nun asistencialismo anacrónico. Compatibilizarase co Ingreso Mínimo Vital de carácter estatal, do cal solicitaremos a xestión directa, incrementando a súa contía ata chegar ao 70% do salario mínimo interprofesional, o que suporía actualmente un importe de case 800€, achegándonos así ás indicacións do Comité Europeo de Dereitos Sociais en relación ás remuneracións suficientes para garantir un nivel de vida digno. Esta contía inicial irá incrementándose segundo o número de membros da unidade familiar e persoas a cargo.

### 27. Emerxencia social e pobreza

Impulsaremos unha nova Lei de Políticas Sociais que sexa realmente transformadora e que se fundamente no recoñecemento do dereito subxectivo e universal das prestacións, de xestión pública directa prioritaria. Incluiremos tamén, nesta nova lei, unha maior autonomía para que os concellos poidan aplicar medidas de emerxencia social dun xeito máis áxil e eficaz.

### 28. Máis fondos do Plan Social contra a Desigualdade

Duplicaremos a dotación orzamentaria do Plan Social contra a Desigualdade que na actualidade é só de 20 millóns de euros, e melloraremos a súa programación, obxectivos e contidos en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, á loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social; tamén no eido do comercio xusto, da loita contra o cambio climático e da defensa da igualdade de xénero.

## **29. Plan Integral de atención ás persoas sen fogar**

Deseñaremos unha estratexia galega de atención a persoas sen fogar e transeúntes, que garanta a coordinación e corresponsabilidade entre a administración autonómica e as administracións locais e tamén coas entidades sociais que traballan neste ámbito. Na liña de garantir a dignidade de todas as persoas, previa consulta cos órganos colexiados correspondentes, cortaremos toda colaboración con aquelas entidades que mostren unha actuación pouco ética e irresponsable diante desta problemática.

En colaboración cos concellos e deputacións dotaremos de centros de baixa esixencia ás sete grandes cidades galegas, e habilitaremos vivendas públicas tanto para uso comunitario, segundo o modelo Housing Lead, como para housing firts, unha metodoloxía de intervención social que racha co modelo de atención tradicional en escaleira e proporciona ás persoas en situación de *senfogarismo* unha vivenda individual, estable e independente, con apoio profesional en función das súas necesidades e demandas.

## **30. Control de calidade dos servizos sociais**

Consideramos imprescindible a creación dun Instituto de Innovación e Investigación en Servizos Sociais que se dedique a avaliar as políticas públicas do sector e a elaborar propostas de mellora contando sempre cos colectivos implicados. É necesario fortalecer e dotar de maiores recursos e persoal de atención aos servizos sociais comunitarios e especializados e poñer en funcionamento mecanismos de colaboración e coordinación interadministrativa que permitan a simplificación da burocracia e garantan o acceso de toda a poboación.

## **31. Diversidade funcional**

Impulsaremos unha nova Lei reguladora da asistencia persoal para garantir o dereito humano das persoas con diversidade funcional a vivir en Galicia de maneira independente. Incrementaremos os recursos e servizos de promoción da autonomía persoal e atención á diversidade funcional en detrimento da institucionalización residencial, potenciando a vida independente de todas as persoas con diversidade funcional, adultas e crianzas, cos apoios necesarios.

## **32. Oficinas de vida independente**

Poñeremos en funcionamento unha rede de Oficinas de vida independente que terán por finalidade facilitar e acompañar os procesos de autonomía persoal e participación social de persoas con diversidade funcional ofrecendo información e apoio a estas persoas e ás súas familias.

## **33. Fondo Público de Promoción da Accesibilidade Universal**

Elaboraremos un Plan de Accesibilidade Universal para o que crearemos un fondo dotado co 1,5% dos orzamentos que se dediquen a garantir a accesibilidade universal en todos os ámbitos da vida: infraestruturas, axenda urbana, mobilidade e transportes en cada administración (autonómica e local), así como a transformación dixital e telecomunicacións, e que sirva para financiar iniciativas, programas e proxectos de accesibilidade universal.

### **34. Recoñecemento institucional da comunidade xitana**

Recoñeceremos institucionalmente á comunidade xitana e promocionaremos a súa participación, poñendo en valor a súa historia e a súa cultura, e xerando as condicións para unha participación plena das persoas xitanas nas distintas esferas da sociedade. Levaremos a cabo un plan de erradicación do chabolismo, facilitando alternativas de vivenda dignas. Reforzaremos os programas destinados a garantir a igualdade de oportunidades educativas na infancia e na adolescencia previndo o abandono escolar e promovendo a continuidade dos estudos tras finalizar a educación obrigatoria. Promoveremos o acceso ao emprego en colaboración coas entidades especializadas e o tecido empresarial, poñendo especial atención no acceso ao emprego das mulleres xitanas.

## Familia e infancia

O xeito no que hoxe tratamos a infancia define como somos como país e como será o noso futuro. O goberno ten que garantir unha eficaz protección dos dereitos da infancia e da súas familias. A crianza hoxe en día é complexa e enfróntase a dificultades derivadas das extensas xornadas laborais, das dificultades de conciliación da vida laboral e familiar e dos procesos de rápida transformación tecnolóxica e cultural que estamos vivindo. Trátase de problemas complexos conectados coa crise de coidados e coa invisibilización do traballo reprodutivo que realizan maioritariamente as mulleres. Galicia é unha das comunidades máis avellentadas, os datos non fan máis que confirmar a caída da natalidade. Vivimos unha crise demográfica que xa non é só un problema no rural, senón tamén nas cidades. As políticas sociais deben responder a estes desafíos e ás novas realidades familiares.

### **35. Lei de Infancia e Adolescencia**

Galicia é a única comunidade autónoma que non ten unha lei propia de infancia. Construiremos unha Galicia da infancia e da adolescencia e para isto ampliaremos a lexislación existente para mellorar o marco normativo sobre protección da infancia na comunidade a través do consenso e a participación de todos os sectores. Un novo marco legal co fin de avanzar na promoción e protección dos dereitos das e dos menores, incluíndo o estipulado nos acordos internacionais co fin de reforzar as políticas relacionadas coa infancia e a adolescencia, colocando no epicentro de todas as decisións o interese superior dos nenos, nenas e adolescentes. Integrará o bo trato como principio e desenvolverá medidas para a promoción, prevención e intervención en situacións perxudiciais para o desenvolvemento, quer en casos de violencia quer de desprotección no ámbito familiar. Reforzará un sistema integral que aborde todos os aspectos da vida dos nenos, nenas e adolescentes e será a base para que o deseño de todas as políticas teña en conta o impacto na infancia.

A lei contemplará tamén o desenvolvemento de mecanismos eficientes de participación para que as nenas, nenos e adolescentes teñan voz propia e participen dos procesos de toma de decisións sobre as cuestións que lles afectan a través do Consello Galego da Infancia e a Adolescencia.

### **36. Benestar infantil nos centros educativos**

Aplicaremos a Lei Orgánica de protección integral da infancia e da adolescencia contra a violencia, desenvolvendo e profesionalizando a figura da coordinación de benestar nos centros educativos. Incorporaremos novos perfís especializados na atención socioeducativa, sen sobrecargar máis ao profesorado. Entendemos a contorna educativa como o espazo privilexiado onde poder atender as necesidades de nenos, nenas e adolescentes e dar unha resposta socioeducativa á diversidade do alumnado e ás diferentes realidades e necesidades de tipo social, cultural, relacional ou emocional.



### **37. Sistema de protección de menores**

Reverteremos a dinámica actual de desmantelamento deste servizo derivada da privatización dos centros públicos de protección e reeducación da Xunta. Incrementaremos o persoal das xefaturas territoriais dos equipos técnicos do menor e levaremos a cabo unha inspección eficaz dos centros privatizados e financiados con fondos públicos, tanto das condicións de benestar das menores como das condicións laborais das traballadoras e traballadores. Poñeremos en marcha políticas para que o acollemento familiar sexa a medida de protección preferente, garantido os dereitos dos nenos e nenas a medrar en familia. Para isto incrementaremos as axudas e servizos de acompañamento para as familias acolledoras.

Ampliaremos os servizos de acompañamento aos menores tutelados asegurando o acceso a vivendas de transición á vida autónoma para aqueles menores que cumpren a maioría de idade e saen do sistema de protección e fortaleceremos os programas de apoio e autonomía persoal para a súa emancipación, poñendo especial atención nos menores migrados sen acompañamento familiar, por ser un grupo especialmente vulnerable pola situación propia da migración, da situación de desarraigamento que esta xenera e falta de redes de apoio familiar ou informal.

### **38. Plan de Apoio ás familias monoparentais**

Unha de cada catro familias galegas é monoparental. A metade destas están en situación de pobreza e o 82% están encabezadas por unha muller. Desenvolveremos un plan de apoio para as familias monoparentais, cumprindo así o establecido na normativa vixente. Darémoslle o mesmo tratamento fiscal que ás familias numerosas a través da aplicación, entre outras, de deducións fiscais, bonificacións e exencións nas taxas tributarias e no tramo autonómico do IRPF que veñen recollidos na Lei de acompañamento aos orzamentos públicos da Xunta de Galicia, así como a preferencia para os diferentes servizos públicos ou no acceso á vivenda.

### **39. Comedores escolares gratuitos e saudables**

Impulsaremos o acceso ao comedor escolar saudable e gratuíto como unha das chaves para atanguer a equidade e previr a pobreza e a exclusión social, así como un xeito de garantir os dereitos da infancia. Implementaremos a gratuidade dos comedores escolares dos centros públicos, garantindo unha alimentación saudable e de proximidade para toda a infancia, considerando o comedor como un espazo educativo onde educar para a saúde e previr a aparición de trastornos da conduta alimentaria.

### **40. Rede Galega de Atención Temperá**

Incrementaremos o número de centros públicos de atención temperá para que poidan ser un servizo de proximidade que chegue ao 100% da poboación infantil e ás súas familias, eliminando a actual lista de agarda. A atención temperá é un servizo fundamental para favorecer o desenvolvemento físico, cognitivo, emocional e social, sentando as bases para un crecemento saudable e maximizando o potencial da infancia en etapas cruciais do seu desenvolvemento. Na actualidade o número de centros públicos é insuficiente, xerando listas de agarda e privando deste servizo á poboación infantil en idades tan sensibles e decisorias como é a etapa dos 0 aos 6 anos.

# Coidados

Os coidados son o sostén de toda a sociedade, son parte fundamental do benestar individual e colectivo e non poden nin deben quedar relegados á esfera persoal e ás decisións individuais.

Entendemos os coidados como un “terceiro pé” do Estado do Benestar que, ao igual que a sanidade e a educación, deben ser universais e estar garantidos desde o público. Apostamos polo dereito colectivo aos coidados, é dicir, o dereito de cada persoa de dar e recibir coidados ao longo de toda a súa vida. Para iso reformularemos o actual sistema recoñecendo e democratizando as tarefas de coidado e rematando coa división sexual e racista do traballo dos coidados. Actualmente a Xunta de Galicia é o segundo goberno autonómico que menos inviste en dependencia e en consecuencia temos no país un déficit de 14.000 prazas en residencias de maiores. Dos servizos existentes só o 49% das residencias son de xestión pública, o 51% restante está en mans privadas. A día de hoxe a Xunta non está construíndo novas residencias e as listas de agarda no 2023 no sistema de dependencia chegaron a ser de case 2000 persoas.

No caso das escolas infantís de 0-3 anos, Galicia dispón de 30.000 prazas para 50.000 nenas e nenos. Alén deste desmantelamento dos servizos públicos, a falla de servizos de conciliación para coidar das nosas fillas, fillos ou persoas a cargo, afecta directamente sobre a vida das mulleres, especialmente nas zonas rurais. Para acabar con esta situación poñeremos en funcionamento, de maneira progresiva ao longo de toda a lexislatura, un sistema público de coidados e atención á dependencia integrada nos servizos sociais, complementaria e equiparable ao Sistema Público de Saúde.

## 41. Desmercantilización dos coidados

Na conxuntura actual, os coidados son obxecto de mercantilización e privatización, convertidos en centros de negocio onde empresas multinacionais están a obter grandes beneficios en detrimento da estrutura pública. Trátase dun sistema sen dotación de recursos, que fai que os coidados sigan a recaer maioritariamente nas mulleres. Para revertir esta situación apostaremos pola correspondabilidade e pola xestión pública e comunitaria dos coidados.

## 42. Sistema público-comunitario dos coidados

Impulsaremos un sistema galego público-comunitario dos coidados de titularidade pública, que inclúa servizos de conciliación, plans de **canguraxe**, centros de día, servizos de atención á diversidade funcional e residencias para persoas maiores, cun compromiso claro coa figura da asistencia persoal. Nesta liña, e de maneira gradual, reverteremos para a xestión pública, a privatización das residencias, e fuxiremos do modelo de macroresidencias, que serán substituídas por outros servizos residenciais de coidados de proximidade, ao tempo que incrementaremos as prazas públicas de residencias.

## 43. Corresponsabilidade social dos coidados

Incluiremos as actividades do ámbito familiar e comunitario dentro da nova “Estratexia galega de socialización dos coidados”. Desenvolveremos unha acción coordinada que contemple o

incremento de prazas en centros de día e nas escolas infantís, a regulación do tempo de traballo, a apertura nunha maior franxa horaria de centros escolares de primaria e secundaria, a aposta pola figura profesional da/o asistente persoal, programas de dignificación do traballo de coidados (bolsas de emprego, condicións dignas) e, en xeral, iniciativas en favor da corresponsabilidade.

#### **44. Rede Galega de Coidados: Xeración**

Crearemos unha rede de coidados interxeracionais. Os centros interxeracionais son un novo modelo de educación, conciliación e coidados que xera grandes beneficios para a infancia e as persoas maiores, un modelo en auge a nivel internacional polos seus beneficios. Estes espazos eliminan as barreiras que separan a estas xeracións facilitando a interacción, favorecen a empatía e a socialización; son un nexo de unión para o intercambio de experiencias e transmisión cultural e das tradicións; proporcionan estímulo que melloran a capacidade cognitiva e de memoria das persoas maiores; axudan ás nenas e nenos a crear unha imaxe positiva sobre as adultas maiores; promoven o envellecemento activo e supoñen unha medida eficaz para previr a soidade non desexada.

#### **45. Rede de micro-residencias de proximidade**

Dentro desta rede de coidados construiremos novos centros residenciais, fogares para maiores en formato de microrresidencias, dotados dun máximo de 45 prazas. Estes equipamentos serán de ámbito comarcal, co fin de que as persoas maiores poidan permanecer na súa contorna familiar. A atención sustentarse nun modelo de respecto aos dereitos e desexos das persoas maiores, cun modelo de atención centrado na persoa que fomente a autonomía persoal e considere a paisaxe e a contorna social como un elemento terapéutico da intervención e acompañamento.

#### **46. Sistema galego de atención á dependencia**

Aumentaremos o orzamento para dotar de recursos económicos e de persoal os Equipos de valoración da Dependencia para evitar as listas de agarda. Garantiremos a suficiente cobertura pública do catálogo de servizos, que serán accesibles para o usuario e a súa contorna e deberán atender a demanda de maneira personalizada e resolutive. Contaremos con medios técnicos e humanos que faciliten a asistencia na contorna da persoa dependente. Ampliaremos o investimento público en atención á dependencia ata cubrir a demanda actual e estableceremos un calendario urxente de atención, coa finalidade de reducir o número de persoas en lista de agarda.

#### **47. Creación da empresa pública do SAF**

Colaboraremos cos concellos para eliminar as listas de agarda e garantir a calidade do servizo a través dunhas condicións dignas para as traballadoras da atención no fogar. Auditaremos os servizos para coñecer a súa calidade e o cumprimento dos contratos, quer no referido ás prestacións ás persoas usuarias, quer no respecto ás condicións laborais pactadas coas traballadoras. Impulsaremos unha empresa pública dos coidados na que poidan participar os

municipios e que teña como finalidade retomar o control sobre a xestión directa da prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

#### **48. Estratexia galega contra a soidade non desexada**

Impulsaremos esta estratexia co obxectivo de poder facer prevención e intervención en casos de soidade non desexada en persoas maiores. Crearemos un Consello Galego das Adultas Maiores como órgano de participación e consulta que poida valorar e propor políticas eficientes para a detección, alerta e intervención, tendo en conta as experiencias de éxito levadas a cabo noutros territorios.

# Migracións

Desde que goberna o Partido Popular, Galicia perde poboación. Desde o 2009 somos 77.238 galegas e galegos menos. A chegada de poboación estranxeira é unha oportunidade, polo que apostaremos por unha política de portas abertas para todas as persoas, con independencia da súa orixe, xa que entendemos o mundo desde unha perspectiva solidaria e de cidadanía global. Ninguén mellor que nós para saber o que supón emigrar. Por todo isto temos que abordar, tamén, políticas que favorezan o asentamento de persoas no territorio e permitan desenvolver unha vida digna.

## 49. Mediación intercultural

Abriremos unha liña de axudas aos concellos para a contratación de persoal mediador intercultural, asegurando o dereito de acceso aos servizos básicos mediante a mediación coa comunidade e as administracións a través do acompañamento na tramitación de documentación administrativa (sanitaria, educativa, vivenda...). Entendemos que a mediación é unha parte máis do proceso de integración. Debe favorecer a creación dun novo tipo de relación que permita o intercambio, a cooperación e o desenvolvemento dunha dinámica social positiva que evite e loite contra a exclusión.

## 50. Educación intercultural

Fomentaremos estratexias educativas nas escolas e institutos baseadas na diversidade cultural, para lograr a igualdade de oportunidades. Unha educación intercultural entendida como oportunidade de elección e de acceso a recursos sociais, económicos e educativos, orientada á superación do racismo.

## 51. Igualdade de dereitos das persoas migrantes

Instauraremos un plan de cidadanía para as persoas migrantes e solicitantes de protección, asilo e refuxio, coa participación das entidades do Terceiro Sector, das asociacións de inmigrantes, das administracións locais e das deputacións, que permita xerar un modelo de integración intercultural baseado nos principios de recoñecemento da cidadanía.

## 52. Consello Galego da Inmigración

Recuperaremos o Consello Galego da Inmigración como mesa de diálogo e encontro para debater políticas, medidas e intervencións sobre as migracións en Galicia.

## 53. Dereitos sanitarios universais

Garantiremos o acceso universal á sanidade e eliminaremos os copagos para a poboación estranxeira empadroada e residente en Galicia. Non permitiremos ningún tipo de discriminación no tratamento nin a existencia de requisitos innecesarios para ter acceso a todos os servizos da Sanidade Pública Galega. Do mesmo xeito velaremos tamén, mediante convenios internacionais, para que os galegos e galegas do exterior poidan recibir unha axeitada atención sanitaria. No

caso de que o país de destino non lla outorgue, aqueles que volvan temporalmente a Galicia terán garantida a asistencia.

#### **54. Loita activa contra o racismo e a xenofobia.**

Crearemos unha Oficina de Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica para potenciar, xunto coas entidades do Terceiro Sector, asociacións de inmigrantes e concellos, medidas para erradicar a discriminación racial ou étnica en Galicia. Loitaremos así, de maneira activa e participativa, contra o incremento da xenofobia e o racismo ante o auxe de posicións anti-inmigratorias.

#### **55. Fomento do asociacionismo das persoas migrantes**

Abriremos unha liña de axudas específicas para o asociacionismo migrante co fin de fomentar a participación e o fortalecer o tecido asociativo das persoas estranxeiras.

#### **56. Creación dunha Secretaría Xeral de Cidadanía Migrante**

Crearemos unha Secretaría Xeral de Cidadanía Migrante (en substitución da actual Secretaría Xeral de Emigración), onde incluíremos todas as competencias en materia de inmigración agora na área de inclusión social. Desde esta nova Secretaría coordinaremos e desenvolveremos de maneira integral as políticas dirixidas a toda a poboación migrante (retornados, nova emigración galega no exterior, emigración histórica, inmigrantes e persoas refuxiadas e solicitantes de protección internacional, asilo e refuxio).

#### **57. Reforzo das conexións coa cidadanía galega no estranxeiro**

Potenciaremos e apoiaremos economicamente o Observatorio da Nova Emigración (ONDA) para detectar as necesidades da nova diáspora galega e estimular os lazos e conexións con Galicia, impulsando proxectos de intercambio e colaboración transnacional. Prestaremos especial atención á infancia no exterior, co obxectivo de que manteña os vínculos culturais e afectivos coa nosa terra. Apoiaremos iniciativas, no estranxeiro, que favorezan proxectos educativos nos que se inclúan a lingua e cultura galegas. Ademais, promoveremos un programa de estancias educativas de nenas e nenos galegos que residen no exterior en centros educativos públicos próximos ao lugar de residencia da súa familia.

#### **58. Facilidades para o retorno**

Realizaremos un novo Plan de Retorno, participado polas entidades organizadas no exterior, detectando novas necesidades e deseñando políticas de retorno que sexan adecuadas á nova realidade migratoria. Facilitarémolles ás persoas que retornan o acceso a vivendas de protección oficial, pisos tutelados e axudas para o alugueiro ou adquisición da primeira vivenda. As xestións administrativas centralizaranse na Oficina de Retorno e o traballo realizarase en estreita colaboración coas asociacións e federacións de emigrantes e persoas retornadas.

## **59. Galicia, terra de acollida**

Recuperaremos o investimento en políticas de acollida de migrantes, colaborando con iniciativas municipais como as UAMI (Unidades de Atención ás Migracións), e con entidades de iniciativa cidadá, garantindo que a ningunha persoa lle sexan negados, por razóns de orixe, os seus dereitos básicos. Derrogaremos o “Informe sobre o proceso de integración dos estranxeiros”, por discriminatorio.

## Sanidade pública

A sanidade pública debe ser universal e gratuita. Impulsaremos un modelo sanitario de calidade e de proximidade coa persoa doente. Un modelo ao alcance de todas as persoas que viven en Galicia, independentemente da súa situación administrativa, que deben ter acceso á saúde pública de xeito gratuito. Levaremos adiante un rescate da atención primaria, a dignificación laboral do persoal traballador e un aumento da formación específica. Temos o firme compromiso de reverter os procesos privatizadores da sanidade, incluíndo tamén a derivación de pacientes á sanidade privada. Levaremos a cabo unha mellora integral da Atención Sanitaria a través de medidas concretas que limiten as listas de agarda e que garantan a transparencia na xestión do Sergas.

### **60. Novo modelo de xestión e aumento do orzamento**

Incrementaremos o orzamento sanitario galego, previo estudo das necesidades de persoal do sistema, especialmente na Atención Primaria, ata alcanzar o 25% do total, como recomenda a OMS, con racionalización do gasto farmacéutico. Elaboraremos un Plan de Xestión de Sanidade Pública que se traduza nunha mellora de recursos humanos, da transparencia e da participación. Modificaremos a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias para evitar a derivación de pacientes ao sistema privado.

### **61. Plan de Rescate da Atención Primaria**

Impulsaremos de maneira urxente un Plan de Rescate da Atención Primaria, incrementando o número de médicas, pediatras e profesionais doutras especialidades como a saúde bucodental, fisioterapia ou a saúde mental.

### **62. Atención en menos de 48 horas, só 24 horas para as urxencias**

Limitaremos o tempo de agarda en atención primaria a 48 horas en consulta e a 24 horas en situacións de urxencia, independentemente do lugar de residencia. Garantiremos a Atención Primaria a un máximo de media hora. Avogaremos por un método de renovación automática de receitas para medicamentos de tratamentos crónicos.

### **63. Presencialidade nas consultas e na atención**

Recuperaremos a consulta presencial como modelo prioritario e de base da atención médica, pasando as consultas telefónicas a ser voluntarias por parte da paciente. A atención telefónica nos Centros de Saúde será realizada por persoas e non por máquinas, eliminando as trabas actuais que as persoas de avanzada idade teñen para acceder a unha información e asesoramento de calidade.

### **64. Incremento de pediatras e de matronas**

Incrementaremos pediatras e matronas nos centros de saúde e blindaremos a súa estabilidade laboral. Incorporaremos estes perfís nos centros que carezan deles, sobre todo en localidades de menos de 5.000 habitantes.



## **65. Transparencia dos datos e das listas de agarda**

Publicaremos de xeito trimestral as listas de pacientes en agarda, incluíndo as non estruturais que actualmente son ocultadas. Para garantir a transparencia da xestión dos recursos, impediremos a utilización dos datos sanitarios da poboación por parte das multinacionais e elaboraremos unha diagnose da situación do sistema como paso previo ao seu rescate e reparación. Todos os centros sanitarios deberán publicar unha memoria anual que inclúa recursos, actividades e resultados.

## **66. Xestión integral do sistema sanitario**

Transformaremos as Áreas Sanitarias en espazos para a coordinación e xestión integrada da Atención Primaria, Hospitalaria, Saúde Pública e Atención á Dependencia. Integramos no Sergas todos os servizos asistenciais, incluíndo GALARIA, o Cribado de Mama, o Rexistro Galego de Cancro e a Atención ás Drogodependencias, para garantir unha asistencia integral e equitativa e evitar os conflitos de intereses.

Integramos na rede pública galega a xestión dos bancos de sangue, transplantes, e tecidos do Sergas, que asumirá tamén o mantemento dos centros de saúde.

## **67. Xestión dos recursos humanos sanitarios**

Elaboraremos un novo Plan de Recursos Humanos, publicando un cadro de persoal do Sergas coa situación laboral actual. Executaremos o Sistema de Rexistro de Profesionais Sanitarios (REPS) presentado no 2012. Nomearemos como persoal sanitario aos profesionais do servizo de transporte sanitario e crearemos unha empresa pública de ambulancias. Incrementaremos as prazas públicas de Inspección Sanitaria de todos os ámbitos. Dotaremos ao Sergas do persoal suficiente para atender as actuais demandas en todo o país. Garantiremos unhas condicións laborais dignas para o persoal sanitario e acabaremos coa inestabilidade e precariedade laboral, coa concatenación de contratos e cos contratos por horas.

## **68. Creación dos Hospitais de Proximidade de ámbito comarcal (CAR)**

Co fin de achegar a atención sanitaria ás persoas, decentralizaremos os servizos que se prestan nos centros hospitalarios a través da construción de Centros de Alta Resolución (CAR) de ámbito comarcal, dispositivos sanitarios innovadores que permiten descentralizar a actividade hospitalaria, mellorando a asistencia especializada nos concellos que presentan un volume alto de poboación ou dificultade de acceso. Serán centros tanto de diagnose como terapéuticos, que darán continuidade asistencial sen derivación. A asistencia realizarase co desprazamento de facultativos do Complexo Hospitalario de referencia.

Nos CAR ubicaranse as especialidades mais demandadas pola poboación, así como as unidades de rehabilitación e hemodiálise e as áreas de cirurxía menor e radioloxía convencional, con posibilidade dun TAC simple segundo a demanda de probas. Os PAC (Punto de Atención Continuada de Urxencias) integraranse nos novos CAR.

## **69. Novo Modelo de Saúde Mental Sociocomunitario**

Desenvolveremos un novo modelo de atención á saúde mental sociocomunitario, que se fundamente no valor do dereito á vida, á dignidade humana, á liberdade e ao acceso universal á atención da saúde mental. Garantiremos o acceso a psiquiatras e psicólogas nos centros de saúde de referencia. Estas profesionais da saúde mental formarán parte de equipos multidisciplinares que aseguren unha atención e acompañamento integrais aos pacientes e as familias no ámbito da saúde mental, podendo abordar así non só a parte clínica se non tamén os determinantes sociais da saúde mental. Prestaremos tamén especial atención ás persoas maiores a través da atención específica de profesionais da xeriatria e xerontoloxía.

## **70. Plan de Atención á Saúde Mental Infanto-Xuvenil**

Poñeremos en marcha un Plan Urxente de Atención á Saúde Mental infanto-xuvenil. Desde a pandemia incrementáronse nun 195% as autolesións e intentos de suicidio entre a mocidade. A conduta suicida converteuse no primeiro motivo de consulta en saúde mental da xente moza. A Asociación Española de Pediatría sinala que a saúde mental da xente moza non se pode entender sen atender ao contexto familiar, cultural, social e relacional.

Estenderemos a atención na área de infanto-xuvenil ata os 18 anos e reforzaremos os equipos profesionais das Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil cun novo servizo de acompañamento ás familias e á infancia e adolescencia, para facilitar o tránsito ao fogar e á escola despois dun ingreso ou dunha crise. Este novo servizo estará formado por equipos multidisciplinares –enfermeiras, terapeutas ocupacionais, psicólogas, educadoras sociais e traballadoras sociais, entre outras– que garantan a atención integral no ámbito da saúde mental cun enfoque sociosanitario e cun acompañamento socioeducativo.

## **71. Modificar os Plans de Saúde das Mulleres**

Mudaremos as orientacións dos Plans de Saúde das Mulleres, incluíndo a saúde mental e integrando todos os recursos de acordo ao modelo comunitario. Crearemos unha unidade multidisciplinar de endometriose. Impulsaremos programas de investigación, formación e sensibilización sobre a fibromialxia.

## **72. Recuperación do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo**

Iniciaremos o proceso de recuperación do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para cando remate a concesión (2035). Non renovaremos os concertos singulares coma o de Povisa.

## **73. Auditoría das privatizacións do PP**

Auditaremos todas as privatizacións e externalizacións levadas a cabo polos gobernos da Xunta de Galicia, como paso previo para a súa incorporación ao sistema sanitario público.

## **74. Instrumentos de Participación Cidadá**

Reactivaremos e desenvolveremos instrumentos de participación cidadá para democratizar o sistema sanitario en función das necesidades da poboación. Converteremos os Consellos de

Saúde en verdadeiros órganos de participación da cidadanía. Favoreceremos espazos que permitan a participación de asociacións de pacientes no ámbito sanitario.

### **75.Tratamento das doenzas raras**

Dotaremos de formación ao profesional sanitario, sobre todo de atención primaria, no coñecemento das enfermidades raras, para mellorar na súa diagnose e detección e poder aplicar os tratamentos canto antes. Estableceremos protocolos para que os doentes sexan debidamente orientados desde o momento en que entran na consulta. Impulsaremos unha coordinación sociosanitaria transversal.

### **76.Diagnose precoz**

Facilitaremos o acceso a unha diagnose precoz, potenciando a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) como centro diagnóstico de todo o territorio, dotándoo de máis persoal e orzamento para reducir as listas de agarda para a diagnose. Potenciaremos tamén o programa de Cribado Neonatal e garantiremos unha dotación económica que permita incorporar progresivamente novas patoloxías. Facilitaremos a derivación de pacientes aos “Centros, Servizos e Unidades de Referencia” (CSUR) do SNS e apoiaremos o funcionamento dos CSUR xa existentes en Galicia.

### **77.Hospitalización domiciliaria e coidados paliativos**

Ampliaremos os programas de hospitalización domiciliaria para pacientes crónicos complexos. Formaremos o personal sanitario en coidados paliativos pediátricos, permitindo a creación de equipos específicos en toda a comunidade.

## Mocidade

Galicia está a sufrir un auténtico éxodo da súa xente moza, que atangue cifras moi preocupantes. Nos últimos 13 anos, durante os gobernos do PP na Xunta, foron máis de 200.000 mozos e mozas os que emigraron. Unha falta de horizontes vitais que se reflicte na taxa de ocupación da mocidade galega, situada nun 34,8%, e nunha taxa de temporalidade no emprego do 54%. A precariedade laboral, os baixos salarios, así como a dificultade do acceso á vivenda, ben sexa en réxime de alugueiro como de propiedade, dificultan a emancipación da mocidade. Unha de cada 3 persoas mozas está en risco de pobreza ou situación de exclusión e só o 15% dos menores de 30 anos consegue emanciparse.

### **78. Programa piloto de Renda Básica Universal para a xente moza**

Poñeremos en marcha un proxecto piloto de Renda Básica Universal (RBU) para a xente nova de 18 a 30 anos, cun importe equivalente ao 100% do IPREM (600€).

### **79. Plan FEV de emancipación para a xente moza**

Elaboraremos e impulsaremos un plan de emancipación para a mocidade galega que responda aos criterios FEV: Formación, Emprego e Vivenda. Un plan que complemente a RBU e que ofrezca bolsas de estudo para quen necesite completar a súa formación académica, medidas de combate á precariedade laboral da mocidade, así como a posibilidade de acceder a alugueres de vivenda a prezo taxado, para menores de 35 anos.

### **80. Plan de emprego para a mocidade**

Impulsaremos un Plan de Emprego Galego para a Mocidade vencellado ao desenvolvemento de sectores estratéxicos na transición verde e a aqueles representativos en cada comarca que garanta a participación dos mozos e mozas nas políticas activas de emprego, que lles permita quedar en Galicia e asumir o liderado na busca e creación de novos postos de traballo.

### **81. Bono Galego de transporte con prezo Xove**

Impulsaremos un bono galego de transporte e unha tarxeta intermodal que incorpore os descontos aplicados polo goberno español e que se poida usar en todos os transportes colectivos, con descontos de ata o 90% para a mocidade.

### **82. Rede de equipamentos**

Actualizaremos e dotaremos de contido a rede de Casas da Xuventude e as residencias de Ocio e Tempo libre da Xunta, actualmente infrautilizadas. Facilitaremos o seu uso baixo reserva por parte da xente moza, asociacións xuvenís e demais colectivos do tecido asociativo vinculado á mocidade. Elaboraremos unha programación anual de alternativas de ocio e tempo libre.

### **83. Orzamentos participativos para actividades de xuventude.**

Reservaremos unha partida de 2,7 millóns de euros para desenvolver un proxecto de orzamentos participativos para a xuventude, seguindo modelos como o desenvolvido no Concello de Santiago. Colocando un tope máximo de financiamento por actividade e incorporando criterios de territorialidade e temática.

# Un proxecto de país con futuro propio

---

**Sumar**  
**Galicia**

# Cultura

A cultura é un dereito da cidadanía e debe estar garantido o seu acceso desde as Administracións Públicas. A cultura debe ser un espazo de encontro onde todas e todos esteamos representadas. Imos poñer en marcha unha auténtica estratexia para a cultura. A cultura é unha fonte de riqueza, non só espiritual e intanxible, senón tamén material. A cultura constitúe unha marca de país e un elemento fundamental da identidade colectiva e de cohesión social. A cultura de expresión en lingua galega precisa dun fomento enérxico por parte das institucións públicas e o goberno galego, que deben ter a normalización da cultura galega e a elevación do nivel cultural do conxunto da poboación como obxectivos estratéxicos.

O sector da cultura en Galicia está desatendido por parte do goberno galego e falto dunha orientación clara e de políticas ambiciosas. Os datos mostran que as deficiencias son claras. Non existen datos agregados nin das empresas existentes nin do seu impacto económico. Carécese dunha planificación e avaliación de políticas públicas a medio prazo. Non existe a necesaria coordinación entre os actores culturais e as administracións e o acceso á información sobre axudas é deficiente. Ademáis, a internacionalización da nosa cultura segue sen ser recibir suficiente atención por parte da Xunta. Nalgunhas disciplinas, a visibilidade e recoñecemento das mulleres seguen a ser ínfimas. Tampouco hai apoio nin fomento do talento emerxente. Agora hai que ter vontade para poñer en marcha políticas transformadoras.

## 84. Rematar coa precariedade laboral na cultura

Garantiremos e ampliaremos os dereitos e a protección das persoas traballadoras da cultura para combater a alta temporalidade existente e os abusos nas contratacións. Promoveremos que se estableza un día semanal como descanso obrigatorio por convenio. Cómpre pór en valor ás creadoras e creadores culturais a través do recoñecemento dos seus dereitos e o papel que debe xogar a administración na loita contra a precariedade.

## 85. Profesionalización do sector cultural

Poñeremos en marcha un programa de profesionalización do sector cultural que combata a precariedade, que inclúa a mellora na formación, con medidas tales como a aprobación dun **Estatuto da Creadora e do Creador**, a elaboración de catálogos de cualificación profesional, os censos de profesionais e empresas, a aprobación de códigos de boas prácticas, as residencias artísticas, ou as bolsas e axudas á creación e á formación.

## 86. Desagregación da Consellería de Cultura

Recuperaremos unha Consellería de Cultura específica, que atenderá o patrimonio, as políticas da memoria e os deportes. Dada a importancia estratéxica da lectura, a Consellería de Cultura debe recuperar a Dirección Xeral do Libro. Tamén debe contar cunha Dirección Xeral de Traballadores e Traballadoras da Cultura. Entendemos que a cultura e a educación son sectores estratéxicos para o país, que requiren atención específica, polo que deben ser xestionados por cadansúa consellería.

Alén disto, o Observatorio da Cultura Galega e o Consello da Cultura Galega, serán potenciados non só como organismo de referencia no que atinxe á recollida e análise de datos do sector cultural, senón para dotalo de maiores capacidades de avaliación das políticas culturais.

### **87. Paridade nas programacións culturais**

Esixiremos a igualdade e paridade en todas as programacións culturais que contan con financiamento público así como a representatividade de colectivos minorizados e infrarrepresentados. A inclusividade será un dos baremos a ter en conta á hora de outorgar subvencións e axudas. Así mesmo, non se celebrarán contratos con empresas, asociacións ou entidades sen boas prácticas empresariais. Estableceremos a obrigatoriedade de contar cun 20% de talento emerxente nas programacións.

### **88. Incremento do orzamento ata o 2%**

Aumentaremos paulatinamente o orzamento da Consellaría de Cultura até atanguer o 2% no 2028 partindo das partidas actuais que agora están nos 0,9%. Cómpre atanguer unhas porcentaxes adecuadas ao tecido cultural galego, ás creadoras e traballadoras do sector cultural e que, así mesmo, permitan o acceso da cidadanía á Cultura. As industrias culturais e creativas son un poderoso motor de creación de emprego, competitividade, riqueza cultural e innovación. Datos recentes demostran que o investimento público en cultura multiplica en máis de 3 veces os beneficios na economía galega. Non debemos esquecer poñer en valor a achega esencial da cultura no medio rural como elemento vertebrador da comunidade ligado á sostibilidade de comunidades e territorios.

### **89. Fondo Cultural Galego e Lei do Mecenado**

Crearemos un Fondo Cultural Galego, tal e como recolle o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que prevé a súa creación mediante unha lei do Parlamento de Galicia. Esta disposición estatutaria está pendente de cumprimento, o que indica a desatención que recibiu a cultura galega por parte dos sucesivos gobernos galegos. Os recursos deste Fondo Cultural Galego e os obtidos mediante o mecenado, contemplado nunha lei galega específica, contribuirán a un mellor financiamento da cultura.

### **90. Creación cultural en galego en todos os soportes**

Fomentaremos a creación cultural en galego en todos os soportes e racionalizaremos as convocatorias de subvencións ás iniciativas culturais que, ademais de atoparse infradotadas, son erráticas. Cómpre unha programación racional, cuns obxectivos definidos, uns criterios claros, uns baremos obxectivos e uns calendarios previsibles, e é imprescindible que se realice unha avaliación de resultados obtidos. Isto vale tanto para as industrias editoriais (subvencións á publicación e á tradución), coma para as artes escénicas e as empresas e iniciativas culturais de todos os sectores. Cómpre tamen unha liña de axudas específicas a editoriais para a publicación. Representa case a metade da facturación total e resulta esencial para crear lectores e fomentar a lingua galega.

## **91. Polo de desenvolvemento das industrias culturais dixitais e dos videoxogos**

Crearemos un eixo galego de contidos dixitais que desenvolva programas de pre-incubación, incubación e aceleración, dirixida a creadores, emprendedores e empresas emerxentes do sector cultural dixital e do videoxogo, que comprenda toda a cadea de valor da industria. Fomentaremos a creación de produtos e recursos en lingua galega. Incentivaremos o sector dixital para facilitar o acceso ao traballo da mocidade, dado que eses postos están desenvolvidos nun 40% por menores de 30 anos.

## **92. Instituto Rosalía de Castro para a proxección exterior galega**

Crearemos un "Instituto Rosalía de Castro" para a proxección exterior da cultura galega que ademais sexa elemento central de creación e difusión dunha marca de país que constitúa un facilitador de relacións humanas, culturais e económicas. Esta institución terá como obxectivo: a conexión das comunidades da emigración galega coa produción cultural do país; a internacionalización da produción cultural galega e da imaxe de Galicia (audiovisual, música, literatura, artes plásticas...); o establecemento de colaboracións cos países da lusofonía e a difusión dos estudos galegos entre os públicos universitarios de todo o mundo (coordinando a rede de centros e cátedras de estudos galegos).

## **93. Fortalecemento dos organismos sectoriais**

Melloraremos o funcionamento dos organismos creados ao abeiro da autonomía no sector cultural como AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) e a Filmoteca de Galicia, agora adscrita a AGADIC, que carecen dos recursos imprescindibles para realizar o seu labor en condicións, ademais de faltar unha orientación e coordinación que corresponde ao goberno galego. O mesmo sucede co CGAC. Incrementaremos o seu financiamento, dotarémolos de persoal e axilizaremos o seu funcionamento e as súas relacións cos axentes culturais dos respectivos sectores. Debe crearse un Centro Galego de Artes Escénicas, para coordinar o labor do CDG (Centro Dramático Galego) e o CCG (Centro Coreográfico Galego).

## **94. Fomento dunha cultura de base inclusiva e diversa**

Desenvolveremos espazos e programacións onde os colectivos historicamente infrarrepresentados, como poden ser os inmigrantes ou as minorías étnicas, poidan atopar espazos para expresar a súa identidade cultural e compartila co resto da sociedade na procura dun enriquecemento mutuo e global da cidadanía. Fronte a movementos reaccionarios e de discriminación do alleo a cultura debe poñer en valor a diversidade e o respecto.

## **95. Apoio ao asociacionismo cultural local e comarcal**

Dotaremos de autonomía financeira e de recursos materiais aos colectivos de base para que actúen como motores culturais no seu territorio. Abriremos unha liña de axudas para que os Concellos poidan rehabilitar e mellorar equipamentos ou programar actividades que favorezan o acceso á cultura no mundo rural e o desenvolvemento do territorio. Faremos un inventario de espazos públicos sen uso ou infrautilizados para poñelos a dispor dos creadores culturais a través de fórmulas de coexistión.



## **96. Fortalecemento da Rede Galega de Teatros e Auditorios**

Para estender o acceso a máis cidadanía, habilitaremos unha rede galega de equipamentos culturais con locais axeitados, accesibles e debidamente distribuídos polo territorio. Hai que integralos na RGTA e incrementar o seu orzamento para que as vilas máis pequenas poidan acceder aos espectáculos desa rede, superando a actual situación, na que fóra das principais cidades, a poboación galega non dispón de espazos en condicións para desfrutar de manifestacións culturais como o teatro, a danza ou a música e, moito menos, as artes escénicas e da imaxe.

# Lingua

Se a política lingüística dos sucesivos gobernos galegos desde o inicio da autonomía foi cualificada como “de baixa intensidade”, cuns pobres resultados canto á frea da perda da lingua, desde o primeiro goberno de Alberto Núñez Feijoo difundíuse un discurso social agresivamente desvalorizador do galego ao tempo que se impuxo un retroceso das políticas de promoción da nosa lingua en todos os campos, nomeadamente, no sistema educativo. En consecuencia, todos os estudos solventes mostran unha caída acelerada do galego nos últimos anos tanto nas competencias coma nas prácticas lingüísticas da xente nova. Cómpren políticas de valorización do idioma, arroupadas nun discurso estimulante integrador e en positivo, capaces de traducir os desexos de normalización da maioría da poboación galega en iniciativas eficaces, destinadas a reverter as tendencias negativas que ensombrecen o futuro.

## 97. Nova Lei de Política Lingüística

Impulsaremos unha nova Lei para o galego que, asentada nun amplo consenso social, sexa máis ampla e que se adaptade aos novos tempos. A actual Lei de Normalización Lingüística foi aprobada hai máis de 40 anos, de xeito que non contempla toda unha serie de necesidades que se foron facendo visibles nas pasadas décadas, como os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, a protección dos dereitos de consumidores e usuarios, a promoción do galego nos ámbitos laborais, as empresas e o comercio, etc. Cómpre unha nova Lei de Normalización da Lingua Galega, asentada nun amplo consenso social, máis ampla e adaptada aos novos tempos.

## 98. Galego na infancia e a mocidade

Desenvolveremos un plan integral de mantemento e promoción do galego na infancia e na mocidade que teña unha abordaxe integral do problema se non queremos ver como en poucos anos o galego deixa de estar presente e de ter futuro para as xeracións máis novas. Nese modelo integral, o liderado corresponde ao goberno galego e o espazo central son os centros educativos, pero é imprescindible implicar outros axentes institucionais e sociais, desde os concellos ata as asociacións de pais e nais ou os clubs deportivos e as empresas de actividades de tempo libre. Xa hai en marcha experiencias piloto que mostran como é posible facer isto, contando cos medios necesarios e coa participación dos sectores concernidos.

## 99. Derogación do decreto “do plurilingüismo”

Todos os estudos solventes mostran unha caída acelerada do galego nos últimos anos tanto nas competencias coma nas prácticas lingüísticas da xente nova. Por iso, substituiremos o decreto chamado “do plurilingüismo”, imposto polo PP en 2010, porque non só supuxo un retroceso brutal na lenta pero progresiva galeguización do sistema educativo, senón que tivo consecuencias catastróficas no coñecemento e uso do galego por parte da poboación infantil e xuvenil. Aqueles mesmos estudos indican que o problema da desgaleguización non é xa unha cuestión unicamente da lingua vehicular das aulas, senón tamén das actividades que se desenvolven fóra delas, en particular, as actividades recreativas, deportivas, formativas e en xeral as relacionadas

coa conciliación familiar e co lecer; nomeadamente, destas últimas, as relacionadas co emprego das novas tecnoloxías.

### **100. Liña educativa en galego desde infantil ata a Universidade**

De acordo cos compromisos adquiridos polo Estado na Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, crearemos unha liña de ensino en que o galego sexa a lingua xeral da educación, desde a educación infantil ata a Universidade. Así, nas comarcas e poboacións en que o galego, aínda, é a lingua de uso habitual da maior parte da poboación, o obxectivo debe ser cara ao uso do galego como lingua xeral do ensino en todos os centros e niveis. De xeito inmediato, promoverase o emprego do galego nas materias científicas nas que hoxe está excluído, como as matemáticas. Nas áreas e localidades en que o galego ten unha presenza minoritaria, promoveranse experiencias piloto de ensino en galego (inmersión lingüística), convenientemente asistidas desde o punto de vista pedagóxico e de carácter voluntario para as familias.

### **101. Un Plan piloto de inmersión lingüística en cada cidade.**

Escolleremos un centro educativo público de cada unha das sete grandes cidades para lanzar un gran plan piloto de inmersión Lingüística de carácter voluntario e no que poderán participar aquelas familias que desexen unha educación integral en galego para as súas crianzas.

### **102. Capacitación plurilingüe**

Promoveremos un sistema educativo que xogue un papel central na expansión dos usos da lingua galega. O obxectivo da capacitación plurilingüe do estudiantado (en galego, castelán, inglés, portugués ou outros idiomas), é irrenunciabile, pero este debe ser compatible coa centralidade do idioma do país e coa adecuada progresión formativa do estudiantado. O “trilingüismo a partes iguais” (castelán, galego e inglés) que contempla o actual decreto “do plurilingüismo” (que na realidade, estaba destinado a facer retroceder o galego), revelouose totalmente inaplicable e ineficaz. Precisamos un modelo lingüístico para o sistema educativo que protexa e fomente a lingua galega, elaborado de forma consensuada coa comunidade educativa, que debe ser e flexible e adaptado aos distintos contextos sociolingüísticos.

### **103. Xabarán TV**

Lanzaremos unha nova canle da TVG con programación infantil e xuvenil en galego, que contará con unha plataforma dixital específica para acceder aos seus contidos. Incentivaremos a produción de contidos para a infancia e a mocidade nos novos soportes e medios tecnolóxicos, en especial para os audiovisuais, e nomeadamente, os videoxogos. Desde a CRTVG, crearemos un departamento especializado na produción de contidos audiovisuais deste tipo. Elaboraremos cursos de aprendizaxe do galego específicos para distintos tipos de público (galegos e non galegos, persoas con diversidade funcional, etc.) e con diferentes soportes, botando man do audiovisual e das novas tecnoloxías.

#### **104. Máis audiovisual en galego**

Impulsaremos máis contidos en galego e sobre o galego na rede e nos novos medios de información e comunicación, incluíndo cursos de aprendizaxe en galego. Promocionaremos a dobraxe ao galego e a subtitulación de series e filmes, co obxectivo de que se poidan incorporar a todas as plataformas actuais e poder revertir a situación actual. Na actualidade, a presenza da lingua galega e de contidos en galego e sobre Galicia na web é moi escasa e de calidade irregular. Igualmente, a oferta de produtos audiovisuais, nomeadamente series e filmes, subtitulados ou dobrados ao galego, tanto nas pantallas dos cinemas coma en distintas plataformas, é moi deficiente. Superar estas eivas debe ser unha prioridade cara á normalización da lingua.

#### **105. Centro de apoio ao galego**

Investiremos esforzos e recursos na formación do profesorado e do monitorado das actividades de tempo libre e na creación de recursos didácticos de todo tipo, diversificados e actualizados para as distintas etapas educativas, con especial atención á FP e ás accións a desenvolver na etapa infantil. As facultades universitarias de ciencias de educación e os centros de formación do profesorado deben implicarse nesta tarefa, que debe ser coordinada e impulsada polo Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades, dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Este centro debe ter un papel chave na promoción, apoio e seguimento de experiencias de normalización lingüística. Tamén se debe contar cos Equipos de Normalización Lingüística dos centros, poñendo en valor o seu labor.

#### **106. Colaboración cos países da Lusofonía**

Impulsaremos os contactos e colaboracións cos países de expresión portuguesa, no marco da Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa Lusofonía (Lei 1/2014, do 24 de marzo), aprobada no 2012 polo Parlamento de Galicia mais que practicamente non se traduciu en programas concretos de aplicación e desenvolvemento. A mellora do coñecemento do portugués e a difusión de produtos de todo tipo en portugués (audiovisuais, bibliográficos, etc.), así como o impulso das relacións cos países de expresión portuguesa, será un obxectivo estratéxico do goberno galego, cara a tirar rendemento ás vantaxes que ofrece a grande proximidade do galego e o portugués.

## Patrimonio e memoria

O patrimonio non existe sen a dimensión social, antropolóxica e histórica, polo que cómpre superar o concepto de patrimonio exclusivamente material para realizar un coñecemento máis profundo dos significados que contribúen a esa herdanza cultural, dando visibilidade tamén aos valores inmateriais do patrimonio. O carácter esencial do noso patrimonio vese contraposto a anos de abandono. É moi evidente que falta persoal na Dirección Xeral de Patrimonio para facer fronte ao inxente patrimonio cultural de Galicia (civil e eclesiástico, material e inmaterial), e falta orzamento. A conservación preventiva e a investigación precisan recursos económicos, pero a súa contía sempre será menor que as intervencións de restauración necesarias por falta de coñecemento, control e coidado. Os saberes e prácticas tradicionais están esmorecendo e con elas o rico patrimonio cultural inmaterial que é unha fortaleza da nosa identidade.

A memoria histórica, a diferenza da Historia, non se centra tanto en entender ese pasado como en tirar del referencias útiles para o presente. A construción da nosa Memoria Democrática debe ser unha responsabilidade da que o goberno galego non pode abdicar nin manter a actual pasividade, posto que a través desta memoria é onde podemos acceder ao coñecemento e referencialidade daqueles acontecementos do pasado que poidan funcionar como fonte de inspiración ou de lexitimación do noso presente democrático.

### 107. Plan Galego de Patrimonio Cultural

Poñeremos en marcha un Plan Galego de Patrimonio Cultural co obxectivo de racionalizar e planificar os investimentos e intervencións nun país que posúe un enorme patrimonio público histórico (e tamén privado, cos distintos réximes de cesión ou disfrute), motor fundamental que estimula e posibilita a nosa proxección e riqueza cultural no mundo.

Poñeremos tamén en marcha un Plan de Conservación Preventiva que realizará o inventario dos bens materiais e inmateriais do noso patrimonio, analizará o seu estado de conservación e a urxencia de intervención. A conservación preventiva e a investigación precisan recursos económicos pero a súa contía sempre será menor que as intervencións de restauración necesarias por falta de coñecemento, control e coidado.

### 108. Un patrimonio cultural accesible

Poñeremos en marcha un programa de diversificación e socialización da xestión do patrimonio cultural que achegue novas miradas cara o patrimonio cultural que, a través de normativa pero sobre todo diálogo aberto, persiga a renovación das estratexias de xestión, garantindo a participación de todos os actores involucrados, todas as fases da xestión, e todos os patrimonios. Catalogaremos e dixitalizaremos, para pór a disposición da cidadanía de xeito gratuito, fondos do patrimonio cultural galego. Non só de fondos públicos, tamén de asociacións, entidades e/ou fundacións, mesmo de coleccións privadas.

### **109. Plan Galego de Educación Patrimonial**

Investiremos en educación patrimonial desde a escola primaria e con percorrido ao longo da vida, así como en investigación e formación dos profesionais relacionados co patrimonio cultural, promovendo o traballo interdisciplinar. Necesitamos sensibilizar á cidadanía na preservación do patrimonio cultural e crear conciencia patrimonial porque a cidadanía responde activamente cando coñece o seu patrimonio cultural. Incorporaremos un Observatorio de Educación Patrimonial que guiará a aplicación de estratexias e liñas de acción. Precisamos repensar as medidas necesarias para animar á mocidade na implicación da preservación e transmisión da riqueza cultural de Galicia.

### **110. Potenciación da rede de museos de Galicia**

Reformularemos o actual mapa dos museos galegos, a partir das mudanzas na propia forma de entendelos (superación da idea de museo=contedor) e en relación a conceptos como o de museo situado (como dialoga o museo coa comunidade á que pertence? que lle achega e que recibe dela que o fai singular?), ás demandas de sostibilidade e ás posibilidades que abre a dixitalización.

### **111. Museo da Emigración Galega**

Crearemos un Museo da emigración galega xa que o fenómeno migratorio ten unha enorme relevancia non só na historia recente (e non tan recente) de Galicia, senón na mesma conformación da sociedade galega. Este museo terá unha concepción contemporánea, isto é, non como un contedor ou arquivo, senón como un centro de documentación, con actividades de divulgación, promoción de estudos, interacción coas colectividades da emigración e as colaboracións externas.

### **112. Memoria Democrática e Arquivo das Memorias**

Constituiremos un museo e un arquivo (vivo, de actualización incesante) accesible acompañado da elaboración de accións e actividades complementarias para a súa adecuada divulgación e coñecemento. Á concepción da memoria histórica, coa exploración e restitución dos dereitos infrinxidos na ditadura, vai acompañada dunha noción máis ampla de memoria vencellada a outras loitas, legados e tempos de coñecemento imprescindible. Son moitas as eivas e carencias a reparar, reforzadas por políticas públicas afectas á amnesia nestes últimos anos. A achega da memoria democrática nas súas diversas loitas (sindical, feminista, obreira, pacifista, medioambiental, etc) debe ter un reflexo na cidadanía e chegar a todo tipo de audiencias. As propiedades usurpadas pola familia Franco deberán ser recuperadas para a cidadanía.

### **113. Roteiros da memoria democrática**

Faremos un inventario de lugares da memoria da represión franquista, e promoveremos roteiros sinalizados para a súa difusión. Incorporaremos sinalética con información dos mesmos (contextual, histórica). Destacaremos estes espazos e habilitar unha páxina web onde estean todos recollidos coa conseguinte explicación dos mesmos. Un deles podería ser costeiro, desde Ribadeo a Camposancos (A Guarda), pasando por Cedeira, Ferrol, Betanzos, Muros, A Pobra do Carmiñal, Rianxo, Padrón, San Simón, Oia... A loita democrática sindical, feminista ou obreira debe ter reflexo nas nosas localidades.

# Educación

A educación non é só un dereito básico e universal, senón que é un eixo fundamental na nosa sociedade para que as persoas teñan acceso a mellores oportunidades laborais e económicas, o que chamamos “ascensor social”. A cidadanía galega precisa dun sistema público e integral que garanta o noso benestar. Un sistema público e de calidade para termos futuro, revertendo os recortes feitos polo goberno galego e recuperando os postos de traballo perdidos durante estes anos, cunha rebaixa de ratios e levando a cabo unha profunda revisión da normativa dos concertos públicos, apostando por un enfoque crítico, reflexivo, tolerante, laico, respectuoso coa igualdade e as distintas diversidades.

Apostamos por unha educación gratuíta desde os cero anos, cunha atención especial ás necesidades do rural, cuns servizos complementarios baseados en parámetros de calidade e de equidade social e que sexa profundamente inclusiva. Unha educación que impulse a nosa lingua e a nosa cultura, comprometida coa prevención do fracaso e abandono escolar e atenta á saúde mental da comunidade educativa. Un sistema de ensino público e de calidade que se adapte ás necesidades socioculturais de Galicia e que cristalice nunha Lei Galega de Educación.

## **114. Lei Galega de Educación**

Impulsaremos unha nova Lei Galega da Educación para avanzar en políticas públicas educativas sustentadas na comunicación, na transparencia e na interlocución co conxunto de actores da comunidade educativa e da sociedade, coa finalidade de avanzar nun proxecto educativo compartido, estable e á altura das posibilidades que ofrece o marco estatutario. Buscamos un modelo que se adapte ás necesidades socioculturais de Galicia, que sexa capaz de mobilizar a capacidade creadora da cidadanía galega, que inclúa a diversidade como riqueza e que cristalice nunha Lei Galega de Educación.

## **115. Prioridade para a Educación pública e limitación dos concertos coa privada**

Revisaremos a normativa de concertos educativos e acabaremos coa cesión do solo público para a construción de centros educativos en mans privadas. Levaremos adiante unha auditoría que permita ter unha diagnose completa dos concertos existentes nos distintos niveis do sistema educativo, suprimíndose naqueles centros onde non haxa oferta pública abonda ou naqueles que segreguen ao alumnado por sexos ou usen mecanismos encubertos para seleccionar ao seu alumnado por razóns económicas, ideolóxicas ou outras características culturais ou persoais. Ademais, con carácter inmediato, controlaremos o estrito cumprimento da lei, fiscalizando que os centros privados sostidos con fondos públicos non impoñan taxas ilegais ás familias do alumnado mentres os concertos estean en vigor.

## **116. Educación para persoas adultas**

Reforzaremos de xeito progresivo a rede de centros de Educación de Persoas Adultas para atender a demanda en todos os niveis e modalidades (presencial, semipresencial e a distancia). Promoveremos accións formativas de carácter interxeracional a través de proxectos concretos

que fomenten o traballo en rede cos concellos, as universidades e outros actores sociais. Efectuaremos os cambios normativos que sexan necesarios para alcanzar este obxectivo, de maneira que se garanta de forma efectiva a formación e a reciclaxe profesional ao longo da vida. Potenciaremos o acceso aos estudos universitarios das persoas que acrediten experiencia laboral, sen dispoñer da titulación requirida, para mudar a súa formación e facilitar a reincorporación laboral

### **117. Atención educativa gratuíta, pública e universal á primeira infancia (0-3 anos)**

Consideramos a Educación Infantil como unha etapa educativa máis, ampliando de forma progresiva a oferta de prazas públicas. Levaremos adiante programas concretos para a atención específica das necesidades formativas das familias e para dispoñer de servizos comunitarios para a infancia. A incorporación temperá ao sistema educativo é positiva nas futuras traxectorias, xa que potencia a permanencia e o éxito escolar. Esta medida é tamén estratéxica e absolutamente imprescindible para reforzar o mantemento das mulleres no mercado laboral, facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e apoiar o dereito ao tempo libre das persoas coidadoras en xeral, incluíndo as de maior idade.

### **118. Planificación da oferta de emprego e melloras**

Baixaremos a ratio de alumnado por aula e aumentaremos o número de docentes e outros profesionais especialistas coa finalidade de que traballen de forma conxunta na atención ás necesidades e a diversidade de todo o alumnado. Planificaremos a oferta de emprego público ao longo da lexislatura a partir dunha diagnose que considere as previsións de matrícula, así como as xubilacións, e que responda ás necesidades dos centros educativos públicos. Recuperaremos os postos de traballo perdidos durante estes anos, para que as condicións de desenvolvemento do ensino non limiten a súa capacidade de ascensor social. Melloraremos as condicións do profesorado, e iso pasa pola redución significativa das ratios e tamén por facilitar os desdobramentos e os reforzos, e diminuír os horarios e as tarefas burocráticas. É necesario aumentar as plantillas, reducir a interinidade ao mínimo e mellorar as retribucións e os recursos.

### **119. Atención á diversidade**

Duplicaremos o persoal profesional para atención a diversidade e atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no ensino público para reverter o modelo de recortes do actual goberno. A crecente demanda de atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo contrasta coa actual escaseza de profesionais nos centros de ensino. Co fin de garantir a equidade e a igualdade de oportunidades, ampliaremos os actuais equipos de orientación dotándoos de novos perfís profesionais que poida atender tamén a diversidade de necesidades e situacións que afectan directamente á vida dos nenos e nenas. Apostaremos por incrementar estes equipos de xeito progresivo con logopedas, fisioterapeutas, psicólogas, pedagogas, traballadoras sociais, educadoras sociais e terapeutas ocupacionais nos centros públicos. Baixaremos as ratios e procederemos a facer os desdobramentos das aulas necesarios coa correspondente contratación de profesorado.



## **120. Mellora dos servizos complementarios de educación**

Promoveremos de maneira progresiva a xestión pública directa, desde a Xunta de Galicia ou desde os concellos, de todos os servizos complementarios do ensino público. Os servizos de comedor, madrugadores, transporte e actividades extraescolares deben ter unha cobertura suficiente baixo parámetros de calidade contrastada. No caso dos comedores priorizaranse as alternativas que garantan a calidade nutricional e sanitaria. No caso do transporte escolar, introduciranse criterios de maior racionalización no seu uso. A aspiración á gratuidade universal destes servizos debe apoiarse na profunda revisión do réxime de fiscalización actual, evitando fórmulas de «copago». Fomentaremos os comedores escolares como elemento de socialización e conciliación nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación. Introduciremos criterios de proximidade na subministración dos produtos alimenticios e de calidade ecolóxica.

## **121. Atención específica ás necesidades do medio rural**

Impulsaremos un marco legislativo específico para o subsistema educativo no rural, especialmente no que atinxe aos requisitos mínimos dos centros, á súa estrutura organizativa e á normativa de funcionamento. Potenciaremos medidas inmediatas que poñan en valor o modelo de escola rural e que revertan o desmantelamento que vén padecendo nas dúas últimas legislaturas no marco dun Plan Estratéxico para o Desenvolvemento do Medio Rural Galego.

## **122. Por unha Educación inclusiva**

Impulsaremos un plan de acción para a mellora da saúde mental nos centros educativos, e preveremos a formación en aspectos de saúde mental e relacións sociais do conxunto da comunidade educativa. Reforzaremos as medidas para a detección e tratamento, desde etapas temperás, de problemas de aprendizaxe. Elaborem plans integrais de atención personalizada ao alumnado en risco de fracaso ou exclusión e contrataremos máis profesorado de apoio. Aumentaremos a atención socioeducativa, sociosanitaria e psicolóxica nos centros. Investiremos en centros de difícil desempeño, manteremos e reforzaremos a escola rural e dignificaremos e estenderemos a formación profesional e do ensino de réxime especial.

## **123. Atención ás diversidades**

Desenvolveremos de forma efectiva unha normativa en materia de atención ás diversidades, acompañadas dunha formación docente de calidade e da atención específica de profesionais cualificados. Favoreceremos os desdobres de aulas e a presenza de profesorado de apoio na aula ordinaria. Elaboraremos unha serie de protocolos e medidas de atención ás diversidades en situacións particulares, como a atención hospitalaria e domiciliaria, así como o seguimento da súa aplicación. Daquela, é necesaria unha educación integral que atenda a todas as dimensións da persoa. Requírese tamén unha educación inclusiva que compense as desigualdades socioeconómicas, culturais e individuais, que son as que máis directamente inflúen no éxito ou no fracaso do alumnado.

## **124. Formación nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación**

Estableceremos un Plan de acción para o sistema educativo, con vistas á mellora das competencias no uso das novas tecnoloxías, fomentando un rol activo do estudiantado e potenciando a súa creatividade. A formación no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, tanto no propio proceso educativo coma na vida real, é unha prioridade que non está sendo contemplada de xeito integral, proactivo e innovador. Estableceremos un Plan de acción para o sistema educativo, con vistas á mellora das competencias no uso das novas tecnoloxías, fomentando un rol activo do estudiantado e potenciando a súa creatividade.

## **125. Mellora nas matemáticas**

Derrogaremos o Decreto do Plurilingüismo para eliminar a prohibición de impartir matemáticas e outras materias científicas en galego. Os resultados do informe PISA advirten dun baixo nivel de matemáticas, e dado que as matemáticas son fundamentais para moitos aspectos cotiáns, melloraremos o seu ensino e potenciarémolas entre a sociedade, mediante o impulso de políticas de xuventude que fomenten as matemáticas entre mozos e mozas a nivel local.

## **126. Revisión dos currículos educativos**

Revisaremos os currículos de materias como música, expresión corporal-danza, artes escénicas e plásticas, literatura, filosofía ou historia que son fundamentais para o desenvolvemento dun ser humano crítico e libre. Son estas mesmas materias as que, ademais de estimular áreas do cerebro fundamentais para a concentración, a memoria, a reflexión, a comprensión da realidade, a capacidade crítica, a creatividade, etc, dotan á mocidade dun coñecemento máis profundo non só da propia materia en particular, senón tamén deles mesmos. En definitiva, activan a conexión entre o intelecto e a emoción, dous factores clave que deben ser comprendidos nun todo.

## **127. Educación transversal para a vida**

Fomentaremos un sistema educativo que lle achegue ao alumnado coñecementos en todos os eidos da vida, o que non fai nos ámbitos da psicoloxía e da economía. Polo que atinxe á psicoloxía, o obxectivo é que a poboación adquira habilidades básicas para poder manexarse correctamente ao comprender as causas dos problemas e, así, poder evitalos: acoso escolar, violencia machista, suicidios, actitudes de odio, etc. Referente á economía, o obxectivo é chegar a saber levar a economía persoal, por exemplo, como funcionan os créditos, e que teña unha cultura económica suficiente para non deixarse enganar por propostas políticas basadas en feitos económicos falsos.

## **128. Educación afectivo-sexual**

Dotaremos ao alumnado de ferramentas útiles no ámbito afectivo sexual, para a prevención de doenzas de transmisión sexual (ETS), de embarazos non desexados e de coñecemento do seu propio corpo. Afondar na procura da identificación e xestión das emocións, no recoñecemento de condutas tóxicas e manipuladoras, na aceptación e xestión da frustración e no desenvolvemento da empatía como aspecto fundamental na relación entre as persoas. Na sociedade na que vivimos os estudantes non sempre contan con ferramentas para enfrontarse

ao mundo e as súas propias emocións, o que pode derivar en problemas de saúde mental como a ansiedade ou a depresión.

### **129. Centros integrados de música e danza a nivel profesional**

Crearemos de centros de estudo integrados para alumnado que compaxina as ensinanzas básicas e o bacharelato cos estudos de música e danza a nivel profesional. É fundamental que as novas artistas destas dúas disciplinas conten cunha ensinanza completa que equilibre as horas necesarias para o estudo da música e da danza co ensino obrigatorio da primaria e da secundaria e o post-obrigatorio do bacharelato. Isto evitaría a sobrecarga de horas lectivas diarias e favorecería o tempo necesario de dedicación ao estudo que requiren ambas formacións, poñendo no foco a súa vontade artística.

### **130. Planeamento territorializado da FP**

Revisaremos a oferta de Formación Profesional (FP) baixo criterios de reforzo dunha oferta pública e de calidade acorde coas necesidades do país e planificada territorialmente. Con este fin, contaremos coa participación dos actores sociais e do tecido empresarial para que sirvan de axentes de desenvolvemento e implicar aos centros de FP na elaboración dos Plans Locais e Territoriais de Emprego. Priorizaremos a oferta pública nos ciclos con máis demanda da FP, evitando que a maioría da oferta nalgúns deles se sitúe exclusivamente nas cidades. Promoveremos actuacións que priorizen opcións máis equilibradas no xénero, favorecendo que as alumnas cursen opcións tradicionalmente masculinas e viceversa. A FP e o Ensino de Réxime Especial que correspondan deben contar cunha rede pública suficiente tanto na modalidade presencial para todas as personas que o soliciten, sen barreiras socioeconómicas por taxas nin barreiras físicas por culpa da distancia, como na modalidade a distancia para aquelas persoas que así o demanden. Tamén é necesaria unha actualización dos currículos dos títulos segundo o RD659/2023, xa que logo, aínda hai títulos LOXSE (ano 95) non actualizados.

### **131. Recualificación dos espazos educativos**

Repensaremos a arquitectura dos centros escolares de xeito que as reformas e novas construcións se realicen de acordo con estándares de calidade espacial contemporáneos, adaptados a condicións de confort ambiental sostibles onde a súas instalacións comúns podan ser utilizadas pola comunidade escolar. Os patios escolares deberán transformarse en espazos amigables, seguros, que apoiem actividades non competitivas nin sexistas. Todo isto, xunto coa busca da mellor localización dos edificios escolares no seu contexto, que permita a inmediatez do uso escolar. A mellora será universal e, xa que logo, obxecto dunha acción planificada e axeitadamente orzamentada. Ademais, hai que reutilizar as instalacións educativas infrautilizadas ou pechadas por falta de alumnado, en actividades que repercutan na poboación, como centros culturais, locais para o asociacionismo e mesmo para atención sanitaria ou centros públicos de persoas maiores.

# Universidade

O sistema universitario galego é un dos alicerces fundamentais nos que apoiar o noso futuro e benestar. As nosas universidades son institucións académicas referentes. Apoiaremos de xeito contundente ás universidades e abriremos múltiples vías de colaboración para poder establecer sinerxías e aproveitar a potencialidade das Universidades como fonte de coñecemento e como institucións centrais e fundamentais para o desenvolvemento de Galicia. As universidades merecen políticas públicas axeitadas e tamén un acordo de país que traballe polo consenso e que permita unha relación estable e eficaz, independentemente da cor política dos gobernos, que se viabilice a través dunha relación interadministrativa fundamentada no respecto entre ambas institucións.

## **132. O 1,5% do PIB para as universidades públicas**

As universidades galegas contan con orzamentos sensiblemente inferiores aos orzamentos medios das universidades dos países da OCDE, o que supón un menoscabo na súa capacidade de ofertar tanto unha docencia de calidade excelente, incluído o novo reto da formación ao longo da vida, imprescindible nunha sociedade en continua transformación, como desenvolver unha investigación científica competitiva que supoña unha fonte de desenvolvemento económico e social. O gasto por alumno universitario en España segundo os datos que recollen os informes da OCDE é inferior entre un 20 e un 30% ao gasto medio dos países da OCDE, chegando a unha diferenza de entre o 50 e o 80% cando nos medimos cos países mais avanzados como pode ser o caso de Noruega.

Destinaremos un mínimo do 1,5% do PIB á educación universitaria pública, superando amplamente o previsto no artigo 55 da LOSU. Para garantilo, haberá que dispoñer as medidas que correspondan a través dos orzamentos do goberno galego e reclamar o propio do goberno do Estado.

## **133. Garantía de financiamento universitario**

En liña coa medida anterior, garantizaremos un plan de financiamento para as Universidades que estableza uns fondos estruturais e fixos en lugar das achegas por convenios específicos, porque moitos deles cobren, precisamente, necesidades estruturais ligados á docencia e ao bo funcionamento das universidades. Incorporaremos a estes plans plurianuais un financiamento específico da actividade investigadora, que permita superar un modelo baseado no financiamento temporal dos proxectos, e que dote da necesaria estabilidade a investigadores, equipos e estruturas de investigación.

## **134. Custe cero nas primeiras matrículas en graos e mestrados**

Compromiso de gratuidade dos prezos públicos en graos e mestrados, na primeira matrícula, e compensación ás universidades para evitar que a mingua de ingresos limite a súa competitividade.

### **135. Bolsas de estudo**

Fomentaremos unha política de bolsas que apoie o estudantado con menos recursos e que reteña e atraia talento ao Sistema Universitario Galego, fundamentalmente, no nivel de posgrao. Estableceremos liñas específicas de axudas para facilitar a mobilidade e dirixirémolas ás familias con baixos ingresos. Reforzaremos as bolsas no nivel de grao, que se concederán segundo criterios de renda e distancia do lugar de residencia. Financiaremos dun xeito adecuado os títulos de mestrado, coa posibilidade de establecer un programa de bolsas específico.

### **136. Residencias e comedores universitarios**

Conxuntamente coas universidades, elaboraremos un plan para financiar a dotación de comedores universitarios, a prezos razoables, así como, para ampliar as prazas nas residencias universitarias de xestión pública.

### **137. Recuperar o talento investigador**

Impulsaremos o plan “Recupera Talento” para fomentar políticas públicas de captación e retención de talento con obxectivo de facilitar o retorno do persoal investigador de recoñecido prestixio e de orixe galega disperso polas universidades do mundo, para a súa incorporación ás universidades, centros tecnolóxicos e de investigación e empresas galegas. O obxectivo deste plan será conseguir a recuperación de 1.000 profesionais durante toda a lexislatura.

### **138. Transferencia e Valorización do Coñecemento**

Estudaremos a necesidade de desenvolver formulas xurídicas ou de xestión que incrementen a autonomía dos centros de investigación, sen que estes perdan o seu carácter eminentemente universitario. Desenvolveremos un plan de apoio aos centros de investigación que permita que estes, unha vez acaden unha masa crítica suficiente, conten cos recursos necesarios para a súa consolidación. Os centros de investigación téñense demostrado como as estruturas idóneas para desenvolver políticas de captación e retención de talento, por iso estableceremos un marco estable que permita o desenvolvemento de políticas ambiciosas de xeración de coñecemento. Nesta liña, elaboraremos un Plan Estratéxico de Transferencia e Valorización do Coñecemento xerado nas universidades e centros de investigación.

### **139. Potenciación do Consorcio Interuniversitario de Galicia**

Potenciaremos o Consorcio Interuniversitario como medio óptimo para dotar a Galicia de equipamento estratéxico de alto custo a disposición de toda a comunidade científica, o que dará un importante pulo a liñas de investigación en campos de grande potencial. Moitos dos equipamentos precisos para desenvolver ciencia de vangarda son moi custosos o que fai case imposible que unha única universidade poda rendibilizar a súa adquisición.

### **140. Freo á privatización da Universidade**

Reverteremos as actuais dinámicas privatizadoras do goberno galego e aplicaremos un maior rigor na vixilancia do cumprimento de requisitos para o funcionamento das universidades

privadas. Acabaremos coa notoria asimetría no referido ao trato que reciben as universidades públicas e as privadas por parte da administración galega, tanto nos procesos de autorización de novas titulacións como no referido á cualificación do profesorado.

#### **141. Máis persoal técnico e avaliación das necesidades humanas**

Avaliaremos as necesidades de persoal e a modificación das Relacións de Postos de Traballo de cara a que a administración conte cos recursos humanos suficientes, tanto en número como en cualificación especializada, para desenvolver as políticas necesarias sen depender da subcontratación de servizos. Garantiremos que as estruturas que desde a Xunta de Galicia xestionan os recursos de I+D, Secretaría Xeral de Universidades e Axencia Galega de Innovación, GAIN, non continúen infradotadas en canto a persoal técnico.

#### **142. Relacións coas Universidades da Lusofonía**

Incluiremos entre as prioridades da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal a potenciación das relacións entre as universidades e centros de ensino superior de ambos países. Potenciaremos os instrumentos xa existentes como é o caso da Fundación CEER, integrada polas universidades galegas e do Norte de Portugal, como panca para mellorar a participación nas convocatorias europeas de financiamento de proxectos de I+D. É necesario tamén, impulsar unha maior colaboración no uso de infraestruturas científicas singulares que existen nas dúas marxes do Miño.

#### **143. Plan de renovación do profesorado**

De forma consensuada coas tres universidades públicas e respectando a autonomía universitaria, impulsaremos un plan de “Transición Xeracional”, que facilite a renovación de persoal recollendo o compromiso da administración autonómica de proporcionar recursos e eliminar atrancos, incentivando a formación de persoal investigador así como mediante accións de captación de talento internacional e políticas de retorno de persoal investigador formado en Galicia. Apoiaremos o deseño dunha carreira investigadora o suficientemente atractiva, así como o desenvolvemento de figuras investigadoras e docentes contempladas na nova Lei Orgánica do Sistema Universitario.

#### **144. Captación de recursos europeos**

Desenvolveremos un plan de acción que permita poñer en marcha os mecanismos precisos para incrementar a participación galega no programa marco “Horizonte Europa” de I+D. Coa participación das universidades galegas e os centros de investigación, realizaremos unha avaliación profunda da participación neste programa e noutros programas de financiamento de I+D da Unión Europea.

## Deportes

O deporte é, e debe ser, sinónimo de saúde e benestar persoal e social. Por iso, é necesario promover “ecosistemas saudables” que favorezan o traballo multidisciplinar e ofrezan calidade, seguridade e control para as persoas practicantes, garantindo a profesionalidade das persoas que traballen no sector. A día de hoxe non podemos máis que recoñecer os beneficios físicos e psicolóxicos da práctica deportiva e da actividade física en todos os sectores de poboación. Resulta fundamental realizar campañas, nos medios de comunicación e nas redes sociais, de promoción de hábitos e vida sa, combater o sedentarismo, loitar contra a obesidade infantil e xuvenil e impulsar a vida activa. O talento deportivo non pode ser a única condición para a práctica deportiva. Trátase de promover o deporte entre todas as persoas. As partidas orzamentarias de deportes deben incrementarse até o 0,5% do orzamento da Xunta de Galicia.

É necesario facer fincapé na urxente necesidade social que temos de dar saída e solución ás problemáticas de xénero que existen no deporte e na educación física. Un problema que comeza nas etapas máis temperás da vida e que continúa entorpecendo o desenvolvemento e a formación das mozas galegas. Así, este programa trata de manter o noso compromiso con medidas transversais que incidan en todas as categorías que se desenvolven no mesmo.

O deporte de competición é un sistema de ensinanza-aprendizaxe no que alén dos resultados debe transcender o esforzo, a perseveranza e o obxectivo de mellora persoal. A supervisión e control do contido das prácticas deportivas, por parte dos responsables, como as adestadoras e adestradores, constitúen a mellor garantía de que o deporte, sexa cal sexa a forma de realización que adopte, siga unha ordenación que permita a súa execución do xeito máis eficiente posible.

### **145. Lei Galega do Deporte, con perspectiva feminista**

Impulsaremos unha Lei de Igualdade no deporte que recolla o dereito de toda a cidadanía a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e sen discriminación de ningún tipo. Potenciaremos a participación das mulleres en todos os ámbitos da actividade deportiva. Aumentaremos as subvencións a clubs exclusivamente femininos, sen perder de vista os que potencian a súa sección feminina. Integraremos a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta. Faremos unha diagnose sobre a situación das mulleres no deporte e elaboraremos protocolos dirixidos a loitar contra os abusos e a violencia sexual así como garantir a protección dos menores

### **146. Práctica deportiva ao longo da vida**

Desenvolveremos programas específicos de fomento da práctica deportiva ao longo da vida e un plan específico de actividades físicas para acompañar un avellentamento saudable. Impulsaremos o desenvolvemento do deporte en idade escolar, coa inclusión diversa e efectiva, nos programas de actividades extraescolares, de actividades de adestramento e participación en competicións deportivas intercentros. Desenvolveremos campañas en medios de comunicación e espazos educativos para fomentar hábitos de vida saudable das crianzas cos que combater o

sedentarismo e a obesidade infantil e xuvenil e impulsar a vida activa, así como, campañas deportivas nas escolas, para achegar aos distintos clubs e entidades que existen nas cidades. É fundamental xerar adherencia a hábitos saudables desde as primeiras idades.

### **147. Práctica deportiva transversal e saudable**

Promoveremos actividades deportivas nocturnas dirixidas á poboación máis nova, con eventos deportivos que resulten nun ocio saudable e alternativo e como medida de prevención do abuso de pantallas e do xogo entre adolescentes. Recuperaremos a actividade deportiva nas universidades públicas galegas, como difusoras de deportes (especialmente os minoritarios) a través de convenios e acordos coas mesmas. Desenvolveremos coa colaboración do servizo galego de saúde e os servizos deportivos públicos e privados un sistema que permita facer efectiva a prescrición de exercicio físico na prevención e tratamento de patoloxías crónicas asociadas ao sedentarismo.

### **148. Bonificación da práctica deportiva**

Bonificaremos a práctica deportiva para as familias con escasos recursos e fomentarmos as prácticas deportivas para as persoas con diversidade funcional. Debemos ter a ambición de apostar por un novo marco deportivo. Nesta dirección, aplicaremos o concepto de “inclusión social” como elemento transversal e vertebrador dunha sociedade cohesionada, tamén a través do deporte, implicando para iso ás entidades e institucións que traballan nese ámbito e desenvolveremos accións dirixidas a promocionar o deporte entre as persoas en situación de vulnerabilidade; en especial, entre persoas con diversidade funcional.

### **149. Reforzo á profesionalización do deporte**

Regularemos as prácticas vencelladas á práctica de actividade física e do deporte: educación física, ocio e turismo activo, exercicio físico, preparación física, readaptación e adestramento deportivo. Ampliaremos a oferta de titulacións oficiais de técnicos deportivos de grao medio e grao superior en centros públicos e potenciaremos a formación e presenza de adestradoras, aumentando a posibilidade de formación a través de bolsas e beneficios fiscais para os clubs que teñan adestradoras. Melloraremos a calidade dos servizos e dos programas de tecnificación deportiva e dos programas de alto rendemento deportivo que se implementan na actualidade no Comité Galego de Xustiza Deportiva e impulsaremos a capacidade de xestión das federacións deportivas e dos clubs deportivos galegos, en particular, para mellorar a dixitalización dos seus procesos e favorecer a profesionalización das persoas colaboradoras.

### **150. Control das axudas públicas ao deporte**

Exerceremos un control rigoroso do emprego das axudas públicas dentro dos clubs para asegurar un aproveitamento adecuado das mesmas para os fins aos que están destinados. O obxectivo deste control será o de manter actualizada a capacidade técnica e metodolóxica dos clubs, dos seus adestradores e adestradoras e mellorar a capacidade de captación de recursos económicos e financeiros que sosteñan de xeito eficiente estas organizacións.



## **151. Mellora das infraestruturas deportivas**

Reformaremos e construiremos infraestruturas deportivas esenciais, para dispoñer de material e equipamento deportivo básico, e facilitar a súa creación en contornos naturais con posibilidade de práctica deportiva, respectando sempre o medio ambiente. Nas instalacións deportivas de titularidade pública implementaremos modelos eficientes de xestión directa. Promoveremos convenios cos concellos onde existe déficit de instalacións para a práctica deportiva.

## **152. Fomento de eventos deportivos**

Impulsaremos a organización de eventos deportivos con impacto positivo real nas economías locais, como ferramentas de promoción turística. Debe considerarse medida estratéxica para Galicia o desenvolvemento dos deportes náuticos e dos deportes na natureza. Asemade, é necesario facilitar a participación en competicións internacionais de deportistas, equipos ou seleccións en representación de Galicia.

# Un proxecto de país laborista

---

**Sumar**  
**Galicia**

## Emprego

A falta de emprego é causa da exclusión social, tamén da migración do rural ao urbano e da perda de poboación activa en Galicia cara outros territorios. Pero non só queremos emprego, queremos un emprego que mellore as condicións de vida e traballo das galegas e galegos. Galicia precisa políticas de emprego baseadas nunha mellor análise da realidade socioeconómica do noso país, pactadas cos axentes económicos e sociais dos diferentes territorios que o articulan e que permitan modelos de intervención no mercado laboral de medio e longo prazo. Imos mudar as políticas activas de emprego (PAE) para convertelas en instrumentos reais de recolocación, formación e inserción no mercado de traballo das persoas novas e das desempregadas, pero tamén como peza imprescindible dunha mellor redistribución territorial, da nosa estratexia de loita contra a pobreza e a exclusión social e dunha redución da segmentación horizontal estereotipada do contexto sociolaboral galego.

No centro do modelo situaremos as persoas para facilitarlles o adquirir ao longo de toda a súa vida laboral as habilidades para a vida, máis alá das formacións para o emprego tradicionais, traballando as vertentes persoais, sociais, formativas e laborais. O obxectivo é o dun emprego estable, xusto e de calidade.

### **153. Nova Lei de emprego de Galicia**

Impulsaremos unha nova Lei de Emprego galega que garanta o dereito subxectivo á empregabilidade, colocando ás persoas no centro das políticas activas de emprego e garantindo o seu dereito a dispor dunha carteira de servizos de orientación, formación, mediación e acompañamento adecuados a cada persoa. Unha lei que estableza o marco de ordenación das políticas públicas de emprego e regule o Servizo Público de Emprego de Galicia como organismo autónomo.

### **154. Redución da taxa de paro por baixo do 7% na lexislatura**

Desenvolveremos unha Estratexia para o Emprego acordada na Mesa Galega polo Emprego nos primeiros 3 meses de goberno, poñendo este obxectivo no centro da nosa política económica co impulso da reindustrialización do país e as políticas activas de emprego (PAE).

### **155. Políticas activas de emprego**

Apostaremos por unhas políticas activas de emprego (PAE) directamente conectadas coas necesidades do noso tecido económico e cos plans de reindustrialización comarcais. Así mesmo, estableceremos estándares que garantan a calidade do emprego creado polas PAE, garantiremos o acceso á formación en competencias clave e estratéxicas, para situar a Galicia á fronte das transicións verde e dixital. Tamén garantiremos o dereito á formación continua ao longo da vida laboral e faremos seguimento dos resultados das PAE, mediante a dación de contas dos seus resultados na mesa de diálogo social e elevando o informe de conclusións ao Parlamento galego.

Garantiremos a coordinación das mesmas cos servizos sociais, asumindo a responsabilidade compartida da inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

## **156. Lei de Diálogo Social**

Aprobaremos unha Lei de Diálogo Social que configurará responsabilidades, medios e procedementos que comprometan ao Goberno autonómico co diálogo, a negociación e a consulta aos interlocutores sociais posto que entendemos o diálogo social como ferramenta esencial na configuración das medidas do ámbito laboral.

## **157. Novo pulo aos Centros Integrados de Formación Profesional**

Melloraremos o financiamento dos Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) promovendo a súa especialización e facilitando a creación de vínculos permanentes cos distintos sectores representativos en cada comarca. Para que as persoas acaden a mellor formación para desenvolverse profesionalmente e poidan traballar na súa comarca, contribuíndo a fixar a poboación máis moza ao territorio.

## **158. Formación profesional dual intensiva.**

Incentivaremos e fomentaremos a Formación Profesional Dual intensiva promovendo a laboralización das prácticas profesionais nas empresas, cun incentivo de 3.000 euros por alumna ou alumno.

## **159. Pactos locais e comarcais polo emprego**

Priorizaremos a incorporación das entidades locais nas políticas activas de emprego axudando a definir e financiar Plans Locais e Comarcais de Emprego que dean respostas de proximidade a situacións específicas en cada territorio, con programacións a medio e longo prazo que financiaremos a través de contratos programas que garantan ademais a estabilidade dos servizos de acompañamento as persoas en busca de emprego no territorio.

## **160. Reforma integral do Servizo Público de Emprego de Galicia**

Reformularemos de xeito integral o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) apoiando a reinserción das desempregadas e desempregados, recoñecendo as súas competencias, formando e orientando, modificando a súa estrutura orgánica e funcional e reforzando o seu carácter público. Recuperaremos, en colaboración co tecido universitario galego, a súa capacidade de prospección, mellorando a coordinación co SEPE, adaptándoo a persoas con diversidade funcional e garantindo a accesibilidade universal a todos os edificios e instalacións públicas.

## **161. Seguridade e saúde laboral**

Melloraremos a seguridade e a saúde laboral, ampliando os sistemas de detección de enfermidades profesionais a través dos servizos públicos de sanidade e investindo na investigación dos accidentes laborais para elaborar plans de prevención de riscos laborais específicos para cada sector.

## **162. Bonos de transporte para os desprazamentos profesionais**

Estenderemos na rede autoestradas de peaxe galegas bonos profesionais-laborais que eximan dos custos da mobilidade recorrente polas vías de alta capacidade as traballadoras e traballadores que non teñan medios alternativos que permitan o seu desprazamento en transporte colectivo en tempo e horas adecuado.

## **163. Protección de emprego en sectores vulnerables**

Despregaremos, con carácter estrutural, programas de intervención e apoio público orientado a protexer o emprego, as capacidades produtivas e a posición de mercado, en sectores produtivos que se vexan impactados por situacións coxunturais que os poñan en risco ou estado de *shock*. Impulsaremos as formas de economía social para favorecer a permanencia das nosas empresas en Galicia e a súa xestión por parte das súas traballadoras e traballadores.

## **164. Cualificación profesional para a economía social e circular**

Promoveremos plans de formación e cualificación pensados para capacitar e dotar de habilidades relacionados coa sostibilidade, a economía social e os coidados. Deste xeito, as persoas desempregadas terán a posibilidade de reconducir a súa vida laboral adquirindo destrezas que lles permitirán empregarse en sectores que maximizan o benestar da cidadanía, en modelos de traballo por conta allea ou a través da creación de empresas de economía social. Impulsaremos programas de formación continua para fomentar a profesionalización en sectores coma o da dependencia, acompañando o seu tránsito ao mercado formal de traballo.

## **165. Un novo sistema de prácticas en empresas e institucións**

Estableceremos a obrigatoriedade das prácticas remuneradas con remuneracións equiparadas ao SMI que protexan as persoas en prácticas, eviten a substitución de persoal traballador por estudantado e rematen con dinámicas que contribúen a dificultar que as persoas mozas accedan a un contrato estable. Priorizaremos a formalización de contratos en formación de prácticas como sistema preferente de adquisición de formación en contornas laborais, favorecendo a transformación dos programas de prácticas en empresas dos diferentes ámbitos do sector público para esta modalidade.

## **166. Equipas galegas da promoción da igualdade nas empresas (EGI)**

Crearemos as equipas galegas da promoción da igualdade nas empresas (EGI), instrumento para promover un mellor cumprimento da normativa en materia de igualdade na materia laboral e colaborar na implantación e desenvolvemento de plans de emprego e igualdade nas empresas galegas, así como a prevención do acoso sexual e de xénero no traballo. Estas equipas estarán conformadas por un integrante por cada un dos sindicatos máis representativos de Galicia e un por parte da CEG, terán as atribucións necesarias para poder exercer as súas funcións, incluída á relativa á visita aos centros de traballo e empresas, dotaranse do seu propio regulamento a través dos instrumentos propios da negociación colectiva e terán garantidos os recursos e medios necesarios.

### **167. Plan de choque contra a siniestralidade laboral**

Proporemos un Plan de Choque, co obxectivo de reducir a siniestralidade laboral, en colaboración coa Inspección de Traballo, as mutuas colaboradoras da seguridade social, as organizacións sindicais e patronais e diversos actores da sociedade civil. Galicia registrou no 2023 o maior incremento da siniestralidade laboral dentro do Estado, tanto en accidentes de traballo -uns 27% máis no último ano- como *in itinere*, que aumentaron uns 53% ao ano. Este dato supón 256 accidentes por cada 100.000 persoas traballadoras, o segundo maior crecemento das comunidades autónomas no último trimestre e o máis alto con respecto a 2022, un 27% en ámbolos dous casos.

### **168. Inclusión sociolaboral e convocatorias específicas para ONGs**

Reforzaremos a presenza de programas executados por ONGs especializadas no traballo con colectivos desfavorecidos promovendo a plurianualidade dos seus Puntos para o Emprego e Programas Integrados de Emprego. Actualmente as persoas en situación administrativa irregular, traballadoras empobrecidas, persoas racializadas, vítimas de prostitución ou trata, afectadas pola fenda dixital, etc son colectivos que apenas teñen acceso a programas de inclusión sociolaboral.

### **169. Máis emprego público e máis estable**

Acadaremos a porcentaxe europea de emprego público para crear máis emprego público e máis estable. O sector público en Galicia ten un tamaño moi cativo comparado co dos demais países de Europa. Apostaremos pola estabilidade no emprego para mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo a taxa de temporalidade do 33% actual ao 8% con ofertas públicas de emprego, especialmente na sanidade, o ensino, os servizos de emerxencia e a dependencia que teñan en conta ademais a xeración cunha xubilación próxima, sendo 1 de cada 3 persoas empregadas públicas nunha media de idade dos 50 anos.

## Economía social

Entendemos a economía social como un modelo económico clave para a transformación da nosa economía pola súa capacidade para xerar emprego digno, pola súa resiliencia ante *shocks* económicos, a súa capacidade para contribuír á transición enerxética, verde e dixital e o seu poder de redistribución da riqueza en Galicia. No marco da economía social, cooperativas, mutualidades, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego de iniciativa social, confrarías de pesca, sociedades agrarias de transformación e outras iniciativas singulares alcanzan a ser unhas 40.000 traballadoras e traballadores que contribúen a unha economía galega máis xusta, solidaria, inclusiva e resiliente achegando case os 7% do PIB da comunidade segundo datos achegados polo Foro Galego pola Economía Social Galega, (FOROESGAL) cuxas demandas así como as plantexadas pola entidade Espazo Coop, facemos propias.

### **170. Fortalecer os órganos de participación da economía social**

Fortaleceremos os órganos de participación institucional propios da economía social, como son o COGACO e o Consello de Economía Social de Galicia, dotándoos de personalidade xurídica e capacidade para facer efectiva a súa función de cogoberno. Crearemos unha secretaría ou dirección xeral de economía social, en liña co rango que ten a economía social no Goberno de España e noutros gobernos autonómicos.

### **171. A economía social dentro da Lei de Participación Institucional de Galicia**

Incluiremos o sector da economía social dentro da Lei de Participación Institucional de Galicia, cumprindo, deste xeito, coa recomendación do Consello de Europa de 9 de outubro e promovendo que o sector de economía social se sitúe ao maior nivel de interlocución.

### **172. Evitar o intrusismo na economía social**

Modificarémos a Lei de Economía Social de Galicia co fin de evitar o intrusismo de entidades que, non cumprindo os principios de economía social, queren incluírse na mesma. Particularmente, destacaremos a vixilancia desde os rexistros competentes en materia de centros especiais de emprego de inserción social sen ánimo de lucro (en adiante, CEEIS) e as empresas de inserción, incrementando a súa capacidade de auditoría e control para evitar un uso fraudulento das fórmulas de economía social. Estableceremos criterios diferenciadores nas ordes de axudas, tanto para CEEIS como para empresas de inserción

### **173. Reformar a lei de Cooperativas de Galicia**

Elaboraremos un novo texto legal, adaptado ás necesidades, demandas e situacións socioeconómicas actuais: tipo de cooperativas, capital social, regulamento, etc. Dotaremos de maior seguridade xurídica e simplificaremos os trámites burocráticos, modernizando o rexistro de cooperativas, axilizando os procesos de creación e facilitando os trámites rexistrais equiparándoos a outros modelos empresariais. Identificaremos as distintas realidades do

cooperativismo, para unha regulación eficiente que favoreza a creación, funcionamento e consolidación das cooperativas galegas.

#### **174.Promoción e visibilización do cooperativismo**

Implementaremos accións destinadas ao coñecemento do cooperativismo en centros de ensino e universidades, coa posta en valor dos seus principios e a identificación das súas potencialidades. Fomentaremos, así mesmo, actuacións con axentes prescriptores de emprendemento, creación de procesos participativos e xerar alianzas con outras redes de intervención socioeconómica.

#### **175.Centro de Innovación e Economía Social**

Crearemos un centro de Innovación e Economía Social que execute as accións de desenvolvemento da economía social nos distintos sectores. Este centro conformaríase como coordinador da Rede Eusumo.

#### **176.Estratexia transversal de Economía Social de Galicia**

Integraremos a economía social de Galicia no conxunto de políticas transversais de apoio sectorial á economía como un sector máis, contando con unha estratexia de desenvolvemento de seu. Esta estratexia será transversal ao conxunto do goberno galego e dará resposta aos retos que a economía social ten que desempeñar en sectores como o agroalimentario, os servizos sociais, o sector educativo, o sector cultural, o sector medioambiental e o sector das enerxías renovables, así como contar cunha estratexia de captación de investimentos e fondos, públicos e privados, para o sector.

#### **177.Mellora e consolidación das empresas de economía social**

Crearemos un programa de axudas que permita crear empresas de maior dimensión, mantendo os sinais de identidade de gobernanza da economía social e que sosteñan os seus factores de competitividade no mercado. Este programa contará con liñas de axudas á consolidación empresarial, para a ampliación de mercados a nivel estatal e para o apoio á concentración de empresas.

#### **178.Programas de apoio ao emprendemento en cooperativismo**

Impulsaremos programas de apoio ao emprendemento cooperativo, co recoñecemento das súas características diferenciadoras e a posta en valor do emprego cooperativo societario, con programas de apoio á consolidación e fortalecemento das cooperativas; acompañamento profesionalizado a través das oficinas de atención ao emprendemento de apoio aos procesos de transformación e de dimensionamento de cooperativas, e prescribindo este modelo de emprendemento para impulsar procesos de xestión colectiva de recursos e necesidades da cidadanía (consumo, subministro, vivenda...).



## **179. Obxectivos de compra pública responsable**

Potenciaremos a contratación reservada, como fórmula principal para fomentar a contratación de persoas con discapacidade e/ou en situación de exclusión social, consolidando o Observatorio de Contratación Reservada de Galicia que analiza a evolución da contratación tanto a nivel local como a nivel autonómico. Potenciaremos en toda a contratación pública as fórmulas que favorecen o acceso ás empresas que sitúan ás persoas no centro (cláusulas sociais, mellora do coñecemento do catálogo de produtos e servizos das entidades no mercado público) potenciando, deste xeito, os ecosistemas locais e mellorando a redistribución da riqueza e a fixación de poboación. Entendendo que a compra pública responsable é en si mesma unha política pública que favorece a consolidación da economía social.

## **180. Apoio ao Cooperativismo cultural**

Impulsaremos o cooperativismo e a economía social como fórmulas de dignificación e profesionalización do sector cultural galego. A utilización de fórmulas de economía social vén demostrándose como alternativa á economía convencional o que está a garantir un desenvolvemento do sector de industrias culturais forte e xerador de emprego de calidade. Para isto, estableceremos liñas de formación específicas, deseñaremos e implementaremos liñas de emprendemento e consolidación concretas e favoreceremos a súa internacionalización. Nos últimos anos o sector cultural no ámbito da economía social, nomeadamente, coa fórmula cooperativa, foi un dos que amosou maior dinamismo e crecemento sendo capaz de dar respostas ao reto de profesionalización e dignificación que a industria cultural precisaba. Apoiaremos esta dinámica e favoreceremos que empresas culturais da economía social contengan unha ampla proxección tanto no país como fóra das nosas fronteiras, situándose como axentes económicos relevantes que, ao mesmo tempo, favorecen a construción da nosa identidade como pobo.

## **181. Apoio ao Cooperativismo de ensino**

Recoñeceremos os centros de ensino cooperativos como espazos dunha educación laica, igualitaria e democrática, máis achegados ao ensino público a pesar da súa xestión privada, que ao resto do ensino privado concertado. Axudarémolos na mellora de recursos económicos destinados a persoal e mantemento dos centros, procurando unha equiparación co ensino público e unha homoxeneización nos dereitos do alumnado e o profesorado. Apoiaremos e financiaremos a figura da persoa "liberada cooperativa" de igual forma que noutras comunidades, facilitando deste xeito a capacidade de interlocución do sector coa comunidade educativa e coa administración pública.

A presenza do cooperativismo no sector educativo ten unha longa traxectoria caracterizándose por ser centros de xestión participativa e solidaria, propia do cooperativismo, nos que se garante un emprego sostible e co-responsable. Por outra banda, estes centros convértense en promotores e difusores dos valores propios desta fórmula empresarial que fomentan o traballo en equipo o emprendemento e a autoxestión como valor e sempre desde unha perspectiva de democracia directa, igualdade e laicidade.

## **182. Cooperación entre empresas da economía social**

Promoveremos a colaboración entre as entidades da economía social para solventar as súas dificultades de escala, mediante o estímulo da colaboración entre empresas, o desenvolvemento de ferramentas financeiras adaptadas, o respaldo á educación, a innovación e a internacionalización. Ademais, facilitaremos a entrada de novos membros e a capitalización das organizacións xa existentes.

## **183. Cooperativismo e a economía dos cuidados**

Impulsaremos a creación de cooperativas nos sectores da economía dos cuidados como parte dos plans de empregabilidade e transición de modelos de cuidados informais a cuidados profesionalizados, como estratexia de protección dos dereitos das persoas traballadoras destes ámbitos, así como, a valorización destes traballos esenciais e imprescindibles, cando é un feito que a poboación de idade avanzada ou con algún tipo de discapacidade física ou mental está a aumentar nas nosas comarcas.

## Industria e empresa

Apostamos por unha nova forma de entender a política industrial e empresarial co obxectivo de alterar a estrutura da produción en favor dos sectores que ofrezan mellores perspectivas de crecemento económico, mais tamén debemos incorporar consideracións sociais máis amplas, como a vertebración do territorio, a xustiza e benestar social, o reparto da riqueza e a xestión sostible do medio ambiente. Partindo dunhas liñas estratéxicas claras debemos repensar non só o sector manufactureiro, propio das grandes empresas, senón tamén o rural desde a perspectiva da súa propia autoxestión minifundista. Por riba de todo, cara ao aproveitamento de todo o seu potencial xerador de riqueza para o eido industrial tradicional, o seu poder transformador da man da economía social e os proxectos enerxéticos colectivos, entre outras cousas.

Galicia ten que avanzar cara a un cambio de modelo produtivo sustentado no sector industrial, gañando peso até situarse ao redor do 20% do noso PIB. Sendo o vector que xere riqueza para fortalecer os servizos públicos, xerando empregos de calidade, sendo á súa vez efecto tractor do resto dos sectores, principalmente do sector servizos.

Este obxectivo precisa dunha política, no noso país, que se fundamente na recuperación da soberanía industrial á vez que nunha maior autonomía enerxética.

### 184. Minería urbana

Desenvolveremos o Plan 'Galicia Recupera' de minería e crearemos un sistema galego de recollida de refugallos electrónicos descentralizado e que se apoie nos puntos limpos municipais e nas plantas de transferencia de Sogama. Abriremos unha liña de axudas públicas para o apoio á modernización e implantación de empresas de recuperación e reciclaxe de materiais, promovendo a extracción secundaria en detrimento da extracción primaria. Estas axudas incluíran facilidades para a implantación destas empresas nas áreas industriais existentes que teñan o espazo e as infraestruturas axeitadas, como nos casos das Pontes ou de Cerceda-Meirama. Tamén impulsaremos outra liña de axudas públicas para apoiar un ecosistema propio de I+D de empresas e centros públicos de investigación no eido da minería urbana. Promovendo a investigación e o desenvolvemento de deseños de produtos que teñan en conta o seu ciclo de vida, así como modelos de reutilización e reparación.

### 185. Polo ecoindustrial

Impulsaremos o Plan 'Galicia Ecoindustrial' de colaboración público-privada para impulsar un modelo industrial verde innovador, xerador de emprego e produtor de bens que favorezan a transición ecolóxica en Galicia. Neste sentido, incentivaremos a produción de placas solares para cubrir os tellados das vivendas, a fabricación e instalación de sistemas de produción de enerxía renovable, turbinas minihidráulicas, baterías eléctricas, aeroxeradores terrestre e mariños, etc... Procurando emprazamentos como A Mariña, de longa tradición industrial e tomando exemplos como o do biopolo de Santiago.

## **186. Rede local e comarcal da promoción industrial**

Crearemos unha Rede de Centros Locais e Comarcais de Promoción Industrial con espazos operados polo IGAPE en colaboración coas entidades locais e comarcais galegas. Desde estes centros, identificaremos os sectores industriais chave de cada territorio para centrar as axudas a proxectos industriais nos mesmos. Facilitaremos o acceso ao chan industrial propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) en condicións económicas vantaxosas á industria deses sectores.

Tamén elaboraremos Plans de choque contra posibles *shocks* económicos que afecten a esos sectores. Aliñaremos as políticas activas de emprego cas necesidades do tecido industrial para garantir formación ocupacional, continua, contratos de formación e axudas á contratación adaptadas a realidade de cada cidade/comarca. E albergaremos os centros locais de cocreación tecnolóxica público/privados que permitan mellorar as políticas de transferencia de tecnoloxía e especialmente a investigación adaptada á empresa.

## **187. Plan Galego de Reindustrialización**

Desenvolveremos a través dos Centros Locais e Comarcais de Promoción Industrial un plan de reindustrialización do territorio galego para transformar o noso modelo económico. Promoveremos a descentralización do tecido produtivo, orientando a produción industrial segundo as principais vías de comunicación do país, o que permitirá que cada zona se especialice nun sector industrial específico, respectando o tecido produtivo xa existente. Esta estratexia ten como fin o fomento da innovación e a maximización do benestar cidadán a través dunha estreita colaboración entre o sector público e o privado, coa priorización da creación de emprego en novas cualificacións da transición ecolóxica e unha visión sostible de longo prazo.

## **188. Estratexia industrial de Galicia e Pacto Verde Europeo**

Aliñaremos a estratexia industrial de Galicia co establecido no Pacto Verde Europeo e promoveremos un proxecto de reindustrialización en Galicia baseado nunha transición enerxética xusta, transformando a xeración de enerxía en produción de enerxía renovable. Este proceso irá acompañado da fabricación de compoñentes de toda a cadea de valor deste tipo de industrias, especialmente eólica terrestre e mariña, fotovoltaica e biomasa, sendo unha oportunidade para a creación dun gran número de empregos especializados, tendo xa Galicia unha base sólida neste sector, convertendo o noso país nunha potencia industrial en enerxías renovables.

## **189. Medre das nosas empresas**

Apoiaremos o medre das nosas empresas para reformar a actual estrutura empresarial galega. Os 98% das empresas galegas son medianas ou pequenas empresas. Incentivaremos o aumento da produtividade e a capacidade de innovación, impulsando a colaboración entre empresas e o apoio ás mesmas entre clústeres, universidades, centros de innovación e axentes sociais.

## **190. Apoio ao emprendemento e políticas activas de emprego**

Estableceremos un programa de apoio ao emprendemento coordinado coas Políticas Activas de Emprego para acompañar ás persoas emprendedoras e traballadoras autónomas máis alá do proceso de inicio da súa actividade empresarial, apoiando a súa actividade ao longo da súa traxectoria con axudas ao investimento, bonos de servizos profesionais e formación e capacitación adaptada ás esixencias dos seus negocios. Estas axudas en réxime de concorrencia competitiva incorporarán criterios de xustiza económica e social favorecendo emprendementos naqueles colectivos con maiores dificultades socioeconómicas.

## **191. Banco Galego de investimento**

Crearemos un banco público de investimento co obxectivo de impulsar, reorientar e vehicular o ecosistema de inversións públicas e privadas. Este banco público será o encargado de dirixir recursos o desenvolvemento de proxectos empresariais e industriais de carácter sostible e innovador. Polo tanto, tratarase dunha institución pública que facilita e mobiliza os recursos necesarios para realizar investimentos estratéxicos orientados a maximizar o benestar cidadán, mellorando a calidade de vida e contribuíndo ao desenvolvemento integral da comunidade. Financiará unha multiplicidade de proxectos, como infraestruturas sostibles, construción de vivendas públicas, actividades relacionadas cos coidados e a cooperación e empresas no ámbito da economía circular. Non se tratará, polo tanto, dunha mera entidade financeira que persegue beneficios privados, senón dun motor de cambio e progreso para o país.

## **192. Peche das cadeas de valor nos sectores xa implantados**

Desenvolveremos programas para promover a creación de iniciativas empresariais que supoñan o peche das cadeas de valor daqueles sectores xa implantados no territorio.

Identificaremos as oportunidades de creación de iniciativas empresariais, realizando programas específicos de apoio ao emprendemento que integren a formación, a dispoñibilidade de financiamento para os investimentos precisos e a xestión en condicións preferentes do chan industrial.

## **193. Atracción e retención do talento e conciliación**

Crearemos un plan piloto con 100 empresas que permita analizar o impacto da implantación de plans de conciliación como estratexia de atracción e retención do talento na empresa. A implantación de medidas de conciliación reduce o absentismo laboral vinculado aos coidados, os custos de oficina polo teletraballo e favorece un reparto xusto dos coidados entre homes e mulleres.

## **194. Solo industrial e Instituto Galego de Vivenda e Solo**

Facilitaremos o acceso a solo industrial propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Flexibilizaremos as condicións económicas para a súa compra por proxectos empresarias industriais identificados como claves e representativos en cada territorio, limitando o uso comercial do chan industrial.

## **195. Eixo de desenvolvemento de creación dixital e dos videoxogos**

Crearemos un eixo galego de contidos dixitais que desenvolva programas de preincubación, incubación e aceleración, dirixidos a creadoras e creadores, emprendedoras e emprendedores, e empresas emerxentes do sector cultural dixital e do videoxogo que comprenda toda a cadea de valor da industria, destacando as áreas de produción, guionización, promoción, comercialización e desenvolvemento de *software*. Apoiaremos, ademáis, a creación dunha Convocatoria de subvencións á difusión da creación de videoxogos, podcast, videocast, streamers e proxectos culturais dixitais. A actual situación do sector galego non é quen de asimilar a todas as persoas tituladas polo que obriga á mocidade a emigrar na procura dun posto de traballo que se corresponda coa súa formación. Incentivar a industria dos videxogos en Galicia facilita o acceso ao traballo da mocidade, os postos de traballo no sector están desenvolvidos nun 40% por persoas menores de 30 anos.

## **196. Observatorio de marxes empresariais**

Estableceremos un Observatorio Galego da Competencia e as Marxes Empresariais que traballe en colaboración co que se estableza a nivel estatal, coa finalidade de recompilar a información necesaria para prever ciclos inflacionarios, promover unha competencia apropiada nos mercados de bens e servizos e unha repartición equitativa dos beneficios.

## **197. Cláusulas de sostibilidade na contratación pública innovadora**

Impulsaremos o aproveitamento de todas as oportunidades de compra pública dentro do marco da Lei de Contratos do Sector Público mediante a inclusión de cláusulas sociais e ecolóxicas e a adquisición innovadora en todas as compras de bens e servizos do sector público galego. Neste contexto, estableceranse cotas de reserva de contratos para provedores que teñan obxectivos de inclusión social, políticas de igualdade de xénero e outras de natureza social en todas as contratacións de todas as Consellerías Autonómicas. Incentivaremos nas contratacións públicas as propostas que incorporen valores certificados de "Compras Verdes". Incluiremos criterios que desaconsellan a contratación con empresas con comportamentos que fosen sancionados por prácticas anticompetitivas e por manter actividades en espazos cualificados como guaridas fiscais. Activaremos unha Comisión de Contratación Pública Innovadora, con participación social e de expertas e expertos, que realizará recomendacións e seguimento de toda a adquisición pública.

## **198. Novos fondos de capital risco público-privado**

A través do Banco Galego de Investimento, promoveremos a creación de fondos de capital risco de natureza público-privada para estimular o emprendemento social e os proxectos empresariais que se constitúan como cooperativas, así como outras formas empresariais pertencentes á economía social.

## Innovación e ciencia

A capacidade innovadora dos territorios é esencial para o desenvolvemento económico, a creación de emprego e o benestar da cidadanía. Galicia amosa no contexto europeo e español un desenvolvemento da súa capacidade innovadora por debaixo da media, particularmente se temos en conta os principais indicadores de gasto en I+D, solicitude de patentes e empresas innovadoras. O gasto en I+D sobre o PIB sitúase en Galicia en 2022 no 1,1% do PIB. No Estado español é do 1,43% e na UE o 2,26%. Os indicadores de innovación onde Galicia amosa un papel máis activo e próximo ou mesmo superior á media europea están estreitamente ligados ao rol das universidades, tanto no seu labor formativo como investigador. Isto indica un escaso aproveitamento das ferramentas das que dispoñemos en materia de innovación, como son as competencias directas sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e industrial. É preciso, por tanto, establecer unha estratexia de innovación integral que promova a interacción entre os distintos axentes do sistema de innovación de cara a reforzar a capacidade innovadora, competitiva e de creación de emprego do tecido produtivo galego.

Galicia precisa dotar o seu ecosistema innovador e científico dos recursos e da estabilidade precisos para garantir a súa capacidade para nutrir os proxectos xerados no país. O sistema produtivo desenvolveuse, nos sectores máis innovadores, en base á incorporación de tecnoloxía de moita intensidade científica (TIC, IA, Xenética, *Big Data*), mentres que o peso do sector industrial está a afundirse a expensas dun sector de servizos orientado ao turismo, comercio ou aous servizos financeiros. As sucesivas crises reduciron á metade o número de empresas innovadoras, nun espazo, o da creación de innovación, onde conviven diferentes axentes institucionais de difícil coordinación entre si e coa Xunta de Galicia (centros de excelencia, centros de investigación, departamentos universitarios, etc.).

### **199. Reforzar o papel da Axencia Galega de Innovación**

Reforzaremos o papel da Axencia Galega de Innovación: aglutinaremos as competencias precisas en materia de I+D do sector empresarial, universitario e dos demais axentes do sistema galego de innovación.

### **200. Plan Galego de Innovación 2025-2028**

Impulsaremos o Plan Galego de Innovación 2025-2028 (PGI) como estratexia central da innovación en Galicia. Aliñáremolo cos instrumentos marcados pola UE (RIS3) e ampliaremos de forma progresiva os fondos asignados ao mesmo, que medrarán todos os anos como mínimo dous puntos por riba do crecemento dos orzamentos galegos.

### **201. Colaboración tecnolóxica entre centros públicos e empresas**

Estableceremos, no marco do PGI, un programa de apoio á colaboración entre centros públicos de investigación e tecnoloxía e empresas, nomeadamente, PEMES. Tanto nos sectores tradicionais e consolidados como nos emerxentes. Unha nova relación co tecido produtivo na que apostaremos por un modelo de creación conxunta ou cocreación de innovación entre o sector

público e o tecido produtivo. Isto favorecerá a mobilidade do persoal entre centros públicos e privados: os centros locais de cocreación tecnolóxica público-privados permitirán mellorar as políticas de transferencia de tecnoloxía e, especialmente, a investigación adaptada á empresa dos Centros Locais e comarcais de Promoción Industrial (ademais da formación permanente do persoal técnico).

## **202. Impulso ás carreiras profesionais na ciencia**

Deseñaremos unha carreira profesional para o persoal dedicado á investigación e á carreira científica que contemple diferentes modelos de actividade e que inclúa a investigación clínica en hospitais. O persoal do sector está composto por persoas traballadoras enmarcadas en tres actividades: investigación, apoio técnico e administración e xestión. As súas carreiras profesionais, estruturadas en convenios, débense basear na competencia profesional e non nunha mal entendida excelencia. O aumento de cocientes deste persoal respecto do científico redundaría nunha considerable mellora da eficiencia do sistema. Proporemos un sistema estable, con carreiras profesionais predicibles e non precarias; con convocatorias predicibles en tempo e contía e con mecanismos de financiamento que dean continuidade ao sistema. É moi importante a existencia de financiamento basal para unidades de investigación de traxectoria solvente. A xestión administrativa dos procesos basearase na confianza nos administrados, con requisitos de xestión adecuados, pero sen burocracia.

## **203. Un marco de apoio estable aos centros de investigación**

Estableceremos unidades de investigación estables grandes e interdisciplinares e autenticamente colaborativas dentro do sistema de innovación de Galicia. Aseguraremos, a través dunha ampliación do orzamento dedicado á promoción do sistema de innovación, orzamentos estables e suficientes como para garantir un financiamento basal ao seu persoal que asegure o mantemento continuado da actividade desde o respecto á autonomía de xestión de cada centro. Primaranse aqueles centros de investigación cunha visión estratéxica clara. Crearemos mecanismos como o financiamento basal de centros, cun impulso da avaliación a posteriori como proceso de rendición de contas. As convocatorias deberían ser estables no tempo, predicibles e sen barreiras administrativas.

## **204. Industria de alta tecnoloxía e sector industrial estratéxico público**

Apostaremos por un modelo de país orientado á industria de alta tecnoloxía no que se impulse o tecido de base tecnolóxica sen renunciar á creación dun sector industrial estratéxico público. Neste sentido, as axudas públicas servirán para o desenvolvemento de tecnoloxía propia e non só para adquirir tecnoloxía externa que manteña dependencias do exterior. Neste marco buscaremos facilitar o dominio público de creacións nas que o financiamento público foi relevante.

## **205. Galicia como espazo de excelencia para a produción científica**

Promocionaremos o noso país como espazo de excelencia para a produción científica. Faremos un esforzo por atraer grandes instalacións científicas que, a parte do seu valor intrínseco,



funcionen como actividade tractora da tecnoloxía e contribúan ao peche das cadeas de valor da nosa industria.

### **206. Aposta pola creación de empresas de base científica**

Revisaremos as políticas de apoio ao emprendemento baseado no coñecemento que parte da identificación dunha idea de negocio obtida a través dun proceso de investigación desenvolto por un grupo investigador. Isto abarcará tanto o ámbito das humanidades e ciencias sociais como o das ciencias experimentais, enxeñerías e ciencias da saúde. Teremos presentes os proxectos directamente vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico e tamén aqueles derivados do diálogo que se establece entre as humanidades e ciencias sociais coas tecnoloxías da información que permiten innovar nos aspectos epistemolóxicos e nos métodos de traballo.

### **207. Contra a desigualdade de xénero nas empresas de base tecnolóxica**

Implementaremos un Plan de acción contra a desigualdade de xénero nas empresas de base tecnolóxica para loitar contra os obstáculos, xa sexan de tipo contextual, económico ou psicolóxico, que derivan nunha menor participación das mulleres na iniciativa empresarial. Incluiremos a perspectiva de xénero nos procesos de asesoramento a aquelas mulleres interesadas na actividade emprendedora para acadar unha participación equitativa no emprendemento como factor de desenvolvemento económico e social.

### **208. Compra pública innovadora para impulsar sectores estratéxicos**

Apostaremos pola compra pública innovadora como ferramenta para impulsar a innovación en sectores estratéxicos de interese social e como sistema de adquisición da innovación. Complementariamente aos programas de axudas, empregárase na execución do Plan de Reindustrialización de Galicia, así como na implementación da estratexia RIS 3 de Galicia e na execución do Plan Galego de Innovación 2025-2028.

## Medio rural

O medio rural, a agricultura, a pesca e a alimentación son ámbitos especialmente afectados polo esgotamento do modelo de produción industrial e os efectos do cambio climático. As persoas traballadoras do rural e do sector pesqueiro e, especialmente, a agricultura familiar e a pesca a pequena escala, teñen desempeñado un papel esencial no coidado do territorio e a biodiversidade. A transición ecosocial é unha oportunidade se as institucións garanten a xustiza e a loita contra a desigualdade territorial. Necesitamos unha sociedade que promova a participación efectiva da poboación, independentemente da densidade poboacional dos territorios, para fornecer un medio rural e pesqueiro vivos con políticas comprometidas con ese horizonte. O conxunto da sociedade debe asumir que a prestación de servizos esenciais para unha alimentación e unha vida saudables, achegados desde o medio rural, deben ser retribuídos en consonancia suficiente cos obxectivos dunha transición ecolóxica xusta.

### **209. Especialización do agro galego e calidade alimentaria**

Consolidaremos as liñas de especialización do agro galego ao tempo que promoveremos a diversificación e calidade alimentaria. Durante as últimas décadas, actividades como a gandería de vacún de leite, o vacún de carne, a horta, a viticultura e moitos outros subsectores convertéronse nos principais vectores de actividade nas zonas rurais de Galicia e contribuíron a soste as rendas e o emprego. Con todo, estas actividades están a afrontar notables retos que requiren dunha acción de apoio e orientación por parte da administración pública. Ao mesmo tempo, o desenvolvemento do mundo rural galego require da apertura de novas oportunidades, da diversificación, tanto cara a novos produtos como cara a outras formas de produción. Así mesmo, a capacidade do agro galego para competir nun mercado cada vez máis liberalizado e globalizado debe basearse principalmente en produtos de calidade, con personalidade propia, diferenciados e con garantía de salubridade.

### **210. Diversificación económica**

Impulsaremos unha diversificación económica no rural galego que promova a conservación da biodiversidade e a restauración de ecosistemas, o turismo sostible, unha axeitada ordenación dos bosques, a transición enerxética e o desenvolvemento dunha economía dos coidados. Implantaremos servizos no lugar de arraigamento e, no caso do interior e a alta montaña de Ourense e Lugo, practicaremos a discriminación positiva cun coidado especial. Aplicaremos nestes casos unha visión de conxunto para comprender a importancia que tería para toda Galicia o desenvolvemento sostible da súa columna montañosa, dos seus bosques, vales e ríos e os beneficios e a riqueza dun espazo de montaña moderno, produtivo e ben coidado para que as súas xentes non o abandonen.

### **211. Mobilización de terras productivas**

Incentivaremos políticas e actividades que contribúan a frear o proceso de abandono do rural. Un proceso que debe ser revertido se queremos ter un mundo rural poboado e dinámico que poida garantir a soberanía alimentaria e se queremos minimizar as sucesivas vagas de lumes que

periodicamente asolan o territorio. Colocaremos o foco na mobilización produtiva de terras, para o que nos apoiaremos no marco normativo vixente que contempla instrumentos de utilidade para abordar este reto. Proporemos tamén, onde sexa necesario, solucións innovadoras.

## **212. Plan agroforestal “Galicia Produce”**

Lanzaremos o plan especial “Galicia Produce” de emprego verde e novas oportunidades laborais no sector primario asociadas ao tecido agroforestal galego. Deste xeito fomentaremos a creación de novas empresas e cooperativas, asesoraremos as persoas autónomas e axudaremos a transformar as iniciativas que xa existen cara a un novo modelo: máis respectuoso co medio ambiente, máis autosuficiente, con maior valor engadido e con maiores beneficios económicos. O impulso deste novo plan agroforestal “Galicia Produce” procurará unha estratexia agroalimentar e forestal propia e garantirase mediante o asesoramento técnico, o apoio económico, a posta a disposición total do banco de terras, a creación dun novo selo de calidade desta produción e unha promoción comercial que busque que o consumidor entenda os beneficios deste novo modelo (e que isto repercuta na mellora da sostibilidade futura de este sector).

Na gandería fomentaremos a transición cara a un sistema máis dependente dos pastos e biomasa natural e menos dependentes de grans, forraxes e pensos foráneos. Na agricultura, o pilar fundamental será a protección das terras fértiles e a súa conservación futura. No forestal, mudaremos as políticas públicas para alargar a suspensión de plantación de eucaliptos ata 2030 (actualmente está vixente ata 2025) e impulsaremos un novo modelo de bosque diverso. No relativo ao consumo, dentro desta Estratexia Alimentaria e de produción galega incluiremos medidas que fomenten o consumo dos nosos produtos ecolóxicos e de proximidade.

## **213. Incremento da agricultura ecolóxica**

Idearemos fórmulas de aproveitamento e autoabastecemento municipal e comarcal de alimentos para apoiar as produtoras e produtores que traballan en agroecoloxía, especificamente na horta familiar, e en pequenas e medianas explotacións. O noso horizonte é a transición agroecolóxica, desde unha perspectiva integral que non só incorpore a adecuación dos procesos productivos a criterios de sostibilidade, senón que garantice unha renda suficiente para agricultoras e agricultores e un salario xusto para traballadoras e traballadores, con redes de distribución o máis locais posibles.

Forneceremos mediante políticas activas a investigación e uso ecolóxico de plaguicidas, fertilizantes, técnicas de adaptación ao cambio climático e rexeneración do chan, así como fórmulas para a financiación e facilitación das prácticas ecolóxicas de pequenos emprendementos do rural. O obxectivo é programar políticas favorables para o desenvolvemento da agroecoloxía e para garantir a autonomía alimentaria. A focalización na agricultura ecolóxica e nas pequenas e medianas explotacións reflectirá un compromiso firme con prácticas agrícolas que son sostibles e respectuosas co medio ambiente.

## **214. Autoabastecemento Municipal e Comarcal**

Fortaleceremos a seguridade alimentaria a nivel local e comarcal desenvolvendo fórmulas para o autoabastecemento de alimentos a nivel municipal e comarcal. Apoiaremos os emprendementos rurais, con atención especial aos pequenos proxectos realizados desde a investigación, o uso ecolóxico de insumos e a facilitación de prácticas sostibles.

## **215. Recuperación de variedades autóctonas**

Impulsaremos un plan de recuperación e investigación sobre variedades autóctonas de sementes no que integraremos produtoras e produtores locais. Traballaremos para o establecemento dun Banco Galego de Sementes. Farémolo a partir do xa existente, que dotaremos de medios humanos e materiais e cuxo uso promocionaremos entre agricultoras e agricultores.

## **216. Recollida de restos orgánicos para fertilizante**

Promoveremos a implementación de contedores marróns comunitarios para a recollida dos restos orgánicos derivados de alimentos vexetais, froitas e restos de plantas nos fogares galegos que van contribuír á recuperación e implantación do fertilizante orgánico de terreos públicos ou privados.

## **217. Igualdade de oportunidades no territorio galego**

Concretaremos colectivamente a vontade de construír un país en rede. Un país descentralizado desde o punto de vista administrativo e un país que dote de recursos e servizo públicos as comarcas do interior. Deste xeito procuraremos frear o abanadono do rural galego e a fuxida continua de habitantes cara as grandes cidades e vilas do litoral galego, así como a marcha do talento mozo ao estranxeiro.

## **218. Banco de terras**

Recuperaremos a dinámica do Banco de Terras para facilitar o incremento da base territorial das explotacións e o acceso á terra de novas e novos agricultores. Favoreceremos así a vida no rural e a posta en marcha de producións sostibles e innovadoras no rural.

## **219. Revitalización poboacional do rural**

Crearemos unha nova división no propio Banco de Terras en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e dos concellos. Esta división estará dedicada á mobilización e recuperación do parque residencial rural e entre as súas funcións estarán as seguintes: aplicación ás vivendas rurais do enfoque BTG, inventario e seguimento oferta-demanda, definición de instrumentos de mobilización e apoio á rehabilitación e acondicionamento das vivendas xa existentes.

## **220. Outro modelo de Política Agraria Común (PAC)**

Reivindicaremos outro modelo de Política Agraria Común (PAC) que contribúa a corrixir os desequilibrios sociais e territoriais na agricultura europea, que favoreza as pequenas e medianas

explotacións e que priorice a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións territoriais da actividade agraria. Unha PAC que recupere mecanismos públicos de regulación e estabilización dos mercados e asegure relacións equilibradas entre as produtoras e produtores, as industrias e as cadeas de distribución. Unha PAC na que o apoio á renda das e dos produtores avance na liña de establecer unha axuda única por unidade de traballo en toda a UE, modulada en función de criterios sociais, ambientais e territoriais.

### **221. Apoio ao comercio de proximidade no rural**

Actualizaremos os programas de Comercio Rural Galego para favorecer con especial atención o comercio de proximidade no rural.

### **222. Plan de emprego para o rural**

Elaboraremos un plan de emprego público no rural que considere medidas como o reforzo das oficinas agrarias comarcais, centros de investigación agraria e centros de formación e extensión agroforestal que presten apoio tanto ás explotacións agrarias como aos montes en mancomún e aos proxectos de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. Crearemos liñas para prácticas en explotacións agrarias, liñas de axudas ao circulante e subvencións para a incorporación de novos activos agrarios. Iniciaremos procesos de colaboración do Bantegal cos concellos rurais para a xestión das terras dispoñibles. Ademais, e para incentivar a volta a estas vilas da xente moza, promoveremos a formación especializada de persoas descoupadas e xente moza en oficios para a rehabilitación das vivendas abandonadas. Posibilitaremos, a través de axudas ou bonificacións dos xuros hipotecarios, que poidan mercar estas vivendas ou casas rehabilitadas e contribuiremos a ampliar o parque de vivendas para alugueiro social dos concellos do interior.

### **223. Transporte público sostible no rural**

Garantiremos un transporte público sostible. Desenvolveremos un transporte de proximidade para a mobilidade sostible da poboación de interior mediante o bus a demanda e o uso habitual de trens de proximidade. Aproveitaremos para isto a rede de ferrocarril existente e as estacións de tren, hoxe infrautilizadas. Facilitaremos a conexión por estrada para o acceso aos servizos administrativos, comerciais e sanitarios entre as aldeas e as cabeceiras de comarca mediante o uso de microbuses. Melloraremos o mantemento das estradas e subvencionaremos unha parte das viaxes mediante o servizo público de taxis ás persoas maiores do rural.

### **224. Internet e wifi público rural**

Melloraremos a conectividade da rede de internet e wifi público mediante cable ou sistema satélite. Melloraremos a rede dos centros públicos de interese no rural e posibilitaremos conexións fiables con velocidades suficientes. Isto permitirá que as e os profesionais de sectores emerxentes poidan darse a coñecer en liña.

## Economía do mar

As rías galegas son unha fonte de riqueza moi importante para o noso país e a economía do mar ten un papel central no conxunto da economía galega. Este sector produtivo ten asociada unha gran cadea de valor, un volume moi alto de emprego e constitúe o motor económico de moitas zonas de Galicia. O sector da pesca galego achega o 70% da pesca fresca do Estado español eo 10% da comunitaria. Somos tamén unha das principais produtoras mundiais de mexillón e de rodaballo e o primeiro país en capacidade conserveira de Europa. Queremos recoñecer e impulsar a economía azul en clave de sostibilidade. Queremos conservar os nosos recursos para garantir o futuro e queremos defender en Europa a calidade e seguridade alimentaria dos nosos produtos do mar. A riqueza do mar ten que significar riqueza para a xente do mar. É preciso aproveitar o potencial e calidade dos produtos galegos para mellorar a calidade no traballo de quen os fan posibles.

### **225. Rexeneración das rías galegas**

Lanzaremos un Plan de rexeneración das rías galegas para protexer a súa capacidade produtora e os seus recursos naturais. É preciso contar cun plan de rexeneración das rías que integre e monitorice o conxunto de dimensións que afectan as mesmas e no que participen os axentes económicos e sociais do sector, así como as organizacións ecoloxistas.

### **226. Mellora das condicións laborais na acuicultura**

Impulsaremos unha mellora das condicións de traballo para as traballadoras e os traballadores do sector. Galicia é un dos principais produtores mundiais de mexillón e é o maior produtor de peixes planos (rodaballo e linguado) de todo o Estado. Con todo, as condicións laborais das traballadoras e traballadores do sector son moi mellorables. O potencial da nosa costa tense que traducir en traballos dignos.

### **227. Reforma dos protocolos de traballo do Intecmar**

Reformaremos os protocolos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) para que non se perdan tantos días de traballo no mar debido á falta de análises desta institución. Aumentaremos o seu persoal para poder traballar as 24 horas nos 7 días da semana. Esta é a única maneira de aumentar as tomas de mostras e a eficiencia na cadea de seguridade alimentaria, que é o obxectivo deste organismo. Os ingresos adicionais derivados do aumento dos impostos no sector, debido a un maior número de días traballados cun correcto funcionamento do laboratorio, compensará os custos de contratar ao persoal necesario.

### **228. Catálogo de enfermidades profesionais adaptado ao sector do mar.**

Modificaremos o catálogo de enfermidades profesionais para adaptalo ás necesidades do sector da economía azul e para apoiar a calidade do traballo e o recoñecemento das circunstancias específicas dos oficios da xente do mar. Recoñeceremos as duras condicións nas que se desenvolven estas profesións a nivel físico e psicolóxico.

### **229.Revisión das axudas ao sector marisqueiro**

Flexibilizaremos as condicións dos cesamentos e as axudas ao sector para que as persoas poidan acollerse a eles cando máis o necesiten. Por unha banda, flexibilizaremos as condicións para poder acceder ao cesamento de actividade e igualarémolo ao xeral das e dos autónomos. Teremos en conta a temporalidade do proceso extractivo e a particularidade das persoas recentemente incorporadas ao sector, que seguen a ser prexudicadas por quedar sen traballo e non tiveron tempo de xerar o dereito a cobrar o cesamento. Por outra banda, mudaremos as condicións de acceso ás axudas procedentes dos fondos FEMPA para que teñan en conta as particularidades do sector. Estableceremos que o período de resolución dos cesamentos e as axudas sexa moito máis curto. Marcaremos criterios claros para compensar o caos burocrático xerado pola mudanza de requisitos do ISM.

### **230.Plan de profesionalización das Confrarías galegas**

Planificaremos a profesionalización das Confrarías para que contén coa súa propia participación, coa finalidade de garantir a súa sostibilidade futura. As Confrarías están a pasar un proceso de actualización e modernización, máis acusada desde a pandemia, e son moitas as que teñen dificultades para manter gastos xerais e de persoal. Integrarémolas nas organizacións de produtoras e produtores para ser recoñecidas por Europa e poder obter recursos da UE. Liberaremos e orientamos este proceso, que xa están iniciando algunhas Confrarías de xeito individual, mediante a agrupación das mesmas.

### **231.Apoio ao relevo xeracional nos oficios do mar**

Realizaremos programas innovadores para activar o relevo xeracional. Programas que permitan facer prácticas nas embarcacións de baixura con trámites moi sinxelos, coa finalidade de que as persoas interesadas proben este traballo en primeira persoa antes de ter todas as titulacións necesarias que lles permitan patronear un barco.

### **232.Axudas á adquisición de embarcacións**

Lanzaremos axudas económicas para a compra de embarcacións de segunda man. Ampliaremos o tempo para a súa solicitude (dada a pouca demanda, deberían estar activas todo o ano cun orzamento anual fixo), a porcentaxe de subvención, e a idade que deben ter as persoas solicitantes.

### **233.Plan de Igualdade para as Confrarías**

Realizaremos unha actualización con perspectiva de xénero da Lei de Confrarías para recoñecer o papel das mulleres nas Confrarías e para que se poidan integrar políticas de igualdade e paridade nas mesmas. Á vista do que leva sucedendo nas últimas eleccións de Patroas e Patróns Maiores, Xuntas Xerais e Cabidos, isto será unha prioridade urxente.

### **234. Creación do Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro**

Tomaremos medidas urxentes no sector do mar para traballar na igualdade. O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade instar a Xunta a crear un Observatorio de Igualdade do Sector Pesqueiro que aínda non botou a andar por falta de orzamento e de interese.

### **235. Cambios na xestión dos encoros**

Os desencoros descontrolados foron os responsables do aumento da morte masiva de bivalvos neste último ano. Crearemos un protocolo de desencoro de maneira urxente que teña en conta as persoas que traballan dentro do mar e os recursos naturais que se extraen. Dito protocolo debe ter un sistema eficiente de avisos ás Confrarías nos momentos de desencoro, así como ter en conta as mareas e prever os posibles danos aos recursos naturais das rías. Obrigaremos as empresas que se benefician do uso da auga encorada a contratar un seguro que cubra os posibles danos persoais e económicos ás persoas que traballan máis aló da desembocadura no caso de que os protocolos non se cumpran ou, na súa ausencia, un sistema de multas axeitado, suficiente e eficiente que cubra todos os danos que poidan provocar.

### **236. Fin da minería contaminante das nosas rías**

En Galicia temos varias minas abandonadas ou en proceso de reapertura que seguen vertendo metais pesados ao mar, por iso retiraremos inmediatamente as concesións ás empresas mineiras contaminantes e pecharemos a porta a calquera actividade mineira futura que non cumpra estritamente con todas as leis medioambientais. Restauraremos e selaremos todas as minas sen actividade, así como restauraremos as escombreciras, presas mineiras e toda a contorna das minas. Crearemos un sistema de fianzas e multas, de obrigado cumprimento para as empresas mineiras, para cubrir os posibles danos que poidan provocar.



## Comercio e turismo

O sector servizos e, máis concretamente, as actividades comerciais e turísticas, son pezas clave na economía galega, cunha importante achega en materia de creación de riqueza e emprego. Trala crise da COVID mudaron os hábitos de consumo da cidadanía e segue a ser preciso establecer medidas de apoio por parte da Xunta de Galicia, en coordinación co resto das administracións, para a adaptación do pequeno comercio ás pautas de consumo actual e á transición dos negocios turísticos cara a modelos de explotación baseados en criterios de cooperación e sostibilidade. As políticas de promoción turística do goberno galego deben mudar cara a un modelo de turismo non predatorio do noso territorio, que non expulse a cidadanía nin outras actividades económicas do mesmo. É preciso renunciar a incrementar o número de visitantes de xeito voraz, limitar a explotación masiva dos nosos recursos ao tempo que se acompaña o sector nunha transición propia cara a modelos máis sostibles e en convivencia con outros usos sociais e económicos dos espazos do noso país. O comercio minorista compón as nosas paisaxes urbanas dotándoas de identidade propia, protexendo a calidade urbana das nosas vilas e cidades e contribuíndo a creación de espazos de convivencia máis saudables e activos. Forma xunto cos recursos naturais, patrimoniais e culturais do noso país tamén parte do atractivo turístico do mesmo, pero só na medida en que logremos manter unha identidade propia nestes negocios.

### **237. Comercio de proximidade, mellor**

Daremos un importante impulso ás economías locais, con especial atención ao comercio de proximidade de cidades, vilas e do rural. Crearemos programas, coxestionados cos concellos, para facilitar a vida nos barrios e vilas reducindo a necesidade de desprazarse para facer as compras. Valorizaremos a función do pequeno comercio como espazo de encontro, seguridade urbana e socialización. Nesta liña tamén actualizaremos os programas de Comercio Rural Galego. Cómpre, tamén, potenciar aquelas iniciativas motoras dos centros urbanos, como poden ser os centros comerciais abertos ou as prazas de abastos. Neste último caso consideramos, ademais, o seu valor para facilitar a venda de produtos de proximidade. Poremos fin ás políticas do PP en materia de comercio que teñen claramente as grandes superficies como beneficiarios exclusivos, empobrecendo un sector básico da economía e do emprego como é o pequeno comercio.

### **238. Competitividade socialmente responsable**

Impulsaremos un programa de competitividade comercial e turística socialmente responsable e sanitariamente seguro para contribuír a adecuar os servizos do sector aos novos requirimentos medioambientais, de transición enerxética e aos novos hábitos de compra da cidadanía. Para garantir o seu cumprimento, crearemos unha comisión permanente de traballo transversal entre as administracións galegas, axentes do sector do comercio e turismo, representantes sindicais e organización cívica, para analizar e decidir conxuntamente as medidas a implementar nun proceso de codeseño de políticas públicas aberto tamén á participación doutros axentes socioeconómicos do territorio.

### **239. Facilitar o acceso a locais comerciais**

Facilitaremos o acceso de proxectos comerciais a locais comerciais de propiedade ou xestión pública (Instituto Galego da Vivenda e Solo, XESTUR S.A., etc.). Mediante un sistema de moratorias de pagamento do alugueiro durante o primeiro ano de actividade e exencións do 50% para aqueles proxectos comerciais promovidos por persoas en risco de exclusión social.

### **240. Límites ao turismo de cruceiros**

Limitaremos o turismo de cruceiros porque este modelo turístico implica unha masificación e contaminación importante que é preciso avaliar e limitar na liña coas políticas que xa se están adoptando con éxito en cidades costeiras de todo o mundo. Limitamos así unha modalidade turística que xera elevados niveis de contaminación, destrución da biodiversidade e contribución ao cambio climático a escala global.

### **241. Acceso a espazos turísticos saturados**

Limitaremos o acceso de excursionistas a espazos turísticos masificados. Identificaremos os recursos turísticos saturados para restrinxir o acceso aos mesmos e garantir o seu futuro en colaboración coas entidades locais.

### **242. Selo de Turismo Verde**

Colaboraremos con certificadores independentes para establecer un selo de Turismo Verde, que garantirá a sostibilidade dos aloxamentos turísticos.

### **243. Axudas específicas, a fondo perdido, para o comercio**

Aprobaremos liñas de axudas específicas, a fondo perdido, destinadas a PEMEs, autónomas e autónomos e asociacións de comercio para o desenvolvemento de sistemas e ferramentas de comercio virtual, venta e promoción en liña, teletraballo... Así como para a formación e capacitación do persoal no seu uso, para a reactivación da actividade comercial, realización de campañas publicitarias, promoción do comercio local e de proximidade e de produtos feitos en Galicia; e para a creación e ampliación de asociacións comerciais que protexan e permitan unha maior cooperación entre o sector do comercio galego con un proceso de codeseño coas propias entidades.

### **244. Revisión das promocións e épocas de rebaixas**

Revisaremos a lexislación relativa a promocións, épocas de rebaixas, etc. que reducen a capacidade do pequeno comercio de competir coas grandes superficies.

### **245. Apoio financeiro a entes locais para o impulso comercial e turístico**

Poremos en marcha unha liña de apoio financeiro dirixida a entes locais para o mantemento e impulso da actividade comercial e turística nos municipios de Galicia e para a promoción do comercio local e os produtos de orixe galega. O pequeno comercio non é só un espazo de compra e venda, é un núcleo de encontro e cohesión social, especialmente relevante no medio

rural pero tamén moi importante nos ámbitos urbanos, polo que é preciso apoiar os concellos para dinamizar os espazos comerciais de proximidade. Isto pode facerse realizando actividades culturais abertas ao público, actividades educativas e de formación ou eventos de carácter solidario, accións todas que promovan un desenvolvemento integral de barrios, vilas e aldeas e un modelo de consumo responsable.

#### **246. Promoción do pequeno comercio e mellora empresarial**

Integraremos a promoción do pequeno comercio nas políticas de apoio ao emprendemento e á mellora empresarial. É necesario vincular o pequeno comercio ás políticas de fomento do emprendemento, apoio ás PEME e xestión territorial. Cómpre facilitar o acceso a mecanismos de financiamento e programas de formación e promover as políticas de relevo xeracional para que o comercio de proximidade desenvolva todo o seu potencial de creación de emprego, tanto no ámbito rural como no urbano, e para que contribúa á fixación de poboación no medio rural.

# Un proxecto de país vivo

---

**Sumar**  
**G**alicia

## Planificación do territorio

Planificar e ordenar o territorio galego é urxente para articular unha vertebración sostible e equilibrada de todo o país e para estruturalo en áreas urbanas, áreas metropolitanas e comarcas. Esta organización será o soporte racional para o desenvolvemento dun goberno eficaz e xerador de benestar e riqueza sostible, que combine as nosas potencialidades coas dos territorios limítrofes, nomeadamente no marco da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

### 247. Plan estratéxico de xestión territorial

Definiremos un Plan estratéxico que xestione socialmente os recursos naturais, infraestruturas, actividades económicas e extractivas, os valores paisaxísticos, medioambientais e culturais do territorio. Esta planificación delimitará os espazos humanizados para salvagardar as zonas naturais e identificará e localizará no espazo os conflitos para a súa reposta.

### 248. Actuacións na Galicia abandonada

Realizaremos un plan especial para actuar en áreas de declive demográfico, en áreas de especial complexidade urbanística e no ámbito costeiro. Apostaremos por unha política de reutilización de espazos, terras, solares e edificacións fronte a transformación de novos espazos naturais para urbanizar. Recuperaremos propiedades abandonadas, naves, polígonos, solares urbanos, etc. para a súa posta en uso, sexa mediante acordos coas súas promotoras ou vía expropiación se a propiedade non presenta donas ou donos definidos.

### 249. Zonificación sostible

Definiremos os límites dos espazos humanizados e respectaremos as zonas naturais e os seus espazos de interconexión, os corredores verdes, para que o territorio natural e o urbanizado coexistan con certa harmonía e respecto.

### 250. Coordinación das administracións

Aprobaremos unha Lei de Administración Local Eficiente que permita desenvolver unha estrutura territorial e unha coordinación das deputacións que asegure a eficiencia dos servizos públicos á cidadanía. Neste novo marco lexislativo, coordinaremos as estruturas administrativas existentes (concellos, deputacións...) e as estruturas con implantación en Galicia (comarcas, parroquias...) que permitan ter unha visión global, integral e coordinada do territorio e garantan a eficacia das iniciativas que a calquera nivel administrativo se pretendan desenvolver.

## Axenda urbana

As nosas cidades e vilas necesitan ter mecanismos axeitados para poder planificar e xestionar as súas necesidades e enfrontarse aos novos retos que a sociedade propón no seu día a día. Debemos, ademais, adaptarnos ás novas condicións e anticipar solucións para o cambio climático que afectará os nosos núcleos urbanos nos próximos anos. Estas necesidades deben impulsarse desde unha nova forma de facer política que integre os intereses sociais, económicos e ambientais e que sexa capaz de detectar necesidades e atopar solucións eficaces desde unha visión participativa e solidaria.

### 251. Impulso das Áreas metropolitanas

Desenvolveremos as principais Áreas metropolitanas de Galicia mediante un plan urbanístico e territorial como paso previo para a integración das súas infraestruturas e equipamentos. Consideramos esta unha acción necesaria para os municipios que as conforman. Para ir conformando as Áreas metropolitanas, impulsaremos inicialmente os consorcios metropolitanos de transporte, de xestión de residuos e de servizos sociais.

### 246. Plan de Xestión das Areas urbanas

Impulsaremos iniciativas específicas para as Áreas Urbanas de Galicia, cidades e vilas, como elementos necesarios para o equilibrio territorial. Teremos en conta as poboacións dos municipios da contorna e dotarémolas dos necesarios servizos e equipamentos reequilibradores para evitar a expansión especulativa e garantir a protección do valor dos solos.

### 247. Plan piloto para o impulso das cidades a 15 minutos

Estableceremos un plan piloto voluntario de **cidades a 15 minutos** para ver a súa viabilidade en áreas urbanas ou vilas e poder estendelo nun futuro. Este tipo de iniciativas axudan a reducir o tráfico dentro das cidades ou vilas e favorecen iniciativas de mobilidade sostible, favorecen a socialización e dinamización da vida de barrio, crean sentimento de comunidade, colaboran co mantemento e aumento do pequeno comercio, promoven a humanización e promoción de espazos verdes e de ocio común e axudan a desenvolver hábitos de vida máis saudables. Tamén é un factor de atractivo para a calidade de vida da cidadanía, estratéxico nas políticas de fomento da atracción e do retorno do talento.

### 248. Protección das Áreas Rurais

Desenvolveremos as Áreas Rurais de Galicia a partir das súas potencialidades económicas, culturais, patrimoniais, turísticas, ambientais e paisaxísticas. Estableceremos limitacións á súa transformación con infraestruturas e equipamentos especializados.

### 249. Conservación da paisaxe galega

Consideraremos a paisaxe galega e o patrimonio cultural de Galicia como un elemento de identidade do seu territorio que debe ser salvagardado e potenciado fronte a outros usos e

infraestruturas especializadas. Evitaremos os procesos de privatización a grande escala, sexa por infraestruturas enerxéticas ou de transporte.

## **250. Rexeneración urbana e loita contra a xentrificación**

Crearemos unha Estratexia galega de Rexeneración, Rehabilitación e Renaturalización urbana como peza base do impulso de estratexias urbanas institucionais desde a administración galega que impidan os procesos de xentrificación das cidades e de apropiación do espazo urbano por parte de actores con ánimo de lucro. Neste sentido, velaremos escrupulosamente pola salvagarda do ben común e o apoio ás persoas residentes e ao comercio local fronte a iniciativas que pretendan a súa substitución ao abeiro de procesos urbanísticos de mellora da escena urbana.

## **251. Agricultura Urbana**

Impulsaremos a vertebración da agricultura urbana, de xeito coordinado cos concellos, para mobilizar solares infrautilizados. Fomentaremos unha maior interrelación entre o urbano, o rural e o perirubano. Esta colaboración cos concellos resultará no aumento das hortas urbanas para uso gratuíto da poboación.

## **252. Redución da contaminación**

Daremos prioridade á consideración da problemática da contaminación atmosférica, lumínica e acústica como problemas graves de salubridade e habitabilidade das nosas vilas, aldeas e cidades. A mitigación destes problemas será un dos piares de calquera plantexamento urbanístico. A redución dos ruídos e iluminacións excesivas, residuais ou indirectas será un criterio a ter en conta para garantir o dereito ao descanso da cidadanía.

## **253. Calidade do hábitat construído**

En desenvolvemento da Lei de Arquitectura, velaremos pola calidade da arquitectura, xa sexa da de nova planta como da existente. Nesta liña, implementaremos plans para a mellora do hábitat construído e premiaremos as boas prácticas, nomeadamente das iniciativas innovadoras ou das orixinadas en colectivos veciñais. A administración galega realizará accións exemplares para a mellora da arquitectura dos edificios institucionais de Galicia.

## Usos do solo

Velar pola xestión pública do solo urbano e urbanizable para evitar a especulación ou o seu abandono será unha das prioridades do noso goberno galego. Así, a nosa acción de goberno, priorizará o interese común sobre o lucro privado e facilitará o acceso a espazos para proxectos de interese social e de vivenda pública.

### **254. Unha planificación urbana participada pola cidadanía**

Fomentaremos a participación activa da cidadanía nos procesos de planificación urbana, asegurando que as decisións reflectan as necesidades e intereses reais da comunidade. O acceso a unha vivenda digna nun contorno amable e comfortable, promover a rehabilitación integral das zonas históricas e dos barrios máis vulnerables, evitar a especulación do solo e a corrupción urbanística, conservar o patrimonio cultural construído e dos sinais de identidade, reforzar a seguridade xurídica e o cumprimento da normativa urbanística en condicións de igualdade para todas as persoas.

### **255. Rehabilitación de barrios e áreas degradadas**

Impulsaremos Plans integrais de rehabilitación en barrios e áreas territoriais desfavorecidas para a mellora do hábitat e a calidade de vida da cidadanía que as habita baseados en estudos sociais, económicos e medioambientais.

### **256. Establecementos turísticos**

Daremos o mesmo trato fiscal e administrativo aos procesos de implantación de pisos turísticos, que aos hoteis ou casas rurais. Deseñaremos un Plan de actuación que evite o impacto negativo do turismo en cidades históricas e vilas tradicionalmente turísticas incentivando o uso de vivendas, as rehabilitacións de inmobles, incluso a expropiación de edificios abandonados para a súa rehabilitación e alugueiro social.

### **257. Calidade de Vida**

Promoveremos un Plan que permita a convivencia nas cidades e vilas tradicionalmente turísticas asegurando o dereito ao descanso nas zoas especialmente ruidosas polo ocio nocturno. Desenvolveremos unha Lei propia da Arquitectura de Galicia, que a recoñeza como dereito das persoas e obrigue á administración a velar pola súa calidade, recalificando os espazos de calidade por debaixo dos estándares. Recuperaremos espazos comunitarios para o desfrute e coxestión da cidadanía organizada: apertura dos patios e espazos comúns de colexios, institutos, centros socioculturais, casas agrarias, etc.

### **258. Protección contra a recalificación por catástrofe**

Impediremos as recalificacións de terreos que teñan padecido unha catástrofe natural que deberán, pola contra, manter as súas condicións anteriores, instrumentándose accións públicas ecosociais para a súa rexeneración.



## **259. Atención á Galicia Abandonada**

Promoveremos o desenvolvemento local e sostible mediante a posta en valor das potencialidades comarcais para xeración de riqueza endóxena para procurar un desenvolvemento socioeconómico equilibrado en todo o territorio. Apostaremos por modelos de desenvolvemento que combinen a conservación dos valores ambientais deses territorios co aproveitamento eficaz dos recursos existentes. Contemplaremos as singularidades da alta montaña nas axudas derivadas da PAC incluíndo a definición territorial das áreas de montaña nas políticas de desenvolvemento rural.

## **260. Protección da terra fértil**

Consideraremos a superficie agraria como un recurso escaso e estratéxico que debe ser preservado como base da seguridade alimentaria, da biodiversidade e da orixe de materias primas básicas para a poboación.

## **261. Estratexias da terra productiva**

Desenvolveremos iniciativas que faciliten a mobilización de terras produtivas e impulsaremos os deslindes, inventario e cartografado dos montes veciñais en man común mediante un Servizo de Xestión de Terras de Galicia. Habilitaremos mecanismos necesarios para compensar en terra agraria a agricultores en procesos expropiatorios. Impulsaremos a xestión do minifundio con iniciativas innovadoras de xestión territorial, especialmente fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra e das acción de cooperación público-privada.

## **262. Montes en man común**

Revisaremos a Lei 7/2012 de 30 de xuño de Montes de Galicia cos obxectivos de reverter o proceso de abandono do mundo rural por parte dos traballadores do mesmo, xerar riqueza e dinamismo no territorio, preservar a seguridade alimentar, conservar o solo, manter o ciclo da auga e demais ciclos ecosistémicos, preservar a paisaxe e a biodiversidade, permitindo deste xeito que un mundo rural multifuncional diversifique as súas opcións, evitando, ademais, que sexa unha carga económica para o conxunto da sociedade, especialmente, en relación á loita contra o lume que bota por terra o futuro de todos.

# Vivenda

Desde o goberno galego avogaremos por facer efectivo o inalienable dereito das persoas a desfrutar dun fogar digno. Faremos da política de vivenda un asunto dunha centralidade máxima na gobernanza de Galicia e devolveremos á Xunta de Galicia a iniciativa de liderar as políticas que faciliten o acceso á vivenda a tódalas persoas, a un custo apropiado. Na actual liña europea da *Renovation Wave Strategy* e da *New European Bauhaus Movement* loitaremos contra os desafiuzamentos, mobilizaremos a vivenda baleira, rehabilitaremos a edificación obsoleta e aseguraremos a existencia de solo público para levantar vivenda pública.

## 263. Creación da Consellería de Vivenda

Crearemos a Consellería de Vivenda para visibilizar e afrontar de xeito integral a emerxencia residencial en Galicia, desde esta Consellería asegúrase a coordinación con concellos e departamentos de Servizos Sociais a nivel autonómico e local para a correcta implantación das políticas que faciliten o acceso á vivenda en condicións xustas, para aplicar o control de prezos que permite a nova Lei estatal, así como a simplificación de procedementos en todos os programas de axudas públicas ao alugueiro e outros trámites.

## 264. Emerxencia vivenda

Poñeremos en marcha o Programa “Emerxencia Vivenda” para asegurar o dereito universal á vivenda en Galicia. En Galicia existen tan só 3788 vivendas públicas fronte a unha demanda de 18000 vivendas. A administración galega promoverá vivenda pública en número suficiente para atender a demanda social existente cun compromiso de triplicar o parque público de vivenda durante a primeira lexislatura ata chegar ás 22400 no 2030.

## 265. Recuperar o liderado público na promoción de vivenda

Activaremos a administración galega para que sexa quen, ao abeiro da estatal Lei polo dereito á vivenda, lidere a política de vivenda, executando medidas exemplares como a creación dun banco de solo urbano para a construción de vivenda pública, en localizacións apropiadas que impidan a súa segregación espacial no territorio e impulsando o alugueiro social, cun programa específico para a Galicia baleirada para incentivo do poboamento.

## 266. Banco de Pisos

Inspirándonos no Banco de Terras, desenvolvermos un programa de rehabilitación de pisos nas cidades e vilas no que o goberno galego rehabilitará pisos gratuitamente a cambio da súa cesión, por un período de anos determinado, para crear unha bolsa de alugueiro social a un prezo accesible. Pasado ese prazo inicial de amortización do investimento público, a propiedade poderá recuperar a dispoñibilidade sobre a súa vivenda rehabilitada ou poderá deixala incorporada ao Banco de Pisos recibindo unha contraprestación económica por ese alugueiro.

## **267. Mobilización da vivenda baleira**

Ademais do Banco de Pisos, deseñaremos estratexias para a xestión do parque inmobiliario abandonado ou vacante, que é un vasto conxunto de máis de medio millón de vivendas. Contemplará medidas de posta en uso das edificacións coas de combate á especulación e outra de corrección do impacto da edificación abandona. Será obxecto de atención prioritaria a mobilización do parque de vivenda da SAREB para o seu uso público.

## **268. Vivendas públicas para emerxencias**

Habilitaremos, nas cidades e principais vilas, aloxamentos dotacionais públicos para situacións de emerxencia, con limitación da súa ocupación, pero que estean preparados para acoller de forma urxente a familias en risco ou en situacións de vulnerabilidade como é o caso das vítimas dos desafiuzamentos.

## **269. Plan contra os desafiuzamentos**

Activaremos un plan con perspectiva social contra os desafiuzamentos, apoiado na creación dunha oficina pública de intermediación con persoal suficiente nas catro provincias galegas.

## **270. Igualdade no acceso á vivenda e en todas as etapas da vida**

Favoreceremos a promoción de vivenda para os grupos de rangos de idade hoxe desatendidos. Isto é mocidade, especialmente en idade de emancipación, e maiores, tantas veces en situación de soidade non desexada. Desenvolveremos modelos de vivenda apropiados para eles, hoxe inexistentes na oferta pública. De cara a facilitar o acceso a vivenda dos menores de 30 anos, reservaremos un 20% das vivendas de promoción pública a xente xove inscrita como demandante de vivenda. Nesta mesma liña, a nosa pública de vivenda desde o goberno galego terá alcance universal, non excluírá por tanto a persoas en situación de vulnerabilidade ou precariedade.

## **271. Observatorio da vivenda**

Reformularemos o *Observatorio da Vivenda*, facendo del un instrumento activo, incorporando á totalidade dos axentes políticos, profesionais e sociais. Obrigarase a realizar un censo de vivenda pública e o seguimento do estado da oferta e da demanda, ofrecendo os seus datos á sociedade para o exercicio da rendición de contas.

## **272. Compromiso social na política de vivenda**

Impulsaremos estratexias de promoción de vivenda carentes de ánimo de lucro como o cooperativismo, a cesión de uso (*co-housing*) e a autopromoción, abrindo liñas de traballo en concorrencia con entidades de economía social.

## **273. Hábitat de máxima calidade**

Velaremos pola máxima calidade do hábitat construído, mellorando os estándares de vivenda pública e adaptando os modelos tradicionais que hoxe se ofertan ás necesidades actuais da

sociedade galega, desde unha perspectiva social e de xénero. Incentivaranse e premiaranse as boas prácticas de mellora e innovación do espazo habitable.

#### **274. Plan de choque contra a obsolescencia e infravivenda**

Activaremos un plan de choque para a rehabilitación da vivenda obsoleta e da infravivenda, ofertando axudas financeiras e técnicas. Porase o foco na mellora da accesibilidade vertical (programa de ascensores), o confort térmico, a refuncionalización de cuartos de baño e cociñas e a humanización de espazos comúns.

#### **275. Límites ás vivendas de uso turístico**

Regularremos e poremos límites aos alugueres de vivendas turísticas para intervir na oferta de pisos en aluguer de larga duración, que actualmente é moi baixa en zonas turísticas. Velaremos polo ben común das comunidades existentes, evitando alteracións que desequilibren a súa configuración actual por medio dun control legislativo da expansión da vivenda turística. Implantaranse cotas apropiadas para minimizar a interferencia na oferta de alugueiro non turístico e maximizar o respecto dos dereitos das persoas residentes na cidade.

#### **276. Límite do prezo da vivenda**

Limitaremos de forma efectiva o prezo máximo da vivenda, desde a regulación do prezo do solo sobre o que se constrúen.

#### **277. Mobilización de baixos comerciais**

Impulsaremos un plan de choque para mobilizar as plantas baixas en desuso dos edificios das nosas vilas e cidades, activando solucións innovadoras que inclúen a reformulación da oferta comercial e a busca de ideas arquitectónica que dean resposta aos severos impactos sociais e urbanísticos que a situación de abandono provoca.

#### **278. Vivendas para o estudiantado universitario**

Asinaremos convenios coa Igrexa, en todas as cidades con campus, para a rehabilitación de grandes edificios da súa propiedade para dotalos de prazas de residencia estudiantil. Deste xeito, ao tempo que se invisten fondos públicos para a rehabilitación de patrimonio histórico e monumental a recuperación dese investimento de fondos públicos realizarase mediante a cesión a medio prazo á Xunta de Galicia para ter unha bolsa de residencias para estudantes en todas as cidades.

#### **279. Plan de Rehabilitación de Vivendas para estudantes**

Poremos en marcha un Plan de Rehabilitación de Vivendas, para o seu destino ao aluguer polo colectivo estudiantil. Un plano no que a administración pública subvencione a rehabilitación de vivendas en troques de que estas sexan dedicadas eses 9 ou 10 meses a aluguer para estudantes a uns prezos regulados. Un modelo que ademais permitiría que os meses estivais a vivenda rehabilitada ficase libre.

# Mobilidade

Un sistema de mobilidade deseñado con criterio social pretende que as persoas, independentemente do lugar onde residan, da súa idade, capacidade económica, estado físico ou xénero poidan desfrutar en plenitude do seu estado de benestar.

Sumar implantará en Galicia un sistema de transportes público, eficaz e economicamente accesible. Un sistema que instaurará a xustiza espacial e corraxirá os desequilibrios territoriais. Un sistema que favorecerá o desenvolvemento sostible.

## 280. Un novo organismo para a mobilidade

Instituiremos unha Consellería de Mobilidade a cargo da planificación e a xestión do sistema público de mobilidade de Galicia. Traballará en concorrencia coas administracións con intereses coincidentes.

## 281. Unha mobilidade universal

Deseñaremos un plan de mobilidade universal, con perspectiva social e unha ben definida estrutura e adecuada intermodalidade, con tarifas bonificadas, progresivas (en función da renda), sostible financeira e socialmente e cun sistema horario amplo. O tren vertebrará o sistema de transporte e aseguraremos a intermodalidade dos diferentes tipos e redes de transporte. As persoas usuarias estarán implicadas a través de procesos participativos na definición do modelo.

## 282. Reformulación do sistema ferroviario

Reimpulsaremos a rede rexional e racionalizaremos a de media distancia. Isto implicará a mellora do servizo no tramo da Cornixa Cantábrica e nos de Lugo - A Coruña, Valdeorras - Monforte e Pontevedra - Valença. Traballaremos para facer real a conexión en alta velocidade Ferrol - Porto e a axilización da execución do tramo Lugo - Ourense. Estudaremos novas liñas como a da Coruña - Carballo - Corcubión, Lugo - Mariña Lucense ou a liña urbana de Ourense - Polígono de San Cibrao das Viñas.

Intensificaremos os traballos de execución do Corredor Atlántico para o transporte de mercadorías e incluiremos a súa conexión co porto exterior de Ferrol, así como o incentivaremos para o uso empresarial.

## 283. Rede ferroviaria autonómica de proximidade

Desenvolveremos unha rede ferroviaria de proximidade, de titularidade galega e que permita dar un servizo de mobilidade de proximidade para as persoas traballadoras. Achegaremos os polígonos, as grandes cidades e as áreas residenciais cun sistema económico, moderno e sostible. Esta rede aproveitará parte das infraestruturas xa existentes e en desuso, como o caso das vías do antigo Feve ou outras de Renfe. Desenvolveremos tamén novas infraestruturas para dar unha cobertura integral de transporte de cercanías en intermodalidade a toda Galicia.

## **284. Mobilidade metropolitana e comarcal**

Estableceremos plans locais de mobilidade para conectar as vilas cabeceiras comarcais coas súas áreas de influencia e as grandes cidades coas súas áreas urbanas, para mellorar a cohesión social das comunidades en beneficio do interese común. Prestaremos especial atención á mobilidade nas áreas urbanas, creando consorcios públicos para a xestión única do transporte, acompañado do deseño dun sistema de tranvía-metro lixeiro específico nas áreas de Vigo e A Coruña.

## **285. Modelo de mobilidade sostible**

Aliñados cos requirimentos das axendas ambientalistas globais, impulsaremos políticas de transporte público e políticas urbanísticas de transformación sostible de espazos urbanos. Impulsaremos a peatonalización e a implantación de medios de transporte pouco demandantes de enerxía.

## **286. Mobilidade na Galicia baleirada**

Executaremos de forma urxente e progresiva un plan especial de mobilidade que incluírá a implantación dun sistema ambulante de prestación de servizos públicos e o establecemento dun servizo de transporte baixo demanda nas áreas de menor densidade de poboación. Primaremos os vehículos eléctricos compartidos e implementaremos sistemas de vehículos compartidos impulsados pola propia cidadanía.

## **287. Accións innovadoras para a mobilidade do futuro**

Prorrogaremos de maneira indefinida a bonificación do transporte público e avanzaremos no deseño dun billete único con tarifas sociais e progresivas. Potenciaremos tamén a inescusable coordinación e optimización dos aeroportos de Galicia e crearemos unha plataforma pública galega de coche compartido. Favoreceremos aínda máis o uso do transporte público e a súa intermodalidade por medio dunha aplicación informativa que integre os datos de ferrocarrís e autobuses de toda Galicia e facilite o transporte intermodal.

## **288. Mobilidade en bicicleta**

Poremos en funcionamento un servizo de alugueiro de bicicletas eléctricas en todas as cidades e núcleos urbanos do país. Farémolo en colaboración cos concellos e integraremos na rede os servizos municipais preexistentes, que manterán a súa identidade. O sistema de tarxeta de abono será común a todo o país e permitirá o seu uso en calquera cidade da rede para facilitar a intermodalidade con outros transportes. Deseñaremos unha rede autonómica, en colaboración cos concellos, de carrís bici e puntos de estacionamento de longa duración nos grandes nodos de transporte que, ademais de facilitar a mobilidade urbana e interurbana, favoreza o cicloturismo.

## Transición enerxética

Galicia é un país con todas as potencialidades para ser un territorio resiliente que se adapte aos novos escenarios de emerxencia climática. A Galicia pola que traballamos desde Sumar aposta pola transición enerxética, aplicada de forma xusta, responsable e efectiva. Unha transición que non deixe ninguén atrás, que actualice o Pacto Verde Europeo á galega. O noso territorio, de grande riqueza natural, é un gran produtor e transformador de enerxía. O modelo da actual Xunta fai que Galicia estea a sufrir enormes impactos por esta condición e aínda así sexa deficitario en enerxía primaria. É necesario traballar nun modelo que garanta que a produción de enerxía que facemos teña un retorno social que sirva ao reinvestimento propio. Somos conscientes da grande riqueza do territorio galego e da urxente necesidade de cambiar o actual modelo enerxético, para o que apostamos por unha transición xusta que garanta a sostibilidade a partir das seguintes medidas:

### 289. Un novo modelo enerxético

Traballaremos para a redución do consumo. Apoiarémonos na creación dunha oficina de asesoramento legal e técnico de impulso de medidas de rehabilitación enerxética. Fomentaremos a investigación e ensaio de novas solucións para a mellora da eficiencia enerxética na edificación, nos sistemas de transporte e nos procesos produtivos.

### 290. Aforro enerxético na edificación

Impulsaremos o aforro enerxético na edificación por ser este o ámbito no que se rexistra un dos maiores consumos de enerxía en Galicia. Para isto, primaremos a rehabilitación e renovación do parque edificado fronte á nova construción e fomentaremos as tecnoloxías sostibles. Introduciremos criterios medioambientais nos impostos existentes, que supoñan un aliciente para a execución de obras de mellora da eficiencia enerxética nas edificacións, sempre primando os sectores máis desfavorecidos.

### 291. Oficina para a rehabilitación enerxética

Crearemos unha oficina de asesoramento legal e técnico para a implementación de medidas de rehabilitación enerxética. Fomentaremos as estratexias para a construción sostible que reduzan o consumo enerxético nas vivendas mediante o emprego de técnicas pasivas, xa que a enerxía máis limpa é a que non precisa ser producida. Promoveremos a investigación e ensaio de novas solucións para a mellora da eficiencia enerxética nos edificios mediante o incremento de coñecementos e competencias técnicas. Para iso será necesario aumentar a inversión en plans formativos universitarios que traballen sobre a eficiencia enerxética.

### 292. Xestión social da axenda verde

Impulsaremos un plan de actuacións para a erradicación da pobreza enerxética. Neste sentido, a eficiencia enerxética das vivendas asegurará os mecanismos apropiados para atallar a pobreza enerxética. De igual maneira garantiremos unha dotación mínima de auga potable (60/100L por

persoa ao día) e o compromiso de non cortar o seu subministro en casos de impago xustificado socialmente.

### **293. Operador público de enerxía renovable**

Crearemos un operador público de enerxía renovable que liderará a xestión da enerxía en Galicia. Este organismo irá asumindo as concesións hidroeléctricas existentes ao seu remate. Promoveremos a instalación de enerxías renovables (térmica e fotovoltaica) en todos os edificios institucionais.

### **294. Enerxía eólica**

Revisaremos con criterios de sostibilidade social, ambiental e económica o actual modelo eólico para que a implantación dos aerogeradores non implique a destrución dos nosos hábitats e para poder preservar o noso patrimonio natural, animal e paisaxístico. Apoiaremos a implantación de polígonos eólicos mariños sempre que sexan estritamente necesarios e viables, con estudos de impacto ambiental rigorosos e sempre en zonas que non afecten caladoiros pesqueiros e biodiversidade mariña, con especial coidado con aves migrantes e cetáceos.

### **295. Autoconsumo e comunidades enerxéticas**

Fomentaremos o emponderamento enerxético da cidadanía ao favorecer a creación de cooperativas para a xestión de comunidades enerxéticas locais ou doutros ámbitos e territorios. Isto contribuirá, sen dúbida, a que se democratice a xeración de enerxía e a transición enerxética responsable (o que repercutirá directamente nunha factura eléctrica máis económica). Promoveremos o autoconsumo enerxético e as comunidades enerxéticas mediante asesoramento, bonificacións e retribucións xustas. O autoconsumo e as comunidades enerxéticas serán unha vía preferente no obxectivo de achegármonos á soberanía enerxética de Galicia e á redución da construción de grandes infraestruturas de produción. Apostaremos polo investimento en novas tecnoloxías para o almacenamento enerxético, o que conlevará a creación de postos de emprego.

### **296. Novas fontes enerxéticas**

De cara a completar a transición enerxética, proporemos o desenvolvemento de fontes alternativas de produción como poden ser a minihidráulica con estruturas minimamente invasivas nos leitos de auga; a xeotermal, nas áreas termais galegas; e as centrais de biomasa cos restos forestais de poda ou de rozas de maleza.

### **297. Descarbonización e despetrolización**

Electrificaremos a nosa demanda como medio de abandono dos combustibles fósiles e a enerxía de fontes contaminantes. Buscaremos a electrificación mediante enerxía 100% renovable como obxectivo final. Mediante a enerxía eléctrica, Galicia poderá ser autosuficiente en recursos enerxéticos cando a substitución do petróleo nos medios de transporte e no ámbito doméstico se faga efectiva.



## Medio natural e biodiversidade

Debemos entender como sociedade que a natureza proporciona beneficios fundamentais para a vida. A perda de medio natural e biodiversidade ten efectos negativos sobre o noso benestar, afectando a aspectos da relevancia da seguridade alimentaria, a saúde, a vulnerabilidade ante desastres naturais, a seguridade enerxética ou o acceso ao aire e auga limpa. O respecto do medio natural, que permite a vida no planeta e a convivencia e coidado da biodiversidade é clave para garantir un futuro o máis parecido ao actual, no que os cambios da actividade humana se mitiguen. Nesta liña, desenvolveremos políticas que aseguren e combinen a protección e conservación da natureza, o desenvolvemento económico e a protección social coa consolidación e desenvolvemento do estado de benestar no noso país.

### 298. Aumento dos espazos protexidos

Cambiaremos o histórico déficit de protección dos nosos espazos naturais. Ampliaremos a superficie de cada espazo nun 15%, buscaremos a interconexión entre eles mediante corredores verdes e aumentaremos o seu grado de protección. Os plans de xestión deben ir encamiñados á recuperación dos hábitats orixinais, en colaboración coas comunidades asentadas nos mesmos, e coa sociedade civil activa e organizada cara unha ordenación territorial enfocada ao territorio multifuncional e ao mantemento das funcións dos ecosistemas.

Nos casos de protección do territorio, a Xunta optará, mediante acordo cos propietarios, facerse coa propiedade do mesmo.

### 299. Boas prácticas agroforestais

Impulsaremos un catálogo de boas prácticas agroforestais con axudas directas a labregos e labregos a modo de pago por servizos ambientais, como xeito tamén de fixar poboación, con especial axuda a aqueles que utilicen prácticas respectuosas co medio ambiente (agricultura sen pesticidas, rexenerativa, ecoloxica ou gandería extensiva). Abriremos procesos participativos coas Comunidades de Montes e co Sindicato Labrego Galego para propoñer e desenvolver iniciativas necesarias e eficientes de conservación do medio, mediante zonas de protección e uso de arborado autóctono. Orientaremos as axudas da PAC para priorizar e incentivar a conservación da biodiversidade, e as actividades mais respectuosas e sostibles de agrogandería.

### 300. Novos parques naturais e ampliación da rede Natura 2000

Crearemos os novos Parques naturais de Ancares-Courel, Carnota-Monte Pindo. Galicia, cun 11,8% da súa superficie protexida baixo a figura europea de espazos da Rede Natura 2000 ampliará a súa superficie ata igualar a media do estado, un 27,5%. En cumprimento cos requirimentos europeos, revisaremos o plan do 2011, presentado pero nunca aprobado pola Xunta de Galicia, e aumentaremos o grao de protección da Rede Natura Galega.

### **301. Protección do Mar e da biodiversidade mariña**

Demandaremos a modificación do POEM das cinco demarcacións mariñas españolas para incluír Zonas de uso prioritario para a protección da biodiversidade e pesca en caladoiros históricos e os principais caladoiros onde traballa a frota, limitando así outros usos con impactos negativos. No caso de Galicia, esta modificación resulta fundamental para evitar o desenvolvemento de instalacións eólicas mariñas nos espazos nos que habitan os principais caladoiros de peixe. Promoveremos iniciativas que favorezan a recuperación dos bancos de marisco e a recuperación da actividade de marisqueo colaborando co sector para mitigar os problemas que está a causar o cambio climático, asegurando o futuro do sector e das súas traballadoras.

### **302. Protección dos ríos e humedais**

Melloraremos de forma integral os ecosistemas fluviais e das Rías. Prevención da contaminación difusa, creación de zonas de protección contra a escorrentía agrícola nas marxes laterais dos ríos, filtros verdes... Fomentarase unha agricultura e gandería respectuosas co medio ambiente e fixaranse controis moi rigorosos sobre as industrias con maior incidencia contaminante no medio acuático. Impulsaremos programas de protección e restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos, e de restauración hidrolóxico-forestal das bacías, optando por solucións que minimicen os riscos e afeccións derivadas dos incendios forestais, e que contribúan a regular de forma natural as enchentes e a recarga de acuíferos. Aceleraremos o proxecto de recuperación da lagoa de Antela

### **303. Protección dos bosques**

Daremos protección especial e ampliaremos as masa arbóreas autóctonas como barreira da expansión dos incendios forestais así como a redución das continuidades das especie pirófitas deseñando franxas de prohibición de plantación das mesmas. Desenvolveremos un Plan integral para a formación e estabilización das cuadrillas forestais dotándoas de medios para prever e combater os lumes forestais de xeito eficaz. Impulsaremos unha estratexia integral para substituír as plantacións de eucaliptos por cultivos agrarios e árbores autóctonos seguindo os criterios estratéxicos marcados pola UE, atopando solucións que melloren a precariedade do rural galego

### **304. Estratexias medioambientais transversais**

Revisaremos todas as políticas sectoriais (agricultura, gandería, forestal, urbanismo, etc.) para facelas mais acidas coas necesidades ambientais actuais, de acordo con novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental e tendo en conta normas sectoriais que inciden na conservación. O goberno galego garantirá e esixirá a máxima calidade técnica aos Estudos de Impacto Ambiental (EIA), en calquera tipo de proxecto, especialmente os que afectan a solo rústico ou zonas en estado natural.

### **305. Axencia de coordinación de catástrofes ambientais**

Crearemos unha axencia de coordinación de catástrofes medioambientais sobrevidas por mor do cambio climático ou accidentes, que puidera integrar en caso de necesidade todos os medios locais, autonómicos e estatais (protección civil, brigadas, bombeiros, facer de nexos de unión con

UME, policía e guardia civil...) coa intención de dotar a axencia de alerta temperá de medios materiais e humanos para actuar de xeito rápido e eficaz.

### **306. Investigación medioambiental**

Contemplaremos dentro da Estratexia galega de I+D+i accións de financiamento para a investigación no campo da protección e recuperación da biodiversidade coas Universidades do SUG e a empresa galega.

### **307. Custodia do territorio**

Poremos en funcionamento a comisión de custodia do territorio como órgano asesor no desenvolvemento de calquera iniciativa. Será o principal garante para a conservación do patrimonio natural e cultural, e no uso sostible dos recursos naturais.

### **308. Convivencia e protección da fauna autóctona**

Elaboraremos un novo Plan para a xestión de convivencia co lobo e o Oso Pardo para asegurar a súa conservación e convivencia. Eliminación do lobo como especie cinxética de Galicia. Ademais, dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental, haberá un plan específico de educación ambiental relativo ao lobo e o oso. Así mesmo, definiremos un novo marco que permita axilizar, mellorar e actualizar as compensacións por ataques destes animais.

Revisaremos de xeito participativo o Catálogo de Especies Ameazadas e os seus Plans de Conservación e Recuperación. Aprobación nesta lexislatura dos plans de recuperación e Xestión de especies de animais en perigo ou en recuperación, como o caso do oso pardo e a aguia real e outras menos coñecidas pero igual de importantes como o sapoconcho común ou o arao.

### **309. Especies invasoras**

De xeito progresivo iniciaremos a eliminación de especies exóticas invasoras. Este Plan será dotado economicamente con fondos suficientes para alcanzar eses obxectivos. Tamén se incluírán os espazos protexidos e baixo a Rede Natura 2000, tanto animais como vexetais. No caso das especies invasoras sobre o dominio marítimo terrestre, competencia do Estado, a Xunta demandará que a Demarcación de Costas incorpore nos seus programas todas as medidas necesarias para a erradicación desas especies, incluso contemplar a colaboración coa iniciativa privada.

## Emerxencia climática

O cambio climático e o colapso ambiental é un problema potencialmente moi grave e con efectos importantes sobre a estrutura socio-económica galega que afectará ao noso sistema produtivo, ás nosas rías, aos nosos montes, cun esgotamento de recursos naturais que pode afectar á distribución da riqueza. Cómpre, polo tanto, un “novo pacto verde” en base a unha visión galega do territorio e dos recursos. Galicia debe ser un referente en transición ecolóxica afrontando a tripla transición dunha forma xusta e equitativa, sendo consciente de que a Xunta de Galicia ten competencias para poder facelo viable.

### **310. Lei Galega do Cambio Climático e Transición Ecolóxica**

Impulsaremos unha nova Lei Galega de Mitigación, Adaptación ao Cambio Climático e Transición Ecolóxica. Crearemos as condicións que permitan soportar os efectos negativos xerados polo cambio climático a nivel social, económico e ambiental. Esta Lei establecerá metas de redución de emisións do 55 % para 2030 en comparación con 1990 e emisións netas cero para 2040; ademais de metas de redución do consumo de enerxía primaria dun 40 % en 2050; e a meta de que a maioría da enerxía que consumimos sexa producida por fontes renovables.

### **311. Investimentos en investigación e resiliencia**

Estableceremos un marco de colaboración Administración, Empresa e Universidades do SUG e apoio ao I+D+i para favorecer a mitigación dos efectos do cambio climático.

### **312. Observatorio do Clima**

Promoveremos un organismo independente encargado de supervisar e avaliar o progreso en relación aos obxectivos climáticos e de transición enerxética que asesore na promoción de políticas e prácticas efectivas.

### **313. Agricultura e gandería mais sostible**

Preservaremos os sumidoiros de carbono impulsando unha agricultura e gandería que permitan a incorporación de materia orgánica ao chan e que empregue técnicas de produción ecolóxica que minimicen as emisións. Reconsiderar a política forestal galega, incidindo na captura de carbono e buscando solución ao grave problema dos incendios.

### **314. Novo pacto verde**

Deseñaremos un “novo pacto verde” en base a unha visión galega do territorio e dos recursos que permitan asegurar o desenvolvemento equilibrado e sostible do estado de benestar para todas as galegas.

## Benestar animal

Desde Sumar Galicia, a protección e o benestar dos animais son unha prioridade. Algúns comparten vivenda con nós, incluso traballos moitas veces, o que os fai pertencentes ao noso núcleo familiar e á nosa vida diaria. A Xunta de Galicia dirixida polo Sr. Rueda, amosou a súa disconformidade polas sancións impostas desde o Goberno central por seren desproporcionadas demostrando que rematar cos malos tratos animais non entra dentro das súas prioridades. Merecemos que en Galicia se coide os animais como se debe e Sumar Galicia traballará para que sexa unha realidade.

### 315. Lexislación sobre protección animal

Deseñaremos unha nova Lei de protección animal e convivencia responsable baseada na formación da sociedade e na mellora dos medios cos que conta a administración para asegurar o seu cumprimento. Apoiar medidas encamiñadas a aumentar e mellorar os medios actuais para loitar contra o maltrato animal e mellorar a formación do persoal a cargo.

### 316. Erradicación dos espectáculos con animais

Desenvolveremos un programa de apoio a reconversión de zoolóxicos e prazas de touros. Apoiamos o obxectivo de reintroducir aqueles animais que sexa posible liberar, e a conversión deses espazos en centros de recuperación de fauna e santuarios de animais que non teñen posibilidade de volver ao seu medio natural. Apostamos pola conversión das prazas de touros que aínda quedan activas en espazos públicos de uso lúdico.

### 317. Contra o abandono animal

Fomentaremos iniciativas que combatan o maltrato e o abandono. Desde Sumar Galicia cremos que a base para a loita está na sensibilización da súa cidadanía. No ano 2021 abandonáronse en Galicia 27.000 animais, e a porcentaxe segue medrando cada ano que pasa. Desde Sumar Galicia cremos que talleres, programas formativos nos colexios e divulgación nos medios de comunicación públicos son clave para erradicar o abandono e o maltrato.

### 318. Estratexia Galega de Protección Animal

Crearemos unha rede de axudas directas aos Concellos e ás entidades protectoras no seu labor encomiable para o benestar dos animais e para levar a cabo labores de concienciación. Entendemos que o noso deber como administración pública é coñecer as deficiencias do sistema e arranxalas. En Galicia temos infinidade de protectoras de animais que non reciben nin un euro da Xunta ou do seu Concello.

### 319. Control das Colonias Felinas

Crearemos un programa de apoio económico aos concellos, que pode ser de gran utilidade para axudar as entidades locais e asociacións de protección animal a manter un control responsable dos animais, tanto os recollidos como os da rúa, e mellorar o control das colonias felinas.

### **320. Control de especies invasoras**

Coordinaremos o esforzo a realizar entre as entidades locais e o goberno autonómico para o control das especies invasoras, executando de modo ordenado e sistemático os plans de control e garantindo a súa permanencia no tempo para que sexan eficaces.

### **321. Limitacións das actividades cinexéticas**

Prohibiremos as mal chamadas “competicións de caza de raposo” e “tiro ao pichón”, ou outras similares, e calquera subvención a actividades cinexéticas con fondos públicos. Limitaremos a idade legal a 18 anos para a participación en calquera actividade de caza, incluso a promoción de actividades e visualización de vídeos e documentais onde aparezan imaxes de caza para os menores.

### **322. Formación da inspección**

Formaremos os corpos de seguridade, ou demais corpos encargados de inspección, sobre as condicións dos animais domésticos e gandeiros e a implantación e esixencias da nova lei de benestar animal para que ésta poida levarse a cabo.

### **323. Apoio aos Coidados Veterinarios**

Solicitaremos a baixada do I.V.E veterinario de animais domésticos ao 10% para facilitar o acceso de todas as familias ao axeitado coidado dos seus animais.

### **324. Educación contra o maltrato**

Desenvolveremos medidas sensibilizadoras aproveitando as canles de comunicación públicas, como a TVG e Radio Galega, e con especial interese no desenvolvemento de campañas de finalidade educativa adaptadas aos diferentes niveis escolares e formativos. Non se permitirá a exposición ós menores de idade a actividades que supoñan crueldade ou sufrimento de animais, como as touradas e a caza.

# Sostibilidade

Galicia ten unha enorme potencialidade para xerar benestar e riqueza que non debe poñerse en perigo pola inacción dun goberno incapaz de entender a realidade galega e que deixa as decisións estratéxicas en mans de lobbies que só buscan o beneficio económico. Garantir a sostibilidade dos nosos recursos básicos (auga, medio agroforestal e mariño ou a nosa biodiversidade), entender a importancia do noso medio rural e mariño como base para unha seguridade alimentaria, ou ser consciente que Galicia é para as galegas, deben ser as prioridades de calquera Goberno. Nestes momentos de emerxencia climática e situacións xeopolíticas complexas, asegurar o futuro das vindeiras xeracións ten que ser un principio de acción para desenvolver calquera política

## **325. Estratexias medioambientais transversais**

Revisaremos e elaboración de todas as políticas sectoriais (agricultura, gandería, forestal, urbanismo, etc.) para facelas máis acaídas coas necesidades ambientais actuais, acorde con novas directivas/leis europeas/estatais de protección ambiental e tendo en conta normas sectoriais que inciden na conservación. Esixiremos a máxima calidade técnica aos Estudos de Impacto Ambiental (EIA), en calquera tipo de proxecto especialmente os que afectan a solo rústico ou zoas en estado natural.

## **326. Xestión pública da Auga**

Impulsaremos unha nova lei da auga para a protección deste recurso como un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade e da natureza, nunca entendida como mercadoría. Impulsaremos o desenvolvemento de mecanismos para a xestión pública do servizo de abastecemento e saneamento de augas. Nesta liña impulsaremos iniciativas de prevención que reduzan o mal uso de auga potable e faciliten o seu tratamento posterior.

Consideraremos os ríos e o litoral como unha parte fundamental da infraestrutura verde de Galicia, para dar continuidade aos espazos libres das cidades e vilas e como un elemento de identidade da súa paisaxe. Buscaremos innovacións en materia de infraestruturas que permitan non só a separación das redes de saneamento pluviais e fecais, senón que manteñan e devolvan a auga aproveitable ao chan e aos acuíferos (asfaltos drenantes, rúas "verdes", ...)

## **327. Melloras na xestión da auga**

Desenvolveremos un plan para a mellora das redes de depuración das augas para protexer os nosos acuíferos. Garantiremos unha dotación mínima (60/100L por persoa ao día) e o compromiso de non cortar o subministro en casos de impago xustificadamente. E estableceremos a obrigatoriedade de elaboración, implantación e seguimento de Plans de Xestión Sostible da auga para grandes consumidores.

### **328.Saneamento Integral dos Cursos Fluviais e das Rías**

Levaremos adiante un Plan de saneamento integral de todos os cursos fluviais coordinado co plantexado para as rías que garanta a depuración integral das verteduras urbanas e industriais, preferentemente mediante alternativas de tipo natural, eficiencia integral demostrada e baixo consumo enerxético, e unha atención equilibrada á prevención da contaminación en orixe en relación co tratamento.

### **329.Novos Plans de xestión e prevención de Residuos**

Elaboraremos novos Plans de xestión e prevención de residuos coa base na redución, reutilización e reciclaxe. Implementaremos un Plan de Xestión de Residuos Agrogandeiros e Forestais de Galicia coa colaboración público privada en colaboración co Estado. Tamén deseñaremos novos plans pilotos de xestión de residuos comarcais que aposten por medidas innovadoras que combinen a prevención e o tratamento efectivo dos residuos, non sempre de xeito centralizado, con redución en orixe dos residuos producidos.

### **330.Menos residuos e menos pegada de carbono**

Apostaremos pola compostaxe e recollida separada da materia orgánica. Desenvolveremos un plan para a eliminación dos plásticos dun só uso. Procuraremos unha menor pegada de carbono mediante a redución das distancias no transporte destes, apostando por principios de proximidade. Reforzaremos os servizos dos puntos limpos, ampliando o seu horario e os servizos prestados, para optimizar a recollida selectiva, ampliando a ratio de puntos limpos, de forma que se permita achegar unha infraestrutura estable para o reciclaxe especializado.

### **331.Plan de sensibilización para xerar menos residuos**

Impulsaremos campañas de sensibilización sobre a prevención de residuos e o abandono destes, favorecendo a concienciación ambiental e traballando contra os bulos. Fomentaremos a redución de xeración de residuos no comercio mediante a promoción da venda de produtos a granel e o uso de envases reutilizables.

### **332.Revisión do estado do sector da minería**

Revisaremos a estratexia mineira en Galicia para facela sostible e participativa, asegurando o futuro das zonas onde se desenvolvan este tipo de iniciativas extractivas e afrontando as necesidades que o coidado das nosas rías requiren na avaliación do sector.



# Un proxecto de país ambicioso

---

**Sumar**  
**Galicia**

# Autogoberno

Desde o recoñecemento do carácter nacional de Galicia, e a plurinacionalidade do Estado, consideramos que o noso país é un suxeito político que debe ter ferramentas que lle permitan exercer o seu autogoberno con garantías plenas. Para defender a nosa identidade como pobo e para garantir o benestar das persoas que vivimos aquí. Ferramentas que defendan os nosos intereses en todos os estamentos e institucións nas que participemos como país, ben sexan a nivel estatal ou europeo. Apostaremos por avanzar e actualizar o noso autogoberno, aumentando o actual marco competencial conxelado polos anos de goberno do PP.

## 333. Un novo Estatuto para o século XXI

Tras máis de 40 anos do actual Estatuto de Autonomía, impulsaremos un novo contrato territorial para Galicia, un novo impulso estatutario, que cristalice nunha mellora substancial do noso marco estatutario perfeccionando o marco competencial actual e establecendo unha axenda clara de novas transferencias. Apostaremos pola creación de novos instrumentos financeiros, económicos e sociais de carácter público que contribúan a fortalecer o noso autogoberno.

## 334. Novos dereitos sociais e ambientais

Nesta nova etapa do autogoberno, recoñeceremos novos dereitos sociais e cidadás, centrados especialmente nos coidados das persoas maiores, nos mozos, nas capacidades diferentes e nas persoas en risco de exclusión. Reforzaremos, tamén, o galego como lingua propia e oficial de Galicia. E ampliaremos o compromiso ambiental de Galicia, cara unha transición enerxética xusta e de firme loita contra o cambio climático, o compromiso feminista e a aposta por unha transición dixital ética e inclusiva como principios transversais do autogoberno de Galicia.

## 335. Marco competencial reforzado

Reforzaremos o marco competencial, especialmente en materia de ordenación e xestión do litoral, xestión financeira e tributaria, infraestruturas ferroviarias no territorio galego, policía autonómica e xustiza gratuita. Reclamaremos o funcionamento dunha comisión mixta de transferencias con calendario e instrumentos bilaterais nas materias estratéxicas para Galicia. Neste sentido, reclamaremos a transferencia urxente da xestión do Ingreso Mínimo Vital e da AP-9, así como a creación dun marco financeiro estable e suficiente para Galicia.

## 336. Acción exterior e autogoberno

Manteremos unha posición clara da acción exterior galega no que afecte as nosas competencias, e reforzaremos nas institucións da Unión Europea, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, nos países con presenza das comunidades galegas e no ámbito da Lusofonía.

## 337. Galicia estratéxica na gobernabilidade do Estado

Queremos unha Galicia estratéxica na gobernabilidade do Estado e que participe activamente na toma de decisións políticas nas institucións europeas, nas relacións con Portugal. Reafirmaremos a nosa identidade nacional, dentro de un modelo cooperativo e solidario estatal.

## Democracia e participación

O poderes públicos de Galicia deben asumir como reto un compromiso constante de mellora e reforzo da nosa calidade institucional e democrática, seguindo estándares internacionais, que sitúen a Galicia nunha posición de máxima transparencia, participación e compromiso cidadán. A loita contra a fraude e a corrupción constitúe unha estratexia ineludible na nosa calidade democrática.

### 338. Democracia participativa

Garantiremos mecanismos de democracia participativa como os Orzamentos Participativos ou os Consellos galegos de participación cidadá en saúde, educación, maiores, mocidade, rural, mar, deportes ou medio ambiente. Impulsaremos unha Lei galega de Participación Cidadá para fomentar a participación da cidadanía de Galicia na actividade lexislativa do Parlamento de Galicia.

### 339. Novo sistema electoral galego

O sistema electoral galego presenta dous factores principais de desigualdade: un a nivel provincial e outro na porcentaxe de voto para obter representación.

Por iso, impulsaremos a necesaria corrección democrática da Lei 8/1985 de Eleccións ao Parlamento de Galicia, reformada unilateralmente por Manuel Fraga en 1992, para reestablecer o 3% como voto válido por provincia para obter representación na Cámara. Tamén cómpre revisar a subrepresentación parlamentaria das provincias máis poboadas.

O sistema electoral de Galicia ten que asegurar unha máis proporcionada representación política e territorial do pobo galego.

### 340. Loita contra a corrupción

Impulsaremos **medidas Anticorrupción** mediante a regulación dos grupos de interese (lobbies), o reforzo dos mecanismos de protección das persoas denunciante de casos de fraude e a supresión do aforamento dos deputados e deputadas do Parlamento de Galicia previsto no Estatuto de Autonomía, mais preservando en todo momento que non poidan ser perseguidas polas opinións ou votos emitidos no exercicio das súas funcións representativas. Deberán de garantirse os necesarios mecanismos de colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia e reforzar as incompatibilidades dos altos cargos para evitar as “portas xiratorias”.

### 341. Fin das leis ómnibus

As medidas lexislativas que acompañen aos Orzamentos xerais anuais de Galicia limitaranse aos ámbitos fiscais e financeiros directamente relacionados coas previsións orzamentarias de cada exercicio económico, poñendo así fin á práctica consolidada polos gobernos do PP de aprobación de leis “ómnibus” que furtan o necesario debate lexislativo no Parlamento de Galicia.

### **342. Rendición de contas e transparencia**

Impulsaremos instrumentos institucionais independentes e parlamentarios en materia de Transparencia, Loita contra a fraude e Avaliación dos servizos públicos, como ferramentas fundamentais para contar con políticas públicas máis eficaces e eficientes e como elementos de profundización democrática, ao servir para a obrigada rendición de contas diante da cidadanía de Galicia. O control dos contratos públicos, o exercicio ético dos cargos públicos e unha necesaria revisión das entidades de “administración paralela” serán tamén obxecto de principal análise.

### **343. Xustiza de calidade e gratuíta**

Afondaremos na mellora da xustiza gratuíta en Galicia mediante unha regulación axeitada e suficientemente retribuída da relación de servizos do turno de oficio que prestan as e os profesionais da Avogacía e a Procura a través dos seus colexios profesionais. Un turno de oficio de calidade é garantía dunha efectiva tutela xudicial efectiva para toda a cidadanía que en Galicia ten o dereito á xustiza gratuíta.

## Financiamento e fiscalidade

Avogamos por unha reforma do financiamento autonómico xa no ano 2024, que se faga de xeito multilateral, no eido do Consello de Política Fiscal e Financeira; que resolva os problemas de deseño xeral acumulados no tempo; e que responda ás particularidades e necesidades de Galicia. Propoñemos medidas para esta reforma urxente do noso financiamento autonómico, para mellorar o benestar da cidadanía galega. Apostamos por medidas fiscais, dentro da marxe do noso autogoberno, para que cadaquén achegue en función dos seus ingresos. E crearemos unha fiscalidade verde na que se graven aquelas prácticas que sexan nocivas en contra do medio natural do noso país.

### 344. Máis recursos para termos mellores servizos públicos

Reclamaremos a reforma do sistema de financiamento autonómico en 2024, acabando coas posicións de bloqueo que mantén o Partido Popular. Defenderemos que esta reforma do modelo de financiamento sexa acompañada dunha profunda reforma fiscal en España, que nos aproxime á media de ingresos públicos da Unión Europea, o que permitirá un incremento significativo dos recursos públicos e polo tanto das transferencias ás CC.AA e nomeadamente a Galicia.

### 345. Financiamento suficiente e adaptada á realidade galega

Reclamaremos como principio básico da reforma do modelo a nivelación plena. Isto é, que inclúa a tódolos servizos que prestan as CC.AA. e non unha limitación aos denominados esenciais. Na reforma teñen quen ser ponderadas de modo acaído as variables de dispersión e envellecemento, dado que encarecen de forma significativa o custo dos servizos prestados.

### 346. Máis capacidade fiscal

A reforma debe potenciar a capacidade de xestión fiscal da Xunta de Galicia, un maior nivel de autofinanciamento, con cambios normativos nas diferentes figuras tributarias que amplíen a capacidade de autogoberno, entre elas a transformación da Agencia Tributaria Estatal actual nunha Axencia de carácter federal aberta á participación das axencias tributarias autonómicas.

### 347. Quen máis ten, máis paga

Defendemos o mantemento do Imposto de Solidariedade sobre as Grandes Fortunas co obxectivo de combater o *dumping* fiscal e os agasallos fiscais aos máis ricos que fan algunhas CC.AA, entre elas a galega, mentres non se reforme o modelo de financiamento con medidas que impidan estas prácticas.

### 348. Condonación e reestruturación da débeda pública

Aplicaremos a Galicia o xa acordado polo goberno central para a condonación de débeda das CC.AA co Estado, así como negociar un plan de reestruturación do resto da débeda, con prazos máis longos e un tipo de xuro mínimo.

### **349.Fondo de Compensación Interterritorial**

Apostaremos pola recuperación do potencial perdido polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) que podería incrementar en 1.000 millóns de euros os ingresos de Galicia, cada ano. Os 400 millóns de euros nos que se estiman os maiores recursos aportados polo FCI deben dedicarse ao investimento, pola propia natureza deste fondo. A súa finalidade sería polo tanto a capitalización do país, para impulsar un maior crecemento, con investimentos materias e inmateriais, en infraestruturas físicas pero tamén sociais. Os 600 millóns de euros estimados no financiamento ordinario dedicaríanse a un fin específico: o Plan de rescate da Atención Primaria da sanidade pública galega.

### **350.Fiscalidade verde**

Crearemos unha fiscalidade verde que grave, para desincentivar, as accións que agredan o medio ambiente, en particular un reforzo dos gravaméns sobre a contaminación atmosférica taxando as emisións de gases de efecto invernadoiro, o uso de enerxías non renovábeis, a xeración de residuos, as verteduras...)

### **351.Fiscalidade do xogo**

Ademais de revisar todas as licenzas actuais vinculadas ao xogo, habilitaremos un imposto especial que grave esta actividade económica en Galicia.

### **352.Fiscalidade das grandes superficies comerciais**

Crearemos un novo imposto que grave fiscalmente ás grandes superficies comerciais co obxectivo de crear un Fondo Galego de fomento do comercio de proximidade

### **353.Imposto de patrimonio**

Revisaremos o mínimo exento do imposto de patrimonio. Pasará dos actuais 700.000 euros a 500.000 euros.

### **354.Imposto Especial de Solidariedade para rendas elevadas**

Habilitaremos un imposto especial, dentro do tramo autonómico, que grave ás rendas máis elevadas, aquelas que se sitúan nun 150% da renda media.

### **355.Taxa turística**

Aprobaremos a lei que permita a aplicación da taxa turística, que será cobrada en colaboración coas entidades locais, co obxectivo de crear un Fondo de Fomento do Turismo sostible en Galicia. Esta taxa gravará as pernoctacións e axustarase ao tamaño e categoría de cada establecemento. Os fondos recadados serán investidos nese Fondo que se adicará a mellorar a sostibilidade e minimizar o impacto ecolóxico dos aloxamentos turísticos.

### **356. Axencia Tributaria Galega**

Redimensionaremos esta axencia para dotala de maior capacidade e funcionalidade para, desde ela, habilitar mecanismos de inspección para loitar contra a fraude fiscal e a economía somerxida

### **357. Bonificacións para as rendas baixas**

Habilitaremos bonificacións especiais para toda a poboación de rendas baixas, situadas por debaixo dun 30% da renda media, en todos os tributos recadados pola Facenda galega.

## Acción exterior e cooperación

Os próximos catro anos deben de ser o momento de normalizar e impulsar a Lei de Acción Exterior de Galicia e a Lei Paz Andrade para potenciar o consenso arredor da plusvalía que ten o perfil internacional de Galicia: somos unha das nacionalidades históricas do Estado, cunha diáspora que permite unha rede de contactos humanos, comerciais ou culturais, que poucos países poden exhibir. Para o desenvolvemento de medidas nesta liña precisamos dunha colaboración entre Galicia e o Estado, como fórmula de posicionamento en Europa e no mundo e de modernización do propio Estado.

Unha das consecuencias da recente Gran Recesión foi o desmantelamento da xa de seu raquítica, marxinal e insignificante política de cooperación ao desenvolvemento en Galicia. Actualmente, a Xunta de Galicia adica únicamente o 0,04 % do PIB a este compromiso, despois de ter recortado un 65% nos últimos 10 anos. En Galicia, como no resto das autonomías do Estado, os actores principais na execución da política de cooperación son as ONGDs e por tanto son así mesmo as receptoras da meirande parte dos fondos destinados a este fin. Partindo dunha situación na práctica da case inexistencia de estrutura e acción política relacionada, Sumar Galicia asume a responsabilidade e o compromiso de ofrecer un programa político en relación á Cooperación ao Desenvolvemento e á Axuda Humanitaria baseada nas seguintes medidas:

### 358. Estratexia Galega de Acción Exterior

Crearemos unha Secretaría Xeral de Acción Exterior na estrutura da Presidencia da Xunta de Galicia e Desenvolvemento dun Plan de Acción para a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) 2023-2027 que coordine as iniciativas de todos os departamentos da Xunta de Galicia, ordenando as convocatorias de internacionalización e a comunicación pública da proxección internacional de Galicia. Plan que conte con obxectivos e actividades avaliados e transparentes.

### 359. Galicia na Unión Europea

Potenciaremos a presenza e a participación de Galicia na Unión Europea e en outros organismos internacionais para defender os intereses da cidadanía galega e tratar os asuntos que nos afectan directamente como país. Os países americanos con forte presenza de comunidades galegas, os países da lusofonía e a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal serán ámbitos de especial preocupación e relación. Mellorar e elevar o status xurídico-político da actual Fundación Galicia-Europa.

### 360. Lusofonía e Lei Paz Andrade

Desenvolvermos un Plan Director da Lei Paz Andrade no marco do Plan de Acción para a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) con medidas concretas. Crearemos a Casa da Lusofonía, en colaboración co Ministerio de Asuntos exteriores no marco da diplomacia pública do Estado.



### **361. Plan Brasil e Plan China**

Executaremos un Plan Brasil e outro Plan China, como proxectos piloto de desenvolvemento da acción exterior de Galicia. Estes programas farán fincapé na coordinación de todos os esforzos institucionais-económicos que xa están a facerse desde hai décadas (desde os distintos departamentos da Xunta) e servirían de modelo para futuras iniciativas.

### **362. Galicia pola paz e os dereitos humanos**

Colocaremos o Parlamento de Galicia no centro da defensa dos dereitos humanos, e impulsaremos unha Valedoría do Pobo esixente cos dereitos e liberdades da cidadanía. Reivindicaremos os procesos urxentes de paz nas zonas en conflito bélico no mundo.

### **363. Cooperación ao Desenvolvemento**

Proporemos establecer como obxectivo principal da cooperación ao desenvolvemento a loita contra a pobreza baseada nas seguintes prioridades transversais: equidade de xénero, defensa dos Dereitos Humanos, sostibilidade ambiental e defensa da democracia. Como prioridades estratéxicas para todos os proxectos de cooperación proporemos a cobertura de necesidades básicas (saúde, auga e saneamento, educación, vivenda e seguridade alimentaria); mellora das capacidades económicas e produtivas (agroindustria, asociacionismo rural e actividades produtivas); e fortalecemento das estruturas democráticas e sociedade civil.

### **364. Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**

Potenciaremos campañas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que promoven a construción dunha cidadanía comprometida e crítica para fomentar a participación real e efectiva da sociedade. Non podemos perder de vista que polo simple feito de ser galegos e por tanto vivir dentro dos límites da Unión Europea, pertencemos ao 20% da poboación privilexiada deste planeta; a nosa sociedade céntrase nos problemas internos e pode chegar a esquecer a situación do outro 80% da poboación mundial, no que a pobreza, a miseria, a ausencia total do respecto aos Dereitos Humanos, a falta de estruturas, funcionamento e cultura democrática é xeralizada.

### **365. Axuda Humanitaria**

En canto á **Axuda Humanitaria**, proporemos como poboacións prioritarias de xeito estable, independentemente das crises humanitarias que xorden puntualmente, os Campamentos de Refuxiados Saharais en Tindouf (Arxelia) e os territorios ocupados Palestinos.

### **366. Axencia Galega de Cooperación Internacional**

Crearemos a Axencia Galega de Cooperación Internacional para acadar a necesaria mellora e consolidación dos procesos de modernización estratéxica e operativa da cooperación galega, deixando atrás a actual estrutura administrativa dentro da Xunta de Galicia. Será este organismo quen aglutine todas as tarefas relacionadas, cunha dotación de persoal profesionalizado. En todo momento deberá manter un nivel total de transparencia na súa xestión

### **367. Incremento do orzamento para Cooperación**

Para levar adiante esta proposta de programa, proporemos un incremento gradual do orzamento ao longo da lexislatura, deixando atrás o irrelevante 0,04% actual, pasando a 0,15 % no 2024, 0,20 % no 2025, 0,30 % no 2026 e 0,40 % no 2027. Ficando aínda moi lonxe do vello obxectivo do 0,7%, que sería obxectivo e horizonte a acadar nos seguintes anos.

### **368. Plan de acollida a persoas refuxiadas**

Elaboraremos un Plan de acollida a persoas refuxiadas que facilite o seu aloxamento e inclúa programas de formación e emprego. Neste plan incorporaremos especificamente o acollemento de persoas que foxen pola súa orientación ou identidade sexual e de atencións ás e os menores migrantes non acompañados que inclúa a transición á vida adulta das e dos menores tutelados pola Xunta de Galicia.

### **369. Mesa galega dos dereitos humanos**

Promoveremos a participación da sociedade civil neste compromiso solidario, creando un órgano específico de participación e rendición de contas ligado á aplicación da Axenda 2030 (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible - ODS) e poñendo en marcha unha Mesa de Dereitos Humanos no Parlamento de Galicia. Buscaremos tamén fomentar a participación dos municipios e deputacións galegas na política pública de cooperación ao desenvolvemento e promover o fortalecemento das súas capacidades neste eido.

### **370. Código ético dos medios de comunicación**

Impulsaremos, asemade, a redacción dun código ético dirixido aos medios de comunicación, especialmente os medios públicos, encamiñado a combater os estereotipos e prexuízos sobre as persoas migrantes.

## Sociedade da información

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) representan, na actualidade, a vangarda da innovación e as novas tecnoloxías. A súa rápida evolución e popularización, aproveitando a dixitalización e a conectividade, son un desafío para as nosas sociedades en múltiples campos: éticos, educativos, legais, económicos, etc. A medida que avanza estas tecnoloxías, precisaremos infraestruturas dixitais máis sólidas, conexións a Internet de banda larga e alta calidade, o respaldo, desde os gobernos e as institucións, a empresas, nomeadamente, microempresas e pemes, un plan de retención de talento e incremento dos investimentos en I+D+I, plans de formación e actuación social e o incremento da oferta educativa en todos os niveis.

Para poder aproveitar os beneficios económicos e sociais ligados a estas novas tecnoloxías debemos impulsar as competencias científicas e técnicas, mais tamén, establecer as políticas, os regulamentos e as infraestruturas necesarias para utilizar e adoptar estas tecnoloxías garantindo os usos éticos e a protección dos dereitos fundamentais da poboación. É necesario abordar as distintas fendas dixitais: de conectividade, de xénero, de clase, etc. Nomeadamente entre as zonas urbanas e as contornas rururbanas e rurais.

### 371. Gobernanza da Intelixencia Artificial

Impulsaremos medidas de gobernanza da IA, dado o seu impacto disruptivo e acelerado que está a supor nas nosas vidas e nos distintos sectores sociais e económicos a intelixencia artificial, Galicia debe contribuir estratéxicamente a unha gobernanza ética da IA e do acceso xusto aos datos da nosa cidadanía. O Sistema Universitario de Galicia, os centros tecnolóxicos, o relevante tecido TIC galego e a ubicación na Coruña da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA) son pancas que nos permiten asumir este compromiso esencial nesta transición dixital que non espera.

### 372. Dixitalización inclusiva

Favoreceremos instrumentos e mecanismos colaborativos para unha dixitalización inclusiva e ética, mediante a abordaxe de unha urxente Estratexia galega de dixitalización inclusiva.

### 373. Fenda dixital no rural galego

Superaremos a fenda dixital do noso rural garantizando o acceso universal a Internet. Apostaremos pola implantación dun servizo universal en todo o país, que se xestionará gradualmente e priorizando os territorios e capas sociais máis desfavorecidas. A fenda dixital agrava fortemente a desigualdade de oportunidades. Multiplicaremos as posibilidades económicas do país e o mantemento de emprego en determinados sectores e zonas en despoboación. Este Plan asumirá os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de ofrecer unha cobertura de, cando menos, 30 megabits por segundo para toda a poboación. Garantiremos a gratuidade do servizo até os 10 megabits/ segundo e o acceso a Internet en tódolos centros públicos.

## **CRTVG e o audiovisual galego**

O servizo público de comunicación audiovisual ten como misión fundamental garantir o acceso universal á información e contidos de calidade, cubrir as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega con programacións diversas, equilibradas e plurais e para todo tipo de públicos, con especial atención nos máis novos. Tamén debe contribuír á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade e da cultura galega e ao impulso da súa industria audiovisual. Un servizo público que ten, tamén, a responsabilidade de liderar o sector, mais este tamén está conformado por empresas de capital privado e traballadores e traballadoras que é preciso apoiar para mellorar, modernizar e incrementar a súas capacidades produtivas, a competitividade e a calidade do emprego. As medidas que presentamos afectan principalmente aos medios públicos que teñen que liderar o sector e empurralo a melloras substanciais, mais actuando desde o público podemos condicionar o resto do sector, mellorando a estabilidade laboral e os salarios, apoiando a creación e a produción e impulsando a industria audiovisual galega a medrar e acadar novos mercados.

### **374. Medios públicos de comunicación plurais e independentes**

Cumpriremos estritamente a actual Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Secasí será necesaria unha reforma e actualización desta para garantir que non se repita a situación actual de bloqueo na renovación de cargos, para que se garanta unha axeitada xestión orgánica, rendición de contas e a implementación mecanismos que aseguren a pluralidade e independencia da Corporación mais tamén dos seus traballadores e traballadoras no desempeño da súa función pública.

### **375. Un novo modelo para unha nova CRTVG**

Transformaremos o actual ente público da CRTVG nunha corporación de medios audiovisuais, reducindo e adecuando o organigrama e as retribucións de cargos directivos e estabilización do emprego temporal e das listas de contratación. Revisaremos o sistema de financiamento para dotalo de estabilidade a longo prazo. E incorporaremos ao Consello de Administración representantes das traballadoras e traballadores, da sociedade e dos sectores produtivos relacionados.

### **376. O audiovisual galego como sector estratéxico**

Recuperaremos o papel do audiovisual galego como sector estratéxico, así como o protagonismo da CRTVG como motor deste sector. Estableceremos plans de desenvolvemento e investimento a medio e longo prazo e converteremos a AGADIC nun verdadeiro organismo de impulso e promoción das políticas audiovisuais galegas e incrementar ás axudas á produción, talento e distribución. Ademais, intensificamos o diálogo e relación estratéxica entre as institucións audiovisuais, universidades, CRTVG, AGADIC, Filmoteca de Galicia, AGA e demais entidades relacionadas.

### **377. Transparencia e dación de contas na CRTVG**

Estableceremos un sistema de dación de contas que garanta a total transparencia (económica, laboral e social) de todo o sistema público audiovisual, así como dun sistema regular e transparente de concurso de proxectos. Nesta liña, elaboraremos un novo mandato marco de contratos-programa.

### **378. Menos publicidade e só en galego**

Reduciremos a publicidade nos canais públicos galegos e a súa emisión realizarase exclusivamente en galego.

### **379. Modernización e innovación audiovisual**

Racionalizaremos o gasto e modernizaremos a CRTVG (grella de programación, novas canles, dixitalización, estrutura, etc.) e crearemos un laboratorio de innovación audiovisual en cooperación coas Universidades Galegas. Poremos en funcionamento un repositorio con acceso público de producións financiadas con axudas públicas.

### **380. Mellor galego e máis portugués na TVG e RG**

Impulsaremos, incrementaremos e melloraremos o uso do galego (sen prohibir a nosa realidade dialectal) en toda a programación. Incrementaremos o intercambio de coñecemento e coproducción coa RTP en cumprimento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

### **381. Responsabilidade social da CRTVG**

A CRTVG ten a responsabilidade social coas galegas e galegos de seren a entidade que promova a información de calidade, veraz e contrastada, co asesoramento científico e técnico necesario para loitar contra a desinformación e as falsas noticias.

## Seguridade pública e emerxencias

A convivencia, a seguridade pública e a correcta xestión das emerxencias será un dos piares básicos da nosa acción de goberno. Nesta liña desenvolveremos unha intensa labor de regularización e de combate á precaridade de moitos dos corpos de emerxencias que traballan hoxe no noso país, como é o caso dos bombeiros. Tamén daremos un impulso aos plans e programas que respondan a criterios de igualdade, diversidade e xénero nos servizos de seguridade e emerxencias de Galicia. Establecendo un modelo propio de seguridade pública que terá súa base, tamén, na creación da policía galega.

### **382. Reversión das privatización e xestión pública das emerxencias**

Reverteremos os servizos de emerxencias para que sexan 100% públicos, co rescate dos mesmos e a finalización das privatizacións innecesarias e a subrogación coma persoal público nos ámbitos do 061, o CAE 112 e de Gardacostas.

### **383. Nova Lei de Emerxencias de Galicia**

Impulsaremos unha nova lei de emerxencias que permita a recondución do actual conflito dos parques comarcais, valorando as reivindicacións do colectivo. Os bombeiros comarcais en Galicia enfrontan desafíos significativos relacionados coa escaseza de persoal, salarios reducidos, falta de valoración de riscos e a intervención de empresas privadas. As solucións implican mellorar a dotación de persoal, reevaluar os salarios, implementar valoracións de risco, xestionar directamente os servizos e garantir a transparencia e a rendición de contas.

A revisión e actualización do mapa de emerxencias, tendo en conta a realidade galega. Incremento da implantación dos servizos necesarios para garantir un servizo de calidade en todo o territorio.

### **384. Corpo autonómico de bombeiros**

Crearemos un corpo galego de bombeiros onde se integrarán os actuais GES e comarcais. Os parques urbanos reforzarán as zonas de sombra onde sexa preciso. Dependencia do sistema de emerxencias da Xunta de Galicia baixo mando único, coa creación dun CAE integral e de xestión pública, o que esixe a revisión funcional da AGASP.

### **385. Mellor coordinación das policía locais**

Estableceremos mecanismos de coordinación para conseguir unha mellora substancial a favor das Policía Locais de Galicia. O actual Decreto 15/2023 de 12 de xaneiro que desenvolve a lei, deixou sen resolver varias cuestións de vital importancia para as Policía locais de Galicia e polo tanto, e por extensión, para o interese da cidadanía. Neste sentido, realizaremos un novo decreto que aborde a prevención de riscos laborais para as policía locais, para rematar coas eivas no referido a mobilidade, a Comisión de Coordinación de policía locais de Galicia non está a cumprir as súas funcións efectivas.

### **386. Formación e ampliación dos corpos de policía local**

Aumentaremos o número mínimo de efectivos da policía local a 1 oficial e 4 policías e prohibiremos as patrullas unipersoais por motivos de seguridade e calidade do servizo. Fomentaremos e colaboraremos máis intensamente cos Concellos en materia de Policía Local, facilitando accións formativas nos distintos concellos, subvencionando medios técnicos e materiais. Actualizaremos toda a normativa autonómica en materia de probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, en cuestións como a actualización do temario, sistema de elección de prazas e postos suplentes.

### **387. Creación da policía galega: a 'Garda'**

Depois de máis de 40 anos de autonomía, poremos en funcionamento, de xeito efectivo, un corpo de policía propio do goberno galego, previsto no artigo 27.25 do EAG, a diferenza doutras comunidades como o País Vasco, Cataluña ou Navarra. En Galicia a falta de iniciativa política de creación dunha policía autonómica tentou ser suplida cun convenio de adscrición de unidades da Policía Nacional á Comunidade Autónoma (UPA). Os medios destas unidades, en canto a efectivos humanos sempre teñen sido insuficientes, e as súas funcións e capacidades operativas limitadas, por falta de interese político do Partido Popular.

A "Garda", a policía autonómica galega, dará resposta a unhas necesidades de seguridade pública que hoxe non están atendendo nin Policía Nacional (cun ámbito de actuación limitado a cidades grandes e medianas), nin Garda Civil, con insuficientes medios humanos, nin as policías locais, inexistente na maioría de concellos rurais ou en moitos casos con cadros de persoal reducidos que imposibilitan a prestación dun servizo efectivo 24/7.

### **388. Despregue e modelo policial da Garda**

Despregaremos a policía autonómica de xeito gradual, sendo realistas e pensando que unha primeira promoción de policía podería estar preparada para o inicio dos seus cometidos en 2028; estes primeiros efectivos poderían ser complementados coa incorporación de policías nacionais ou gardas civís que optaran por incorporarse ao novo corpo. O modelo policial que desenvolveremos atenderá ás novas necesidades sociais, ao modelo poboacional de Galicia, altos estándares de formación tanto técnica como en valores, compromiso social e servizo público, políticas de prevención do delito, policía de cercanía, altas capacidades técnicas, coordinación coas outras forzas policiais e tamén coas forzas policiais portuguesas coas que compartimos fronteira.

### **389. Máis mulleres nos servizos de emerxencia e a seguridade**

Favoreceremos a incorporación de mulleres nos servizos de seguridade e emerxencias. Non se trata só dunha medida de xustiza para o acceso en igualdade ao emprego público, senón tamén dunha mellora dos servizos que ao fin son comunitarios, polo que debe traballarse na súa feminización. Para isto será necesario tamén analizar as probas de acceso e garantir un sistema homoxéneo nas mesmas. Constituiremos mesas técnicas de estudo para asegurármolos de que

os criterios de acceso non estean baseados en indicadores creados por e para homes nin, no caso das probas físicas, nas súas características corporais. Entendemos que deben responder ás necesidades reais das funcións e tarefas que deberán desenvolver nos postos de traballo aos que optan.

### **390. Igualdade e diversidade nas emerxencias e a seguridade**

Formaremos en igualdade e diversidade ao persoal do servizo de emerxencias e seguridade, e incorporaremos criterios sociais nos atestados e partes de intervención para deteccións de situacións de vulnerabilidade social. Cómpre recibir formación máis completa en materia de igualdade axeitada aos sectores. Os servizos de emerxencias e seguridade son dos que máis contacto teñen coa cidadanía en situacións extremas, polo que son moi bó acceso á poboación vulnerabilizada, con menos recursos sociais. Son servizos que poden detectar situacións non só de violencias machistas, senon de desigualdades sociais, de situacións de soidade non desexada, pobreza e exclusión.



# Municipalismo

O ámbito municipal, cada un dos nosos 313 Concellos, confórmase como o elemento nuclear de asentamento, convivencia e desenvolvemento persoal e colectivo, por iso debemos tomar as decisións necesarias para que a planta municipal, os niveis de equipamentos e prestacións de servizos, os sistemas de cooperación supramunicipal e as necesidades financeiras e fiscais da nosa Administración Local respondan as realidades socioeconómicas deste século XXI.

## **391.Mecanismos de nivelación de servizos**

Procuraremos mecanismos que garantan a necesaria nivelación de servizos, nunha detención da despoboación do interior e, en xeral, dos concellos máis rurais, potenciándoos e facéndoos atractivos. Debemos por outra parte, impulsar o dinamismo das áreas urbanas de Galicia, onde xa reside o 65% da nosa xente. Debemos de ter en conta as diferentes realidades das nosas entidades locais, superando os modelos clientelares que vén perpetuando o PP na acción no territorio e que non conseguen reverter a caída demográfica e a desigualdade territorial, e que por outra parte non apostan claramente por modelos urbanos sostibles.

## **392.Un novo Pacto Local para Galicia**

Consensuaremos, en consulta coa FEGAMP, un novo Pacto Local Galego e unha reforma modernizadora da Lei de Administración Local de Galicia, considerando inexcusablemente as necesidades do financiamento local na abordaxe do novo financiamento autonómico.

## **393.Fondo de cooperación local**

Incrementaremos o Fondo Local de Cooperación Básico, como fonte de financiamento regrada municipal (que o PP mantén conxelado desde o 2010) e no que se recolleran os recursos suficientes para financiar todas as competencias delegadas e improprias dos entes locais que actualmente están infradotadas economicamente. Ademais, reformularemos o Fondo Complementario, eliminando as subvencións opacas e partidistas e deixandoo exclusivamente para cuestións extraordinarias.

## **394.Revisión do sistema de financiamento**

En concordancia co anterior, impulsaremos, de xeito prioritario, a sempre aprazada revisión do sistema de financiamento local, que debe de acometerse en coordinación coa reforma urxente do marco de financiamento autonómico que propoñemos. A revisión do financiamento local, cun sistema municipal reforzado, permitirá unha provisión máis eficiente da carteira de servizos públicos galegos e un sistema institucional máis estable e corresponsable.